ESCOLA DE DOUTORAMENTO
INTERNACIONAL DA USC

Ana
Olveira Blanco

Tese de doutoramento

O MODELO COOPERATIVO COMO ORGANIZACIÓN QUE FAVORECE A PARTICIPACIÓN DAS MULLERES NA XESTIÓN EMPRESARIAL E NO EMPRENDEMENTO

Santiago de Compostela, 2022

Programa de Doutoramento en Economía e Empresa

TESE DE DOUTORAMENTO

O MODELO COOPERATIVO COMO ORGANIZACIÓN QUE FAVORECE A PARTICIPACIÓN DAS MULLERES NA XESTIÓN EMPRESARIAL E NO EMPRENDEMENTO

Ana Olveira Blanco

ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

PROGRAMA DE DOUTORAMENTO EN ECONOMÍA E EMPRESA

SANTIAGO DE COMPOSTELA

ANO 2022

DECLARACIÓN DO AUTOR/A DA TESE

D./Dna. **Ana Olveira Blanco**

Título da tese: **O modelo cooperativo como organización que favorece a participación das mulleres na xestión empresarial e no emprendemento**

Presento a miña tese, seguindo o procedemento axeitado ao Regulamento, e declaro que:

1) A tese abarca os resultados da elaboración do meu traballo.
2) De ser o caso, na tese faise referencia ás colaboracións que tivo este traballo.
3) Confirmo que a tese non incorre en ningún tipo de plaxio doutros autores nin de traballos presentados por min para a obtención doutros títulos.
4) A tese é a versión definitiva presentada para a súa defensa e coincide a versión impresa coa presentada en formato electrónico

E comprométome a presentar o Compromiso Documental de Supervisión no caso de que o orixinal non estea na Escola.

En **Vilagarcía** , **11 de Abril de 2022**.

Sinatura electrónica

AUTORIZACIÓN DE LA DIRECTORA / TUTORA DE LA TESIS

O modelo cooperativo como organización que favorece a participación das mulleres na xestión empresarial e no emprendemento

Dª. María Bastida Domínguez

INFORMA:

Que la presente tesis, se corresponde con el trabajo realizado por Dª. Ana Olveira Blanco, bajo mi dirección/tutorización, y autorizo su presentación, considerando que reúne los requisitos exigidos en el Reglamento de Estudios de Doctorado de la USC, y que como director de esta no incurre en las causas de abstención establecidas en la Ley 40/2015.

De acuerdo con lo indicado en el Reglamento de Estudios de Doctorado, declara también que la presente tesis doctoral es idónea para ser defendida en base a la modalidad de Monográfica con reproducción de publicaciones, en los que la participación de la doctoranda fue decisiva para su elaboración y las publicaciones se ajustan al Plan de Investigación.

En Santiago de Compostela, 11 de abril de 2022

A quen ensina a importancia das pequenas cousas.

A Xes e Roi.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

AGRADECEMENTOS

Cando se comeza a etapa de tese non se é consciente do longo e intenso camiño que se está por transitar. Un percorrido, que aínda individual, non se pode facer soa porque para chegar lonxe é preciso facelo acompañada. Este traballo que se plasma continuación non sería tal se non fose por todas as persoas que me acompañaron no proceso pero, tamén, por todas as que o dificultaron e fixeron máis complicada a investigación pois é na superación dos retos e nas adversidades onde realmente medramos como persoas, profesionais e tamén como investigadoras. Mais estas letras son para as primeiras, coas que fixen camiño ao seu carón.

Primeiramente, á miña directora e titora de tese a Prof. Dra. María Bastida. Grazas polo seu tempo e bo facer ademais da súa paciencia para con migo e os meus tempos, non sempre acordes aos que marca a academia. O seu ánimo e exemplo de constancia e sacrificio foron motivadores imprescindibles en todo o traballo investigador. A súa confianza no meu traballo e súa visión de necesario achegamento entre a academia e a sociedade foron as guías que marcaron esta proposta de investigación e que seguro estarán presentes nos vindeiros retos académicos nos que participe. Grazas por ensinarme a afrontar a investigación con rigorosidade e unha a mente aberta, estes principios acompañaranme nas seguintes etapas da miña carreira investigadora. Foi un pracer realizar este primeiro traballo de investigación da túa man.

Gustaríame agradecer ao tribunal de predefensa, as Profesoras Doutoras Isabel Neira, Mª Dolores Álvarez Pérez e Maite Cancelo Márquez pois os seus comentarios e recomendacións foron de moita axuda para a corrección final do meu traballo. Agradecer tamén aos investigadores doutores Justino Bastida e Pablo Crujeiras que tiveron a ben prestarme o seu tempo para a lectura e primeiras e valiosas correccións. Igualmente agradecer a todo o equipo do Programa de doutoramento de Economía e Empresa e a súa CAPD polo acompañamento en todo o proceso. Mención especial á Prof. Dra. Carmela Sánchez Carreira por facilitar ano a ano cada avance de resultados.

Cómpreme agradecer tamén ao Centro de Estudos Cooperativos – CECOOP e ao seu equipo directivo por permitirme formar parte dunha rede de persoas investigadoras especialistas no eido da economía social. O traballo de investigación non ten sentido se non forma parte dunha rede global que o arroupe e facilite e o CECOOP permitiume achegarme a ela. Outra das redes que acompañou este camiño foi a Rede de Jóvenes Investigadores en Economía Social – REJIES. Un espazo de encontro e intercambio de experiencias investigadoras que facilitan que as persoas investigadoras recen chegadas o fagamos de xeito acompañado á semellanza dos principios da economía social. Grazas a todas as persoas que o coordinades por mantelo vivo aínda con todos os custes, sobre todo de tempo, que iso supón. En especial agradecer ás profesoras doutoras e amigas Teresa Savall da Universidade de Valencia, Millán Díaz da Universidade Zaragoza e a Carmen Guzmán da Universidade de Sevilla. A primeira por introducirme na análise de orzamentos, Millán por propoñer novos retos e ensinarnos que a universidade pode ir da man da sociedade e a Carmen por ser exemplo de bo facer e de capacidade de traballo. A vosa xenerosidade á hora de compartir a vosa experiencia académica fan que hoxe esta disertación sexa posible.

Todo traballo de investigación precisa dun obxecto que estudar e analizar, dos datos precisos para realizar esta tarefa e da financiación para que se poda levar a cabo. Neste caso a Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social foi a peza fundamental que permitiu ambas cousas. Mais as entidades son as persoas que a forman e aquí cómpre nomear a Alba Paz a que fora Subdirectora Xeral de Economía Social ate febreiro de 2021 e que sempre atendeu as nosas diferentes peticións e actualizacións de datos así como favoreceu a investigación académica neste ámbito. Agradecer tamén ás diferentes unións de cooperativas

-AGACA e Espazocoop- que cos seus equipos técnicos e directivos axudaron na difusión da enquisa e polo tanto facilitasen que a investigación se levase a cabo. E como non , grazas a todas as persoas que dedicaron o seu tempo a cubrir o cuestionario e brindaron a súa experiencia emprendedora.

Sen dúbida uns dos momentos de maior aprendizaxe persoal para min foron os grupos de discusión. Foi un privilexio coñecer e partillar tempo con todas as persoas da academia, das cooperativas e das asociacións que participaron deles. Ana, Antonia, Loli, Mar, María José, Puri, Raquel e Ruth grazas polas vosas ensinanzas e por mostrarme a realidade a través das vosas experiencias.

A etapa de tese non é só na academia, é preciso que todo o teu entorno permita e facilite que este proceso se leve a cabo. Eu non estaría hoxe neste momento sen as miñas familias, así en plural. A primeira a biolóxica a que nos dá a natureza e a segunda e escollida, a que se vai facendo ao longo da vida e está formada por todas esas persoas coas que compartes momentos bos e malos. Destas últimas grazas ás abelurias por facilitarme un entorno laboral propicio para a investigación. Con compañeiras de traballo así todo é moito máis doado.

Ás que comezaron coma compañeiras de crianza que hoxe son moito máis: Sonia, Natalia e Judit, grazas por facilitar e compartir coidados e vida. Estas redes de apoio son imprescindibles para poder transitar cos menos renúncioos posibles. Se unha economía máis democrática é o meu obxecto de estudo é sen dúbidas por compañeiras coas que levo décadas ansiando un mundo mellor e máis xusto Bego, Brais, Oriana e Xiana. Espero que esta pequena contribución axude a conseguilo.

Outras das pezas chave en todo este proceso colectivo. Ao meu pai e miña nai pois eu son a persoa que son pola educación e valores que sementaron en min, por mostrarme que sempre é mellor facer o camiño acompañada e que os procesos colectivos son os realmente transformadores. Ás miñas irmáns pois delas levo aprendendo dende que naceron. Aos Meus padriños que nunca esqueceron a promesa feita hai máis de corenta anos e a toda a miña familia que por mor da emigración non podemos vernos o que quixéramos pero sempre nos temos presentes. Por último, aos meus fillos Xes e Roi, grazas por ensinarme día a día a desaprender, a escoitar e, sobre todo, lembrarme que o máis importante son as persoas e que os momentos son únicos e hai que vivilos con toda a intensidade que requiren. E, non podo esquecer ao meu compañeiro de vida, Ricardo, grazas polos tempos roubados e por camiñar ao meu carón todos estes anos.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

RESUMO

As recentes crises económicas -e, nomeadamente, a crise financeira de 2008-, evidenciaron os límites do modelo de desenvolvemento económico imperante, determinando a necesidade de cambio cara un novo paradigma de actividade que combine o crecemento económico e a sustentabilidade. As diferentes administracións recoñécenlle á economía social (ES) un potencial transformador que pode contribuír a conseguir ese cambio, o que explica a súa inclusión nos discursos e axendas institucionais nos últimos anos.

Pola súa banda, o emprendemento cooperativo Galicia ten un comportamento que se distinguen dos demais modelos empresariais nos últimos anos en dúas cuestións fundamentais: (1) conta cun aumento sostido en canto ao número de entidades; e (2) as porcentaxes de mulleres que escollen esta fórmula de emprendemento é maior que noutras fórmulas societarias. Ademais, as cooperativas son consideradas un modelo empresarial que sitúa no centro ás persoas e, polo tanto, no que prima o interese social fronte a maximización de beneficios.

Esta investigación ten como obxecto abordar estes dous ámbitos de estudo: o marco da ES como obxecto das políticas públicas, e a análise do emprendemento cooperativo como catalizador da igualdade de xénero. Esta dualidade de enfoque permite facer contribucións teóricas e prácticas en ambos eixos, ademais de axudar a comprobar empiricamente algunhas propostas teóricas previas.

No primeiro destes bloques de estudo determinase que Galicia conta cun ecosistema propio de políticas públicas para fomento e apoio da ES formado por tres eixos: legal, social e orzamentario. Este conxunto de elementos vivos e flexibles son revisados ano a ano pola Xunta de Galicia, entidade decisiva no seu funcionamento ao exercer, practicamente en exclusiva, o poder de establecer a dotación económica quedando pouco espazo para a cocreación de políticas públicas. Entre os instrumentos existentes para o fomento da ES galega destaca a Rede Eusumo, tanto pola súa durabilidade no tempo coma polo impacto exercido no territorio. Na súa análise identifícanse un conxunto de medias que poden mellorar esta Rede, destacando as seguintes:

- En canto á planificación e estrutura organizativas, deben mellorarse tanto o aliñamento horizontal coma vertical de programa e accións.
- Unha maior descentralización da Rede Eusumo pode contribuír a aumentar o compromiso das entidades socias.
- Aínda que a súa presenza no conxunto da ES foi aumentando progresivamente, detéctase que a Rede aínda pivota de xeito destacado sobre o cooperativismo. En consecuencia, cómpre acentuar o carácter integrador que subxace á Rede, para contribuír á promoción e desenvolvemento do conxunto do sistema de ES.

No que refire ao emprendemento cooperativo, a primeira parte da investigación céntrase na identificación dos factores de motivación que levan ás persoas a emprender escollendo esta fórmula empresarial. Os resultados preliminares permiten identificar catro grupos de factores interrelacionados; i) a filosofía subxacente do modelo cooperativo; ii) necesidades e expectativas individuais abordadas polo modelo cooperativo; iii) igualdade de oportunidades e iv) motores esóxenos. Estes factores infiren na decisión de escolla deste modelo empresarial por parte das persoas emprendedoras, sendo a influencia relativa de cada grupo diferente.

Cabe salientar igualmente que do resultado das entrevistas semiestruturadas despréndese a existencia dun modelo de xestión especialmente valorado polas mulleres. Este modelo xorde con maior claridade nas entidades cooperativas, nas que a dita xestión subxace de xeito espontáneo, podendo vir determinado pola primacía do principio de democracia interna. Tamén se observa unha atracción de talento feminino cara o modelo cooperativo, que pode estar determinada porque na escolla se priman outras vertentes ademais das económicas.

Os grupos de factores previamente referidos son modelados coma constructos. Na segunda parte da investigación, sométense a análise confirmatoria. Os resultados desta análise amplían o coñecemento existente sobre a importancia dos valores cooperativos -e, en particular dos principios cooperativos e a adecuación destes principios ás preferencias individuais de cada persoa promotora- como motores para o emprendemento colectivo e a creación de PEMES. Os resultados tamén revelan que as persoas emprendedoras perciben a materialización dos principios cooperativos como unha oportunidade para controlar o proceso de traballo e, a través disto, mellorar a concordancia entre a vida e o traballo, favorecendo deste xeito as súas necesidades individuais. Na liña das particularidades previamente comentadas, esta relación é máis intensa entre as mulleres que no caso dos homes.

Estes resultados suxiren que a orientación social das persoas, xunto coa referida adhesión aos principios cooperativos, poden considerarse un motor na elección do modelo cooperativo como fórmula societaria para emprender, asumindo que o seu goberno e xestión está guiado por prioridades diferentes ás que imperan noutros modelos empresariais orientados a maximizar o os beneficios. Este achado ten especial interese porque pon de releve a atracción que un modelo de xestión particular (neste caso, o cooperativo) pode ter na mellora das taxas de emprendemento dun territorio en particular.

Ademais, como se amosa no conxunto da presente investigación, o modelo cooperativo -e, en xeral, de todas as entidades da ES- é especialmente valioso para contribuír á xeración de emprego e riqueza con independencia de límites territoriais. A elo debe engadirse o seu característico uso de recursos endóxenos. En consecuencia, teñen probado o seu valor na distribución de riqueza e actividade económica, do que se deriva o seu rol impulsor de equilibrio e redistribución territorial e motor do desenvolvemento local. Paralelamente, entre os resultados obtidos da revisión teórica xorde con forza a conformación das entidades de ES coma organizacións especialmente resilientes, sobre todo en períodos de adversidade económica. Neste caso, as entidades de ES priorizan a realización de axustes nos seus resultados sobre os máis tradicionais exercidos vía emprego. Esta característica, xunto coa cogobernanza da xestión inherente ao cumprimento de principios e os valores implícitos nestas sociedades, converten ás entidades de ES en modelos de xestión de persoas e recursos que favorecen o emprego de calidade. Tal e coma se referiu previamente, todos os achados desta investigación reforzan o seu efecto e intensidade cando a análise se centra especialmente nas mulleres.

Unha lectura conxunta destes resultados sitúan ás entidades de ES (e, nomeadamente, ás entidades cooperativas) na senda de consecución dos obxectivos identificados na Axenda 2030 das Nacións Unidas, onde se identifican os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS). En concreto, estas organizacións teñen un papel protagonista no marco dos obxectivos máis vinculados coa actividade económica e empresarial, o ODS 8 (traballo decente e crecemento económico), ODS 10 (equilibrio e redución de desigualdades) e ODS 5 (igualdade de xénero). Esta aproximación reforza a pertinencia desta investigación.

En resumo, a través desta investigación ponse de manifesto que un modelo de actividade empresarial con especial arraigo na comunidade galega -as sociedades cooperativas- poden constituír unha fonte eficaz de emprendemento, contribuíndo á mellora da distribución territorial, ao uso de recursos endóxenos, e fomentando emprego de calidade. Un modelo societario con probada resiliencia a adversidades económicas, e cuxo modelo de xestión e funcionamento é especialmente atractivo para as mulleres. Un conxunto de organizacións, en última instancia, máis próximo a o sistema económico que debe primar no século XXI, circunscrito nun novo paradigma de actividade que combina o crecemento económico coa sustentabilidade.

RESUMEN

Las recientes crisis económicas -y, concretamente, la crisis financiera de 2008-, evidenciaron los límites del modelo de desarrollo económico imperante, determinando la necesidad de cambio hacia un nuevo paradigma de actividad que combine el crecimiento económico con la sostenibilidad. Las diferentes administraciones reconocen a la economía social (ES) un potencial transformador que puede contribuir a conseguir ese cambio, lo que explica su inclusión en los discursos y agendas institucionales en los últimos años.

Por su parte, el comportamiento reciente del emprendimiento cooperativo en Galicia se diferencia del identificado en otros modelos empresariales en dos cuestiones fundamentales: (1) se registra un incremento sostenido del número de entidades; y (2) los porcentajes de mujeres que escogen esta fórmula de emprendimiento es mayor que en otras fórmulas societarias. Además, las cooperativas son consideradas un modelo empresarial que sitúa a las personas como eje de su funcionamiento y, por lo tanto, en el que prima el interés social frente a la maximización de beneficios.

Esta investigación tiene como objeto abordar estos dos ámbitos de estudio: el marco de la ES como objeto de las políticas públicas, y el análisis del emprendimiento cooperativo como catalizador de la igualdad de género. Esta dualidad de enfoque permite hacer contribuciones teóricas y prácticas en ambos ejes, además de ayudar a comprobar empíricamente algunos planteamientos teóricos previos.

En el primero de estos bloques de estudio se determina que Galicia cuenta con un ecosistema propio de políticas públicas para fomento y apoyo de la ES formado por tres ejes: legal, social y presupuestario. Este conjunto de elementos vivos y flexibles son revisados año a año por la Xunta de Galicia, entidad decisiva en su funcionamiento al ejercer, prácticamente en exclusiva, el poder de establecer la dotación económica, dejando poco margen a la cocreación de políticas públicas. Entre los instrumentos existentes para el fomento de la ES gallega destaca la Red Eusumo, tanto por su durabilidad en el tiempo como por el impacto ejercido en el territorio. En su análisis se identifican un conjunto de medias que pueden mejorar esta Red, destacando las siguientes:

- En cuanto a la planificación y estructura organizativas, deben mejorarse tanto el alineamiento horizontal como vertical de programa y acciones.
- Una mayor descentralización de la Red Eusumo puede contribuir a aumentar el compromiso de las entidades socias.
- Aunque su presencia en el conjunto de la ES fue aumentando progresivamente, se detecta que la Red aún pivota de manera destacada sobre el cooperativismo. En consecuencia, hace falta acentuar el carácter integrador que subyace a la Red, para contribuir a la promoción y desarrollo del conjunto del sistema de ES.

En lo que se refiere al emprendimiento cooperativo, la primera parte de la investigación se centra en la identificación de los factores de motivación que llevan a las personas a emprender escogiendo esta fórmula empresarial. Los resultados preliminares permiten identificar cuatro grupos de factores interrelacionados; i) la filosofía subyacente del modelo cooperativo; ii) necesidades y expectativas individuales abordadas por el modelo cooperativo; iii) igualdad de oportunidades y iv) motores exógenos. Estos factores infieren en la decisión de elección de este modelo empresarial por parte de las personas emprendedoras, siendo la influencia relativa de cada grupo diferente.

Cabe destacar, igualmente, que del resultado de las entrevistas semi estructuradas se desprende la existencia de un modelo de gestión especialmente valorado por las mujeres. Este modelo surge con mayor claridad en las entidades cooperativas, en las que dicha gestión

subyace de manera espontánea, pudiendo venir determinada por la primacía del principio de democracia interna. También se observa una atracción de talento femenino hacia el modelo cooperativo, que pueden estar determinada porque en la elección se priman otras vertientes además de las económicas.

Los grupos de factores previamente referidos son modelados como constructos. En la segunda parte de la investigación, se someten a un análisis confirmatorio. Los resultados de este análisis amplían el conocimiento existente sobre la importancia de los valores cooperativos -y, en particular de los principios cooperativos y la adecuación de estos principios a las preferencias individuales de cada persona promotora- como motores para el emprendimiento colectivo y la creación de PYMES. Los resultados también revelan que las personas emprendedoras perciben la materialización de los principios cooperativos como una oportunidad para controlar el proceso de trabajo y, a través de esto, mejorar la concordancia entre la vida y el trabajo, favoreciendo de este modo sus necesidades individuales. En la línea de las particularidades previamente comentadas, esta relación es más intensa entre las mujeres que en el caso de los hombres.

Estos resultados sugieren que la orientación social de las personas, junto con la referida adhesión a los principios cooperativos, pueden considerarse un motor en la elección del modelo cooperativo como fórmula societaria para emprender, asumiendo que su gobierno y gestión está guiado por prioridades diferentes a las que imperan en otros modelos empresariales orientados a la maximización de beneficios. Este hallazgo tiene especial interés porque pone de relieve la atracción que un modelo de gestión particular (en este caso, el cooperativo) puede tener en la mejora de las tasas de emprendimiento de un territorio en particular.

Además, como se muestra en el conjunto de la presente investigación, el modelo cooperativo -y, en general, de todas las entidades de la ES- es especialmente valioso para contribuir a la generación de empleo y riqueza con independencia de límites territoriales. A ello debe añadirse que se caracterizan por el uso de recursos endógenos. En consecuencia, han probado su valor en la distribución de riqueza y actividad económica, del que se deriva su rol impulsor de equilibrio y redistribución territorial y motor del desarrollo local. Paralelamente, entre los resultados obtenidos de la revisión teórica surge con fuerza a conformación de las entidades de ES como organizaciones especialmente resilientes, sobre todo en períodos de adversidad económica. En este caso, las entidades de ES priorizan la realización de ajustes vía resultados sobre los más tradicionales ejercidos vía empleo. Esta característica, junto con la cogobernanza de la gestión inherente al cumplimiento de principios y los valores implícitos en estas sociedades, convierten a las entidades de ES en modelos de gestión de personas y recursos que favorecen el empleo de calidad. Tal y como si refirió previamente, todos los hallazgos de esta investigación refuerzan su efecto e intensidad cuando el análisis se centra especialmente en las mujeres.

Una lectura conjunta de estos resultados sitúa a las entidades de ES (y, concretamente, a las entidades cooperativas) en la senda de consecución de los objetivos identificados en la Agenda 2030 de las Naciones Unidas, donde se identifican los Objetivos de Desarrollo Sostenible (ODS). En concreto, estas organizaciones tienen un papel protagonista en el marco de los objetivos más vinculados con la actividad económica y empresarial, el ODS 8 (trabajo decente y crecimiento económico), ODS 10 (equilibrio y reducción de desigualdades) y ODS 5 (igualdad de género). Esta aproximación refuerza la pertinencia de esta investigación.

En resumen, a través de esta investigación se pone de relieve que un modelo de actividad empresarial con especial arraigo en la comunidad gallega -las sociedades cooperativas- pueden constituir una fuente eficaz de emprendimiento, contribuyendo a la mejora de la distribución territorial, al uso de recursos endógenos, y fomentando empleo de calidad. Un modelo societario

con probada resiliencia a adversidades económicas, y cuyo modelo de gestión y funcionamiento es especialmente atractivo para las mujeres. Un conjunto de organizaciones, en última instancia, más próximo al sistema económico que debe primar en el siglo XXI, circunscrito en un nuevo paradigma de actividad que combina el crecimiento económico con la sostenibilidad.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ABSTRACT

The recent economic crises - and specifically the 2008 financial crisis - highlighted the limits of the prevailing economic development model, determining the need for change towards a new paradigm of activity that combines economic growth with sustainability. The different administrations recognise that the social economy (SE) has a transformative potential that can contribute to achieving this change, which explains its inclusion in institutional discourses and agendas in recent years.

For its part, the recent behaviour of cooperative entrepreneurship in Galicia differs from that identified in other business models in two fundamental ways: (1) there has been a sustained increase in the number of organisations; and (2) the percentage of women who choose this form of entrepreneurship is higher than in other corporate formulas. Moreover, cooperatives are considered to be a business model that places people at the heart of its operation and, therefore, in which social interest takes precedence over profit maximisation.

This research aims to address these two areas of study: the framework of the SE as an object of public policy, and the analysis of cooperative entrepreneurship as a catalyst for gender equality. This duality of approach allows theoretical and practical contributions to be made on both axes, as well as helping to empirically test some previous theoretical approaches.

In the first of these study blocks, it is determined that Galicia has its own ecosystem of public policies for the promotion and support of the SE made up of three axes: legal, social and budgetary. This set of living and flexible elements is revised year after year by the Xunta de Galicia, a decisive entity in its functioning as it exercises, practically exclusively, the power to establish the economic endowment, leaving little room for the co-creation of public policies. Among the existing instruments for the promotion of the Galician SE, the Eusumo Network stands out, both for its durability over time and its impact on the territory. The analysis identifies a series of measures that could improve this network, the most important of which are as follows:

- In terms of planning and organisational structure, both the horizontal and vertical alignment of programmes and actions should be improved.

- A greater decentralisation of the Eusumo Network can help to increase the commitment of partner organisations.

- Although its presence in the SE has been progressively increasing, it is noticeable that the Network is still heavily based on cooperatives. Consequently, the Network's underlying integrative nature needs to be accentuated to contribute to the promotion and development of the SE system.

As far as cooperative entrepreneurship is concerned, the first part of the research focuses on identifying the motivational factors that lead people to choose this form of entrepreneurship. Preliminary results allow us to identify four groups of interrelated factors; i) the underlying philosophy of the cooperative model; ii) individual needs and expectations addressed by the cooperative model; iii) equal opportunities and iv) exogenous drivers. These factors influence the entrepreneurs' decision to choose this business model, with the relative influence of each group being different.

It should also be noted that the results of the semi-structured interviews show the existence of a management model that is particularly valued by women. This model emerges most clearly in co-operative organisations, where this management model is spontaneous and may be determined by the primacy of the principle of internal democracy. There is also an attraction of

female talent to the co-operative model, which may be determined by the fact that the choice is based on other aspects in addition to economic ones.

The groups of factors mentioned above are modelled as constructs. In the second part of the research, they are subjected to a confirmatory analysis. The results of this analysis extend the existing knowledge on the importance of cooperative values - and in particular of cooperative principles and the matching of these principles to the individual preferences of each promoter - as drivers for collective entrepreneurship and the creation of SMEs. The results also reveal that entrepreneurs perceive the materialisation of cooperative principles as an opportunity to control the work process and, through this, to improve work-life balance, thus favouring their individual needs. In line with the particularities previously discussed, this relationship is stronger among women than in the case of men.

These results suggest that the social orientation of individuals, together with the aforementioned adherence to co-operative principles, can be considered a driving force in the choice of the co-operative model as a corporate formula for entrepreneurship, assuming that its governance and management is guided by different priorities to those prevailing in other profit-maximizing business models. This finding is of particular interest because it highlights the attraction that a particular management model (in this case, the cooperative) can have in improving entrepreneurship rates in a particular territory.

Moreover, as shown throughout this research, the cooperative model - and, in general, that of all SE entities - is particularly valuable in contributing to the generation of employment and wealth irrespective of territorial boundaries. In addition, they are characterised by the use of endogenous resources. Consequently, they have proven their value in the distribution of wealth and economic activity, from which derives their role as a driving force for territorial balance and redistribution and as an engine for local development. At the same time, among the results obtained from the theoretical review, the conformation of SE entities as particularly resilient organisations emerges strongly, especially in periods of economic adversity. In this case, SE entities prioritise the implementation of adjustments via results over the more traditional ones exercised via employment. This characteristic, together with the co-governance of management inherent in compliance with the principles and values implicit in these societies, make SE entities models of people and resource management that favour quality employment. As previously mentioned, all the findings of this research reinforce their effect and intensity when the analysis focuses especially on women.

A joint reading of these results places SE organisations (and specifically co-operative organisations) on the path to achieving the objectives identified in the United Nations 2030 Agenda, where the Sustainable Development Goals (SDGs) are identified. Specifically, these organisations play a leading role in the framework of the goals most closely linked to economic and business activity, SDG 8 (decent work and economic growth), SDG 10 (balance and reduction of inequalities) and SDG 5 (gender equality). This approach reinforces the relevance of this research.

In summary, this research shows that a business model with special roots in the Galician community - cooperative societies - can be an effective source of entrepreneurship, contributing to the improvement of territorial distribution, the use of endogenous resources, and fostering quality employment. A corporate model with proven resilience to economic adversity, and whose management and operating model is particularly attractive to women. A set of organisations, ultimately, closer to the economic system that must prevail in the 21st century, circumscribed in a new paradigm of activity that combines economic growth with sustainability.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

LISTADO DE ABREVIATURAS

ACI	Alianza Cooperativa Internacional
AEIGA	Asociación de empresas de Inserción de Galicia
AESGAL	Agrupación empresarial de sociedades laborais de Galicia
AGACA	Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentarias
AVE	Varianza Media Extraída
CCAA	Comunidades Autónomas
CE	Constitución Española
CECOOP	Centro de Estudos Cooperativos
CEE	Centros Especiais de Emprego
CEGASAL	Asociación empresarial galega de centros especiais de emprego sen ánimo de lucro
CEP-CMAF	Conferencia Europea Permanente de Cooperativas, Mutualidade, Asociacións e Fundacións
CEPES	Confederación Española de Empresas de Economía Social
CGC	Consello Galego de Cooperativas
CGES	Consello da ES de Galicia
CNCP	Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais
CNLAMCA	Comité Nacional de Ligazón das Actividades Mutualistas, Cooperativa e Asociativas
COCETA	Confederación Española de Cooperativas de Trabajo
DOG	Diario Oficial de Galicia
EIL	Empresas de Inserción Laboral
ES	Economía Social
FEDER	Fondo de Desenvolvemento Rexional
FESE	Fondos de Emprendemento Social Europeo
FGAMP	Federación Galega de Municipios e provincias
FGES	Foro Galego pola ES
GALP	Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro
GDR	Grupos de Desenvolvemento Rural
HTMT	Correlación heterotrait-monotrait
IGE	Instituto Galego de Estatística
INE	Instituto Nacional de Estatística
KMO	Kayser-Meyer-Olsen
LACES	Laboratorios de Apoio á Creación de Emprego e Empresas de ES
LES	Lei de Economía Social
LESG	Lei de ES de Galicia
LM	Regresións Lineais

UDC DE CONFIDENCIA

M	Media
MAE	Erro absoluto medio
OCDE	Organización para la Cooperación y el Desarrollo Económicos
ODM	Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio
ODS	Obxectivos do Desenvolvemento Sostible
OIT	Organización Internacional do Traballo
ONU	Organización das Nacións Unidas
ORGACCMM	Federación Galega de Confrarías de Pescadores e Organización Galega de Comunidades de montes veciños man e en man común
PEMES	Pequenas e medianas empresas
RESES	Rexistro de Entidades, Servizos e Establecementos Sociais
RMSE	Erro cadrático medio
RSE	Responsabilidade Social Corporativa
SD	Desviación típica
SRMR	Raíz cadrada media normalizada residual
TIC	Tecnoloxías da Información e a Comunicación
UCOTRAGA	Unión de Cooperativas de Transporte de Galicia
UE	Unión Europea
UNRISD	Instituto de Investigacións da ONU para o Desenvolvemento Social
UNTFSSE	Grupo de Traballo Interrinstitucional das Nacións Unidas sobre a ES e Solidaria
USC	Universidade de Santiago de Compostela
VIF	Inflación da varianza

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

ÍNDICE

AGRADECEMENTOS 3

RESUMO 6

RESUMEN 8

ABSTRACT 11

LISTADO DE ABREVIATURAS 14

ÍNDICE 17

INTRODUCIÓN 22

1. A ECONOMÍA SOCIAL DESDE CATRO PRISMAS 31

1.1. PERSPECTIVA HISTÓRICA: NACEMENTO E CONTEXTUALIZACIÓN DA ECONOMÍA SOCIAL 31

1.1.1. As cooperativas como empresas de ES diferenciadas 35

1.2. EVOLUCIÓN LEXISLATIVA 39

1.2.1. Marco europeo 39

1.2.2. Marco estatal 41

1.2.3. Marco galego 45

1.3. OBXECTO DE ACTUACIÓN PÚBLICA 47

1.3.1. Tipoloxías de políticas públicas no ámbito da ES 50

1.4. CONTRIBUCIÓN DA ES NA CONSECUCIÓN DOS ODS 51

1.5. SÍNTESE E CONCLUSIÓNS 54

2. COOPERATIVISMO EN GALICIA: MOTOR DE EMPRENDEMENTO 57

2.1. METODOLOXÍA 57

2.2. COOPERATIVAS ACTIVAS EN GALICIA 58

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

2.3. COMPOSICIÓN DAS COOPERATIVAS GALEGAS 68

2.4. A CONTABILIDADE COOPERATIVA 77

2.5. COOPERATIVISMO COMO MOTOR DE EMPRENDEMENTO EN GALICIA 79

2.6. AS MOTIVACIÓNS QUE LEVAN AO EMPRENDEMENTO COOPERATIVO 82

2.7. CONCLUSIÓNS 84

3. POLÍTICAS PÚBLICAS PARA O FOMENTO DA ES EN GALICIA 87

3.1. A PROMOCIÓN DA ES 87

3.2. VISIÓN DA POLÍTICA DE FOMENTO DA ES 93

3.3. CONSTRUCIÓN DA POLÍTICA DE ES EN GALICIA 95

3.4. MARCO INSTITUCIONAL DA POLÍTICA DE ES 101

3.5. ARQUITECTURA DA POLÍTICA DE ES: INSTRUMENTOS 105

3.6. CONCLUSIÓNS 115

4. MEDIDAS PARA A PROMOCIÓN E CONSOLIDACIÓN DUN ECOSISTEMA FAVORABLE Á ES EN GALICIA. A REDE EUSUMO ... 119

4.1. ECOSISTEMAS EMPRENDEDORES DE ECONOMÍA SOCIAL: EUSUMO, KOOPFÁBRICA OS ATENEOS COOPERATIVOS 120

4.2. A REDE EUSUMO 123

4.2.1. Obxectivo 123

4.3. EVOLUCIÓN DA REDE EUSUMO: RESULTADOS 127

4.4. VALORACIÓN DA REDE EUSUMO 131

4.5. MELLORA DO ECOSISTEMA DA ES EN GALICIA 135

4.6. CONCLUSIÓNS 137

5. EMPRENDEMENTO COOPERATIVO: FACTORES DE ATRACCIÓN 141

5.1. INTRODUCIÓN 142

5.2. DETERMINAR OS FACTORES DE ATRACCIÓN 144

USC DE COMPOSTELA

5.2.1. Análise cualitativa 145

5.2.2. Análise cuantitativa 150

5.2.3. Resultados 150

5.2.4. Conclusións 156

5.3. FACTORES DE ATRACCIÓN DENDE A OPINIÓN DAS EXPERTAS 158

5.3.1. Características das participación das mulleres nas cooperativas 159

5.4. CONCLUSIÓNS 163

6. AS COOPERATIVAS DE TRABALLO EMPRESAS SENSIBLES COA IGUALDADE DE XÉNERO. COMPROBACIÓN EMPÍRICA ... 167

6.1. INTRODUCIÓN 168

6.1.1. Razóns para que as mulleres se convertan en empresarias 168

6.1.2. A importancia do contexto 170

6.2. ANÁLISE EXPLORATORIA 171

6.2.1. Medicións 174

6.2.2. Resultados 174

6.2.3. Discusión de resultados 180

6.3. MODELO CONFIRMATORIO 182

6.3.1. Metodoloxía 184

6.3.2. Resultados 188

6.3.3. Discusión de resultados 195

6.4. CONCLUSIÓNS 197

7. CONCLUSIÓNS FINAIS 201

7.1. POLÍTICAS PÚBLICAS EN ES 202

7.2. O EMPRENDEMENTO COOPERATIVO 203

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

BIBLIOGRAFÍA ... 207

RELACIÓN DE TÁBOAS, GRÁFICOS E FIGURAS ... 233

ANEXOS ... 238

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

INTRODUCIÓN

As recentes crises económicas -e, nomeadamente, a crise financeira de 2008-, evidenciaron os límites do modelo de desenvolvemento económico imperante, determinando a necesidade de cambio cara un novo paradigma de actividade que combine o crecemento económico e a sustentabilidade.

Esta necesidade ponse de manifesto dende diferentes posicións, sendo refrendada por economistas de prestixio como Porter (2011), Piore (2001), Stiglitz (2009) e Mintzberg (2015). Paralelamente, poténciase o rol como axente de cambio da Economía Social (ES), un terceiro sector económico institucional, situado entre o Estado e o Sector empresarial privado tradicional que tende á maximización de beneficios. Este sector emerxente está integrado principalmente por Cooperativas, Fundacións, Entidades sen fins de lucro e outras entidades de innovación social e de base asociativa que emprega a máis de 14 millóns de persoas na Unión Europea (UE) e aglutina a máis de 28.000 entidades activas (EESC, 2017) e constitúe o principal polo de innovación social (Moulaert, 2013).

Este recoñecemento do potencial transformador de ES para conseguir un cambio de paradigma materialízase na aposta por diversas actuacións de apoio e desenvolvemento deste sector da Economía. Así, en contexto internacional, diversas institucións aliñáronse coa necesidade de cambio incluíndo a ES nos seus discursos e axendas de actuacións, ao considerala como un modelo de organización con capacidade para xerar diferentes impactos socioeconómicos positivos (Monzón Campos e Chaves Ávila, 2012a; Stiglitz, 2009; Utting, 2015a; Wilkinson, 2014).

Este interese vese reforzado dende a aprobación dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) incluídos na Axenda 2030 aprobados pola Asemblea Xeral de Nacións Unidas celebrada en Nova York (25 de setembro de 2015), que subliñan a necesidade de avanzar cara a sustentabilidade do sistema de actividade económica. Neste contexto, as entidades de ES pasan a ser un foco de atención por parte de institucións coma as Nacións Unidas ou a OCDE polo recoñecemento do seu papel vehicular para a consecución destes obxectivos. Tamén a Unión Europea (UE) ven de visibilizar a súa aposta polas políticas públicas de impulso de ES a nivel europeo, nacional e rexional.

Así, o Parlamento Europeo na súa resolución do 19 de febreiro de 2009 sobre a ES recoñécea como un dos piares do seu modelo social e indica que "*xoga un papel esencial de rendibilidade e solidariedade creando empregos de calidade, reforzando a cohesión social, económica e territorial xerando capital social, promovendo unha cidadanía activa, a solidariedade e unha economía dotada de valores democráticos, que sitúan ao ser humano nun primeiro plano e contribúe ao desenvolvemento sostible e a innovación social, medio ambiental e tecnolóxica* (Parlamento Europeo, 2009). Esta mesma resolución recomenda aos estados membros dotarse marco lexislativo específico para este xeito de facer economía.

Este apoio no ámbito europeo ven sendo constante ate a actualidade. Así, no ano 2017 o Consello da Unión Europea define a ES como un motor chave para o desenvolvemento económico e social en Europa, entre outras cousas porque permite acadar importantes obxectivos colectivos, entre os que destacan a oferta de servizos e as melloras nas condicións laborais das persoas traballadoras. Recoñécese, así mesmo, o poder xerador de emprego, tecido produtivo e cohesión social (Chaves Ávila et al. 2016). O cumio deste recoñecemento europeo darase no mes de decembro de 2021 coa presentación do I Plan de Acción Europeo para a Economía Social.

Paralelamente a este impulso europeo, os diferentes países membros, animados por estas sinerxías, poñen en marcha diferentes marcos normativos que recoñecen, impulsan e favorecen estas realidades nos seus ámbitos de actuación. Así por exemplo, Francia, Bélxica, Portugal, Grecia, ou Romanía entre outros, desenvolveron nos últimos anos políticas públicas de apoio á ES (Chaves e Demoustier, 2013; Chaves-Avila e Gallego-Bono, 2020; Krlev et al., 2013; Noia e OECD, 2017). Polo xeral, son gobernos nacionais que intentan apoiar modelos de desenvolvemento empresarial máis sostibles que permitan reverter os desequilibrios socioeconómicos existentes (Puentes Poyatos e Velasco Gámez, 2009).

España, seguindo a Resolución sobre ES de 2009 do Parlamento Europeo, aprobou a Lei de ES (Lei 5/2011) que establece un marco xurídico de apoio e recoñecemento neste eido da ES e constitúe a primeira lei marco que se promulga no conxunto da Unión. Esta Lei nace co obxectivo de configurar un marco xurídico para dar visibilidade ás entidades de ES, establecendo os principios orientadores do funcionamento e actuación destas organizacións; a necesidade da súa promoción, estímulo e desenvolvemento, ou a importancia da interlocución entre os axentes da ES e os poderes públicos, entre outras cuestións.

Ademais de identificar os principios reitores da ES, a norma recolle tamén cales son as fórmulas xurídicas que formarían parte do seu conxunto. Así, o seu artigo 5 establece que:

> "1. Forman parte da ES as cooperativas, as mutualidades, as fundacións e as asociacións que leven a cabo actividade económica, as sociedades laborais, as empresas de inserción, os centros especiais de emprego, as confrarías de pescadores, as sociedades agrarias de transformación e as entidades singulares creadas por normas específicas que se rexan polos principios establecidos no artigo anterior.
>
> 2. Así mesmo, poderán formar parte da ES aquelas entidades que realicen actividade económica e empresarial, cuxas regras de funcionamento respondan ós principios enumerados no artigo anterior, e que sexan incluídas no catálogo de entidades establecido no artigo 6 desta Lei.
>
> 3. En todo caso, as entidades da ES regularanse polas súas propias normas específicas."

Deste xeito queda determinado o perímetro da ES no conxunto do estado identificando uns denominadores comúns para todo o territorio que se concretaran, posteriormente nas normativas autonómicas de referencia.

O ecosistema estatal de ES complétase, entre outras accións, coa aprobación da Estratexia Española de ES 2017 – 2020 e que está a ser avaliada na actualidade. Esta nova ferramenta de promoción da ES nace cos obxectivos de resaltar e potenciar os elementos que diferencian as organizacións neste ámbito no marco dun mercado único, e promover estas entidades coa posta en marcha de programas, proxectos e fondos. Este compromiso co desenvolvemento e o impulso veuse influído pola percepción da capacidade da ES para a xeración de emprego de calidade, o aumento do benestar público, o apoderamento da cidadanía e o efecto no desenvolvemento local, especialmente en contextos de crise (Amin, 2013; Melian Navarro e Campos Climent, 2010; Stiglitz, 2009; Utting, 2015b; Wilkinson et al., 2014).

A partir dese marco xeral, diversos gobernos rexionais (como os da Generalitat Catalá e Valenciana, Andalucía, Canarias, Castela a Mancha, Murcia e Galicia) foron desenvolvendo estes últimos anos iniciativas de promoción de ES, incluíndo leis específicas que definen recollen as particularidades que este segmento económico ten nos seus territorios.

Galicia, exercendo as competencias que lle brinda o Estatuto de Autonomía, aproba no ano 2016 a súa propia lei de ES sendo a primeira das comunidades autónomas en regular esta materia no seu ámbito de actuación. A Lei 6/2016 de 4 de maio de ES de Galicia encárgase, entre outras cousas e seguindo a estela marcada pola norma estatal, de definir o marco de

actuación e de identificar as entidades que conforman a ES neste territorio incorporando unha figura propia como son as comunidades de montes en mancomún. A norma tamén recoñece o papel xerador de emprego da ES así como a súa capacidade de dinamizar zonas rurais, por exemplo. Por último, introduce unha serie de ferramentas para fortalecer e dinamizar a ES no territorio como o Consello Galego de ES (CGES), a Estratexia Galega de ES ou o catálogo de entidades de ES que o goberno galego aproba nos seguintes anos.

Este recoñecemento lexislativo ben a consolidar a importancia que tradicionalmente se lle dá en Galicia á ES ou ás entidades que a conforman. De feito, esta comunidade conta con unha das política públicas que afecta a totalidade da ES, que ten unha maior duración no tempo de todo o estado: a Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a ES que é aprobada polo Decreto 225/2012.

Dentro da ES, o cooperativismo destaca como un dos conxuntos de entidades empresariais que conta con unha maior implantación territorial e tradición dentro da ES (sendo organizacións anteriores, como se dixo, ao propio concepto de ES). Estas entidades recollen todos os principios da ES, e son uns dos motores máis identificados co emprendemento neste segmento da economía. En Galicia, por exemplo, as sociedades cooperativas teñen un comportamento diferenciado ao resto das fórmulas xurídicas dentro e fora do eido da ES. Destaca o seu comportamento anticíclico que se manifesta sobre todo en épocas de recesións económicas como a vivida dende o ano 2008. Nesta ocasión amosaron, unha vez máis, a súa resiliencia como organizacións, destruíndo menos emprego e contando cunha mortalidade menor que outras figuras empresariais. Ao mesmo tempo que se configuraron como unha alternativa real para o emprendemento contando con taxas de natalidade superiores ás xerais (Bastida et al., 2020b; Chaves Ávila e Savall Morera, 2019; Guzman et al., 2020; Sonnino e Griggs-Trevarthen, 2013). Destaca, no ámbito do emprendemento, un modelo cooperativo concreto: as cooperativas de traballo asociado. Nestas empresas as persoas traballadoras son, á súa vez, propietarias da empresa e traballadoras, configurándose todas elas como emprendedoras e tendo que exercer un dobre rol que as veces entra en conflito.

A investigación académica ten recoñecido que tanto os requisitos coma as condicións do emprendemento poden variar en función das diferentes estruturas empresariais (Arando et al., 2008; Diaz-Foncea e Marcuello, 2013; Pèrotin, 2006). Esta situación pode levar a pensar que as entidades de ES, concretamente as cooperativas, poden significar un comportamento diferenciado no eido do emprendemento ou na atracción das persoas cara a este modelo empresarial.

Porén, pese a crecente popularidade das organizacións de ES, os estudos empresariais centrados nestes modelos de negocio son relativamente recentes (Arando et al., 2008; Diaz-Foncea e Marcuello, 2013; Pèrotin, 2006; Podivinsky e Stewart, 2007). Neste contexto, as cooperativas de traballo son recoñecidas coma un xeito de facer empresa e, polo tanto, unha forma máis de actividade emprendedora. Por exemplo, Díaz-Foncea e Marcuello (2015) analizaron as cooperativas no contexto da creación de novas pequenas e medianas empresas (PEMES), e Monteleone e Reito (2018), pola súa banda, argumentaron que as persoas membro de cooperativas deberían considerarse empresarias, xa que parte delas comezan un negocio cando teñen poucas oportunidades de atopar traballo (empresarios por necesidade). Ademais, descubriron que as persoas que pertencen ou son socias das cooperativas poden obter beneficios similares aos dos emprendedores individuais. Máis recentemente, Guzmán et al. (2019) relacionaron o desempeño das cooperativas coa orientación emprendedora, un campo de investigación dentro da corrente da teoría do emprendemento. Descubriron que a orientación empresarial destas empresas modera a relación entre os principios cooperativos e o desempeño.

Baseándose nestes resultados, estes autores argumentaron que estas empresas non representan unha excepción á teoría do emprendemento.

Por outra banda, as mulleres mostran un comportamento diferenciado diante deste modelo empresarial que noutras fórmulas de emprendemento. En Galicia contan cunhas taxas de emprendemento máis elevadas que o emprendemento xeral (Olveira, 2016) ao tempo que teñen unha maior participación nos consellos reitores que noutras fórmulas xurídicas tal e como se describe nos seguinte capítulos. Os estudos académicos identifican unha serie de características que poderían explicar unha suposta preferencia das mulleres por esta fórmula de organización. Os traballos de Ribas Bonet (2004; 2005); Ribas Bonet e Sajardo (2004; 2005; 2011) e Senent (2008; 2011) representan un punto de referencia neste sentido, xa que son os que abordaron con maior profundidade a cuestión de xénero no campo da ES. Estas autoras identifican diferentes características nas cooperativas que poderían actuar como elementos especialmente atractivos para as mulleres.

Polo tanto, a ES presenta un contexto de análise relativamente recente, que determina un marco novidoso de desenvolvemento desta investigación. Os estudos neste eido destacan os impactos socioeconómicos da ES, como a creación de emprego, o apoderamento da cidadanía e o benestar social, o desenvolvemento local e a redistribución territorial, a promoción dos valores sociais e a mellora da transparencia e a democracia nas decisións empresariais (Bouchard, 2006; Chaves Ávila e Monzón, 2012; Itçaina e Richez-Battesti, 2018; Stiglitz, 2009; Utting, 2015a). Neste senso, os traballos salientan o desenvolvemento de varias funcións marcroeconómicas, coma a mellora do equilibrio territorial ou a mellor distribución e equilibrio de ganancias nas economías modernas (Bel et al., 2016; Calvo e Gonález, 2011; Clemente et al., 2009; Mozas Moral e Bernal Jurado, 2006; Weitzman, 1986). Asemade, dende a aprobación da Axenda 2030 que recolle os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), abórdase tamén o papel das entidades de ES na súa consecución (Castro et al., 2020; Monzón e Chaves, 2017). Máis recentemente, as investigacións adoitan un enfoque máis microeconómico, destacando os efectos no mercado de traballo e o emprego de calidade e o seu potencial xerador de desenvolvemento profesional para as mulleres (Bastida et al., 2020c; Díaz Foncea e Marcuello Servós, 2014; Lejarriaga Pérez de las Vacas et al., 2013; Martínez-Carrasco Pleite et al., 2013; Melián Navarro e Campos Climent, 2010; Puentes Poyatos e Velasco Gámez, 2009) Este último aspecto é especialmente relevante, pois recentes investigacións suxiren que a cooperativa en particular, e as entidades de ES en xeral, poden ser unha vía de apoderamento e desenvolvemento profesional para as mulleres.

Estes antecedentes constatan a coexistencia duns ámbitos teóricos plenamente desenvoltos con outros que requiren de novos avances científicos. Así, mentres que a conceptualización e caracterización do sector de ES e as súas entidades integrantes teñen sido amplamente desenvolvidos dende a investigación académica -tanto nunha visión xenérica como en perspectiva comparada entre diferentes contornas-, as contribucións dirixidas contemplar a ES coma unha vía de emprendemento e desenvolvemento profesional precisan unha maior profundidade de estudo. Esta necesidade é máis evidente no caso da comunidade autónoma de Galicia, onde a ES está composta por máis de 7.200 entidades que que aportan arredor do 7% do PIB da comunidade galega (Cancelo e Botana, 2021). Este é, precisamente, o ámbito no que se circunscribe esta investigación, e o seu carácter novidoso. Esta característica multiplícase ao incluír a perspectiva de xénero na investigación, respondendo a recentes chamados da comunidade científica para o desenvolvemento de sistemas de apoio e fomento do emprendemento das mulleres con lentes de xénero (Hughes, 2016).

O anteriormente exposto revela a pertinencia do proxecto - circunscrito a un ámbito de actuación priorizado nas estratexias institucionais-, e o seu interese tanto para o avance do

coñecemento teórico como pola súa aplicación práctica. Desde un punto de vista teórico, esta investigación contribúe a perfilar o estado de situación e o sistema de apoio a ES galega, favorecendo a análise dun conxunto de actividades económicas de alto valor contributivo no tecido económico da comunidade. Asemade, proporciona un mellor coñecemento das estratexias de fomento do emprendemento -e, moi concretamente, das dirixidas ás mulleres emprendedoras-, un tema de crecente interese por parte da investigación científica. Desde unha perspectiva práctica, expón a oportunidade de propoñer accións reais que contribúan ao crecemento das organizacións empresariais de ES e responda os requirimentos e necesidades das persoas emprendedoras. Tamén debe destacarse a adecuación temporal desta investigación, por canto supón o deseño dun conxunto de actuacións que poden contribuír á transformación do tecido económico galego cara a un paradigma de crecemento sostible, respectuoso coa contorna e, sobre todo, que sitúa ás persoas no centro da súa actividade.

A determinación deste escenario proposto é o que sustenta a investigación que se presenta a continuación, e que pode dividirse en dous grandes bloques: (I) o que aborda o estudo das políticas públicas en Galicia e a xeración de ecosistemas que a favorezan; e (II) o correspondente á análise das motivacións das persoas para o emprendemento cooperativo, concretamente das mulleres.

En canto ao campo de análise onde se leva a cabo a investigación, este céntrase en Galicia xa que neste territorio se identifica unhas características que poden favorecer o desenvolvemento do estudo ou incluso contribuír á mesma. Así, no eido das políticas públicas, e como xa se sinalou, Galicia conta coa primeira normativa autonómica de ES vixente no Estado ademais dunha das políticas públicas con máis lonxevidade a nivel estatal: a Rede Eusumo. No referente ao eido do emprendemento en ES, as entidades galegas contan con unha evolución moi positiva nos últimos anos. Esta característica é particularmente notable no caso das sociedades cooperativas, onde, ademais, o comportamento das mulleres nos grupos promotores se sitúa por encima das cifras para o emprendemento en xeral. Estas características, xunto con contar cunha mostra de estudo acoutada, contribúen a conformar un marco de desenvolvemento da investigación que permita acadar resultados fiables.

O traballo que se presenta consta dun total de sete capítulos nos que se abordan as diferentes preguntas de investigación ao tempo que se dota ao estudo dun marco teórico que pretende situar o seu correcto desenvolvemento.

Comézase realizando a revisión bibliográfica que permite establecer o obxecto de estudo e o estado de situación da investigación proposta. Esta análise ocupa os dous primeiros capítulos. Así, o primeiro aborda o concepto de ES desde catro prismas: a perspectiva histórica, a evolución lexislativa, a ES como obxecto de actuación pública e a contribución desta á consecución do ODS. Este enfoque poliédrico permite coñecer o obxecto de estudo destacando o seu interese como materia de investigación. A continuación, o capítulo 2, aborda o fenómeno do emprendemento cooperativo ademais de identificar e analizar a que será unha das contribucións desta investigación: a realidade do cooperativismo en Galicia. Para elo, foi preciso levar a cabo unha depuración dos datos existentes no rexistros de cooperativas galegos, unha eiva amplamente destacada en estudos relacionados con este eido de investigación (Babío Arcay e Jordán Rodríguez, 2008; 2010; Cancelo e Botana, 2019; 2020; 2021; Jordán Rodríguez et al., 2004; Jordán Rodríguez e Babío Arcay, 2016).

Así, os resultados que mostra este segundo capítulo, recollen o as cooperativas activas en Galicia, cal é a súa composición e unha breve referencia a súa contabilidade. Posteriormente, e co fin de contribuír ao xa citado marco teórico, analizarase o modelo cooperativo como motor de emprendemento así como as motivacións que poden impulsar a escolla desta fórmula societaria por parte das persoas que a conforman.

Estes dous primeiros capítulos recollen maioritariamente o marco teórico que permite formular as preguntas de investigación deixando paso ao resto do traballo de comprobación empírico. As hipótese de investigación divídense en dous bloques un centrado nas políticas públicas e o segundo nas características dos factores de atracción do modelo de xestión cooperativo; quedando redactadas do seguinte xeito:

- Existe un ecosistema de políticas públicas propio en Galicia para a ES?

A Rede Eusumo contribúe á configuración deste ecosistema e polo tanto pódese identificar como unha política pública de impacto?

- Son os factores identificados na literatura os que motivan a participación das persoas nas cooperativas? De ser estes, teñen todos a mesma influencia?

Cales son os vínculos entre o espírito emprendedor cooperativo e as necesidades individuais? Existe unha relación positiva entre ambos? E coa vontade de emprender a través deste modelo de negocio?

Este binomio de traballo pretende realizar un estudo en profundidade en ambos os dous campos que favoreza a posibilidade de identificar as relacións que se poidan xerar entre a intervención pública e os comportamentos sociais á hora de elixir fórmulas de emprendemento.

Deste xeito, o marco de estudo céntrase na identificación en Galicia dun ecosistema propio para a ES e en analizar se a Rede Eusumo -que centraliza boa parte das axudas públicas galegas dirixidas ao fomento da ES- forma parte substancial deste ecosistema, determinando o seu posible impacto social. Este análise de contorno contribúe á determinación dos factores que motivan a participación das persoas nas cooperativas e se todos eles teñen o mesmo impacto sobre a decisión de achegarse ao modelo empresarial. Ademais, e co fin de alcanzar uns mellores resultados, téntase identificar posibles vínculos entre o espírito emprendedor cooperativo e as necidades das persoas.

Polo tanto as preguntas de investigación comézanse a contestar no capítulo 3, no que se analizan o conxunto de políticas públicas existentes en Galicia no eido da ES centrando o foco no impacto que a LESG ten dende a súa entrada en vigor no ano 2016. Este período temporal de catro anos permite observar, con unha mínima perspectiva, se existe ou non ese ecosistema favorable, quen o conforma e que influencia real pode ter no condicionamento doutras políticas ou intervencións públicas. Para abordar esta parte da investigación, o capítulo comeza analizando a orixe das accións dirixidas á promoción da ES e como esta se leva a cabo noutras comunidades autónomas. A continuación céntrase nos principios que a LEGS introduce no ordenamento xurídico, seguindo co estudo da construción das políticas públicas de apoio á ES nesta comunidade. É quenda, polo tanto de presentar as funcións e composicións de, entre outros, os diferentes órganos consultivos deste ámbito (CGES e o CGC) como espazos de encontro e creación de políticas públicas no eido da ES en Galicia.

Nos dous últimos apartados deste capítulo abórdase o marco institucional e arquitectura das políticas de ES neste territorio. Comézase establecendo unha clasificación destas medidas, para posteriormente enmarcar as identificadas nas partidas orzamentarias da Xunta de Galicia. Nesta ocasión o período de análise auméntase co fin de ter unha perspectiva máis ampla da evolución e ser quen de analizar o comportamento diferencial que puido experimentar a implementación dalgunha política concreta. Unha destas conclusións parece mostrar que a Rede Eusumo introduciu un cambio na concepción das políticas públicas no eido da ES en Galicia. Así, e para rematar coa análise das da intervención pública, o capítulo 4 aborda en exclusiva esta política pública, analizando a súa contribución ao posible ecosistema favorable á ES.

A análise da Rede Eusumo revela que unha das súas características principais é a súa perdurabilidade (activa dende 2011 a actualidade), feito que favorece unha análise detallada do seu impacto ao logo dun amplo período que, normalmente, a intervención pública non soe

alcanzar. Este traballo pormenorizado de estudo comeza identificando outras políticas que conten con finalidades e funcionamentos semellantes no contexto estatal, e sinalando as súas características, co fin de realizar unha análise comparada entre as situacións existentes nas diferentes comunidades autónomas posto que o marco de intervención pública é parecido en todo o territorio: competencias a exercer e tipoloxías de fondos recibidos ou que se poden captar de institucións estatais ou europeas.

A análise da Rede Eusumo complétase cunha valoración cuantitativa realizada ás diferentes entidades socias que compoñen a Rede. Neste traballo de campo participaron a práctica totalidade das tipoloxías das entidades membro o que o dota dunha maior referencialidade en canto aos resultados obtidos. Así, o capítulo remata recollendo o impacto que a Rede Eusumo xerou no ecosistema de ES e introduce as diferentes ferramentas ou instrumentos que se foron introducindo ao longo dos oito anos analizados e que teñen relación ou orixe nesta política pública.

A continuación é a quenda de abordar o comportamento do emprendemento cooperativo e os factores que o poden determinar. Ao igual que no caso das políticas públicas, esta parte da materia de estudo divídese en dous capítulos que permiten poder analizar e dar resposta máis polo miúdo as preguntas de investigación pendentes.

Para levar a cabo esta parte do traballo de investigación óptase pola triangulación (Yin, 2003). Unha proposta combinada de metodoloxías permite obter uns mellores resultados ao suplir as carencias que por separado poden ter os métodos empregados de xeito individual. Deste xeito, o capítulo 5 comeza cunha análise bibliográfica que permite identificar os diferentes factores de atracción que poderían favorecer que as persoas escollesen a fórmula cooperativa como modelo de emprendemento. Posteriormente realízase unha verificación destes factores a través de sendas análises cualitativa e cuantitativa. A metodoloxía proposta para a primeira é o método Delphi, tanto pola súa adecuación á investigación coma porque esta metodoloxía foi previamente aplicada en diferentes áreas de estudo no campo da ES e o cooperativismo, como poden ser as cooperativas agrícolas, centros especiais de emprego, cooperativas de crédito ou para a resolución de cuestións conceptuais (Climent e Ávila, 2012; Gallego Sevilla e Juliá Igual, 2003; Martínez-Carrasco Pleite, 2014; Seguí-Mas e Sever Izquierdo, 2010a; 2010b). Estase polo tanto ante un instrumento de análise que xa ten recoñecida a súa validez previa no campo de estudo ao que se vai a aplicar. Os resultados obtidos, indican que os factores recoñecidos na bibliografía tamén son valorados maioritariamente, polo panel de persoas expertas que participaron na investigación. Por último, os factores de atracción son sometidos á opinión de persoas expertas a través de grupos de discusión configurados por persoas socias, persoal técnico das unións de cooperativas que acompaña procesos de emprendemento, académicas e persoas investigadoras. Os criterios de selección das participantes establecéronse co fin de garantir que existise unha reflexión persoal previa sobre a materia a discutir, ademais de garantir o coñecemento suficiente das participantes sobre o modelo cooperativo e o seu ámbito de xestión. Por último, o estudo circunscríbese ao ámbito do cooperativismo agrario e de traballo asociado por ser estas as dúas figuras as maioritarias en Galicia ao acadar entre ambas case un 78% total[1].

Para a análise cuantitativa, configúrase un cuestionario cos resultados obtidos das fases anteriores (revisión bibliográfica , análise Delphi e grupos de discusión) que se distribuíu electronicamente. Posto que un dos obxectivos da investigación é comprobar o efecto das políticas públicas de fomento, decídese situar a mostra nun marco temporal común que permita a comparabilidade das accións de axuda. En consecuencia, determínase que a mostra será

[1] Datos procedentes do rexistro de cooperativas de Galicia.

conformada por persoas que se sumaron a unha cooperativa como socias dende o ano 2011, ano de nacemento da Rede Eusumo ate o 2020. Sobre un total de 1.315 cooperativas identificadas na base de datos obtida tralo proceso de da depuración dos datos referida no capítulo 2, obtivéronse un total de respostas válidas de 142 persoas. Polo tanto a participación é do 54%. Os resultados de participación mostran un alto grado de confianza ao situarse este no 98%.

Pola súa banda, o capítulo 6 recolle o modelo empírico resultante dos procesos anteriormente descritos. Nomeadamente, sométense a validación os factores de atracción do emprendemento baixo fórmula cooperativa identificados na revisión bibliográfica, o panel Delphi e os grupos de discusión. Para levar a cabo esta última parte da investigación comézase coa identificación das razóns polas que as mulleres se converten en empresarias e a importancia que o entorno ou ecosistema ten sobre esta decisión. Amplíase, polo tanto, o marco teórico introducindo a perspectiva de xénero no eido do emprendemento. Esta breve, mais necesaria, introdución permite mostrar a evolución do enfoque dos estudos de xénero nesta materia nos últimos anos.

A análise empírica realízase en dúas fases. Para elo, foi preciso aumentar a mostra de participantes, cara a obter unha maior fiabilidade no proceso de análise de datos. En primeiro lugar, realízase unha análise exploratoria. En particular, desenvólvese unha análise factorial sobre os resultados obtidos na enquisa de motivacións. O tratamento estatístico da información realizouse co software IBM SPSS Statistics, versión 24.0.

Os resultados da matriz obtida permiten a constatación da existencia dun conxunto de factores influentes na decisión de emprendemento a través de sociedades cooperativas que se agrupan en cinco grupos de factores: principios cooperativos, gobernanza, igualdade, orientación social e factores exóxenos. Porén, varios destes factores están interrelacionados, polo que cabe supoñer que a adecuación das necesidades individuais cos principios cooperativos e o compromiso con estes principios son factores determinantes da elección de emprender a través de cooperativas. Asemade, a dispoñibilidade de axudas externas (políticas de fomento) poden mellorar esta decisión.

Estes resultados son sometidos a validación a través dunha análise exploratoria. Isto realízase a través dun modelo de ecuacións estruturais parciais de mínimos cadrados (PLS-SEM), ferramenta adecuada para probar as hipóteses do modelo. As composicións estímanse seguindo o procedemento proposto por Henseler e outros (Henseler et al., 2016), en dous pasos: (1) avaliación do modelo de medida e (2) avaliación do modelo estrutural. O resultados obtidos permiten probar un modelo no que as relacións positivas atopadas entre as necesidades individuais cos principios cooperativos inflúen na vontade da escolla da fórmula cooperativa como modelo de negocio.

Esta tese de doutoramento remata recompilando no capítulo 7 as conclusións, as contribucións do traballo realizado así como as súas limitacións presentada e as posibles liñas de investigación presentadas.

Por último, cabe destacar que unha parte importante de todo o traballado de investigación que se presenta conta co recoñecemento da comunidade científica do ramo a través da publicación en diferentes medios e revistas científicas de alto impacto. Estase, polo tanto ante un traballo que conta co aval, na maioría dos casos, dunha revisión realizada coa metodoloxía por pares dobre cego e posteriormente publicadas en revistas indexadas en Scopus ou Journal Citation Reports.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

1. A ECONOMÍA SOCIAL DESDE CATRO PRISMAS

O termo economía social (ES) aparece por primeira vez hai case dous séculos canda os procesos de industrialización e na actualidade abarca unha forza de traballo que na Unión Europea se sitúa por encima dos 19 millóns de persoas, porén segue a ser unha gran descoñecida fóra dos seus círculos de estudo. De feito, son moitas as universidades no conxunto do estado que non a recollen como materia de estudo nos currículos das súas ensinanzas de grado ou posgrao. En Galicia, por exemplo, non o fai ningunha.

O presente capítulo ten como obxectivo realizar un breve achegamento ao termo ES dende catro ópticas diferentes que axudarán a enmarcar o posterior traballo de investigación. Así, preséntase a perspectiva histórica da ES e o seu concepto; a óptica lexislativa dende o marco europeo ate o galego pasando pola regulación estatal; as razóns que a xustifican como obxecto de intervención pública; e, por último, a súa conexión cos Obxectivos do Desenvolvemento Sostible (ODS).

Deste xeito, este Capítulo, xunto co encargado de enmarcar as políticas públicas -o Capítulo III- configuran un marco teórico axeitado para entender a definición, as características e o papel do obxecto de estudo desta tese, as cooperativas como panca para alcanzar os ODS e a igualdade de xénero.

Cabe sinalar que parte deste capítulo foi publicado previamente nos seguintes documentos:

Libro: Políticas Públicas para a economía social en Galicia: Rede Eusumo. Autoras: María Bastida Domínguez; Ana Olveira Blanco; Maite Cancelo Márquez. Edita Centro de Estudos Cooperativos CECOOP ISBN: 978-84-09-08141-7

Artigo Fostering the Sustainable Development Goals from an Ecosystem Conducive to the SE: The Galician's Case. Autoras: Bastida, M .; Vaquero García, A; Cancelo Márquez, M; Olveira Blanco, A.). Publicado o 9/1/2020 na revista Sustainability.

https://doi.org/10.3390/su12020500

1.1. PERSPECTIVA HISTÓRICA: NACEMENTO E CONTEXTUALIZACIÓN DA ECONOMÍA SOCIAL

A orixe do que hoxe se denomina ES pode situarse nas actividades vinculadas ás asociacións populares e cooperativas, sobre todo aquelas de beneficencia e de socorro mutuos xurdidas no período da Idade Media (Chaves Ávila e Monzón, 2012). Con todo, xa en períodos anteriores detéctase a existencia de movementos asociativos de agricultores para a xestión do arrendamento das terras, que poderían entroncar co concepto máis actual de fórmulas cooperativas (Barreiro Gil, 2013). Tendo en conta estes antecedentes remotos, haberá que esperar ao século XIX para poder situar un impulso decisivo da ES en Europa, coa posta en marcha de distintas iniciativas por parte da clase traballadora.

Así, entre finais do século XVIII e principios do XIX as duras condicións de traballo existentes nun contexto de primeira revolución industrial determinan a aparición dos primeiros esbozos de iniciativas de cooperativismo en Gran Bretaña[2], movementos que terminan

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[2] A primeira cooperativa de consumo formalmente recoñecida data de 1844 (Rochdale, Inglaterra), conformada por un conxunto de tecedores (Rochdale Equitable Pioneers Society ou Sociedade Equitativa dos Pioneiros de Rochdale). Con todo, esta cooperativa ten un antecedente case un século anterior (1761) cando un conxunto de fiandeiras comezaron a vender sacos de avea con desconto, conformando a Sociedade de Fiandeiras de Fenwick. A expansión a outros países a miúdo reviste outras formas, como as cooperativas de crédito en Alemaña (1862). Esta cooperativa tivo un papel decisivo en tanto que o seu papel exemplarizante, ao ser amplamente difundida na obra The Rochdale Pioneers de Holyoake (1857).

estendéndose ao resto de Europa[3] e determinan o nacemento dun asociacionismo industrial que ten especial relevancia en Francia. En España, atribúese a un grupo de obreiros a que pode ser considerada como primeira cooperativa formal de consumo española en 1856[4] (Medina-Albaladejo e Pujol, 2013).

De forma paralela ao impulso do movemento asociativo e colaborativo desenvolto entre os traballadores, a ES atopa eco no marco de análise teórica da economía[5] axudada polo pensamento socialista de Robert Owen e os anticapitalistas ricardianos. "*Estes (…) exercerá[n] un notable influxo no cooperativismo, establecéndose unha clara maridaxe entre o mesmo e o asociacionismo reivindicativo dos traballadores (…) cun mesmo obxectivo: o de emancipación das clases traballadoras*" (Monzón et al., 2009). De particular importancia é a publicación na segunda metade do século XIX de dúas obras de John Stuart Mill e de Leon Walras. En Principles of Political Economy (1848), Mill explora os beneficios macroeconómicos do cooperativismo, pero tamén sostiña que as cooperativas de traballadores suporían unha revolución moral na sociedade, ao contribuír *"ao apouvigar o conflito entre o capital e o traballo, a transformación da vida humana, … a elevación da dignidade do traballo, unha nova sensación de seguridade e de independencia na clase traballadora e a conversión das obrigacións cotiás do ser humano nunha escola de simpatías sociais e de intelixencia práctica"* (Mill, 1951: 675; op. cit, en Monzón Campos e Reyna, 1989 e Monzón Campos e Chaves Ávila, 2012). A influencia de Mill foi determinante para a aprobación en 1852 da primeira lei destinada a regular o movemento cooperativo.

Do mesmo xeito que Mill, Walras sinala a importancia das cooperativas na resolución de conflitos sociais e no desenvolvemento dun gran "*papel económico, que non é suprimir o capital, senón facer que o mundo sexa menos capitalista, e un papel moral, non menos considerable, que consiste en introducir a democracia nos labores do proceso de produción*" (Monzón Campos e Reyna, 1989). Este autor realizou un esforzo de articulación da ciencia económica subdividíndoa en tres disciplinas: (i) pura, relacionada coa análise das relacións entre elementos; (ii) aplicada, vinculada coa análise das relacións entre elementos e persoas (Études d' économie politique appliqueé, 1898) e (iii) social, fundada no principio de xustiza (Études d' économie sociale, 1896). A súa obra Études d´économie sociale: théorie da répartition da richesse sociale (1896) consolida a ES como obxecto de análise da ciencia económica, incluíndo un elenco de actividades económicas desenvoltas en cooperativas,

[3] Os principios cooperativos instaurados polos fundadores de Rochdale foron adoptados por todos os tipos de cooperativas, que converxeron na Alianza Cooperativa Internacional (ACI) en 1895 (Monzón Campos e Chaves Ávila, 2012b).

[4] As primeiras cooperativas de consumo españolas apareceron de forma case clandestina en Cataluña e Valencia, situándose a primeira formalmente constituída en Xirona en 1865, a Económica Palafrugellense. Con todo, en Cataluña existen rexistros dunha primeira cooperativa de consumo en 1840, formada por preto de cen familias. En 1856 tamén se rexistra o que pode ser o xerme do cooperativismo na Comunidade Valenciana, a asociación "El compañerismo" fundada por obreiros ferroviarios. Cataluña é tamén pioneira no nacemento de movementos intercooperativistas, coa aparición en 1899 da Revista Cooperativa Catalá na que colaboraban 37 cooperativas de consumo. En este mesmo contexto, celébrase un Congreso que dá como resultado a aparición da Cambra Rexional de Cooperatives de Catalunya i Balears, con 94 asociados, precursora da Federació de Cooperatives de Catalunya (1918). Por último, o País Vasco figura tamén como precursora no cooperativismo español coa creación da Sociedade Cooperativa de Obreiros de Barakaldo en 1884 ou a Cooperativa de Consumo de Sestao (1887). Como Cataluña, o País Vasco foi precursora no asociacionismo cooperativo, como a Unión de Cooperativas do Norte de España en 1914 (Medina Albadalejo, e Pujol Andreu, 2013).

[5] Cabe destacar que tamén é posible identificar antecedentes remotos no ámbito do cooperativismo nun contexto de análise teórica. Así, John Bellers foi un dos primeiros autores en enunciar o principio da cooperación na súa obra Proposals for Raising a College of Industry of all Useful Trades and Husbandry (1695), que describe un plan de produción en réxime cooperativo baseado na propiedade colectiva dos medios de produción e na organización racional do traballo. Estas ideas foron unha das bases do pensamento de Robert Owen (1771-1858), que tentou levalas á práctica organizando unha serie de colonias en New Lanark (Inglaterra) e New Harmony (EEUU). Coetáneo no tempo, Charles Fourier (1772-1837) postula unha organización ideal, o falansterio, baseada no cooperativismo autosuficiente.

mutuas e asociacións semellantes ás existentes na actualidade. Así, de forma progresiva consolídanse as principais características do concepto moderno de economía social, inspiradas polos valores do asociacionismo democrático, o mutualismo e o cooperativismo.

A primeira referencia ao termo "Economía Social" sitúase en 1830, cando Charles Dunover publica o seu Tratado de ES en defensa dun enfoque moral da política que foi seguido por unha corrente de economistas sociais no continente europeo (Monzón Campos e Reyna, 1989). Con todo, o desenvolvemento do concepto na súa acepción actual terá que esperar máis dun século no contexto de aplicación da actividade do Comité Nacional de Ligazón das Actividades Mutualistas, Cooperativa e Asociativas (CNLAMCA) en 1970.

No ano 2002 confeccionase a Carta de principios da ES promovida pola Conferencia Europea Permanente de Cooperativas, Mutualidade, Asociacións e Fundacións (CEP-CMAF), entidade europea representativa destas catro familias da ES. Este documento recoñécese como a máis recente delimitación de concepto feita polos propios protagonistas e nel recóllense os seguintes principios:

- Primacía da persoa e do obxecto social por encima do capital.
- Adhesión voluntaria e aberta.
- Control democrático exercido polas entidades ou persoas membro (salvo as fundacións que non teñan asociados).
- Combinación dos intereses das persoas membro usuarias e do interese xeneral.
- Defensa e aplicación dos principios de solidariedade e responsabilidade.
- Autonomía de xestión e independencia respecto dos poderes públicos.
- Emprego da maioría dos excedentes para a consecución de obxectivos a favor do desenvolvemento sostible, os servizos de interese das persoas e entidades membro e o interese xeral.

Dende a óptica política o Parlamento Europeo na súa resolución do 19 de febreiro de 2009 sobre a ES recoñécea como un dos piares do seu modelo social e indica que "*xoga un papel esencial de rendibilidade e solidariedade creando empregos de calidade, reforzando a cohesión social, económica e territorial xerando capital social, promovendo unha cidadanía activa, a solidariedade e unha economía dotada de valores democráticos, que sitúan ao ser humano nun primeiro plano e contribúe ao desenvolvemento sostible e a innovación social, medio ambiental e tecnolóxica* (Parlamento Europeo, 2009).

Oito anos despois, no ano 2017, o Consello da Unión Europea defínea como un motor chave para o desenvolvemento económico e social en Europa, entre outras cousas, porque pode permitir acadar importantes obxectivos colectivos, entre os que destacan a oferta de servizos e as melloras nas condicións laborais das persoas traballadoras. A ES pode xerar emprego, tecido produtivo e cohesión social (Chaves Ávila et al., 2016). En resumo, a ES pode xerar valor engadido á economía.

Tanto a Carta dos principios da ES como os ditames emanados das institucións europeas dan conta da complexidade de definir dunha realidade multifactorial, composta dun amálgama de entidades, organizacións e institucións que operan no mercado intercambiando bens e servizos, teñen xestión democrática e céntranse na axuda mutua e o interese público.

Dende a óptica académica, pódese indicar que a entidade encargada da tarefa de conceptualización é CIRIEC-Internacional (International Centre of Research and Information on the Public, Social and Cooperative Economy) ao ser esta a principal referencia académica nos estudios que inclúen a ES (Savall, 2014).

A última definición que emana dos traballos realizados por CIRIEC é asinada no ano 2012 polos investigadores Chaves e Monzón no Informe sobre a ES en Europa encargado polo Comité Económico e Social Europeo. Esta definición conseguiu consenso político e científico

con independencia de contextos socioeconómicos e culturais diferentes. Pódese identificar como unha construción operativa que permite cuantificar e visualizar de forma homoxénea os datos das entidades que integran a ES ao combinar a delimitación conceptual emanada da Carta dos Principios de ES cos criterios dos sistemas de Contabilidade Nacional, concretamente acorde aos establecidos pola Comisión Europea para a elaboración das contas satélites da ES (Chaves Ávila et al., 2013; Savall, 2014).

A súa redacción sería a seguinte:

> "Conxunto de empresas privadas organizadas formalmente, con autonomía de decisión e liberdade de adhesión, creadas para satisfacer as necesidades dos seus socios a través do mercado, producindo bens e servizos, asegurando ou financiando, e nas que a eventual distribución entre os socios dos beneficios ou excedentes, así como a toma de decisións, non están ligadas directamente ao capital ou ás cotizacións achegadas por cada socio, correspondendo un voto a cada un deles. A ES tamén agrupa a aquelas entidades privadas organizadas formalmente con autonomía de decisión e liberdade de adhesión que producen servizos de non mercado a favor das familias, cuxos excedentes, se os houbese, non poden ser apropiados polos axentes económicos que as crean, controlan ou financian" (Monzón Campos e Chaves Ávila, 2012a).

Seguindo aos mesmos autores, esta definición distingue, á súa vez, dous subsectores: o subsector de mercado o empresarial e o de non mercado.

a) Subsector de mercado ou empresarial.

Composto fundamentalmente de cooperativas e mutuas, grupos empresariais controlados por cooperativas, mutuas e outras entidades da ES, outras empresas similares, e determinadas institucións sen ánimo de lucro ao servizo da ES. As características máis relevantes das entidades que forman parte deste subsector:

- Son creadas para satisfacer as necesidades das persoas ou entidades socias. Son empresas nas que habitualmente dáse a dobre condición de socio e usuario da actividade.
- Son produtores de mercado, o que significa que os seus produtos ou servizos son vendidos no mercado e del obteñen a meirande parte dos seus recursos.
- Poden distribuír beneficios ou excedentes entre as persoas ou entidades socias pero non en proporción ao capital aportado, se non acorde á actividade que se levou a acabo na entidade.

b) O subsector produtor de non mercado.

Composto maioritariamente por asociacións e fundacións aínda que poden atoparse entidades con outras formas xurídicas. A súa característica principal é que o conforman as entidades de ES que, atendendo aos criterios da contabilidade nacional, considérase que producen con criterios á marxe do mercado xa que os seus produtos ou servizos son gratuítos ou teñen un prezo de simbólico.

Chaves e Monzón identifican, así mesmo, unha serie de características comúns a ambos subsectores e que se poden resumir nestes sete puntos:

- Son privados
- Están organizados formalmente.
- Teñen autonomía de decisión.
- Existe liberdade de adhesión.
- Levan a cabo a distribución de beneficios ou excedentes entre as persoas ou entidades socias que ademais non está vinculada coa aportación de capital.

- Realizan unha actividade económica por si mesmas co fin de satisfacer as necesidades das persoas ou entidades membro.
- Son entidades democráticas. Excepto no caso dalgunhas organizacións voluntarias que prestan servizos de non mercado aos fogares das entidades do primeiro nivel da ES. Son as coñecidas como terceiro sector de acción social

Destaca entre todo o seu carácter profundamente democrático que se recolle no principio "e unha persoa un voto". Este xeito de funcionar impera na súa toma de decisións pois deixan en poder das persoas ou entidades asociadas a totalidade do poder de decisión dentro da organización. Esta filosofía de funcionamento enraíza directamente coas cooperativas e os seus principios.

1.1.1. As cooperativas como empresas de ES diferenciadas

Como xa se indicou, as cooperativas son unhas das organizacións que contan cunha maior tradición e asentamento dentro da ES e da economía no seu conxunto. Estas circunstancias fan preciso profundar nas súas características e así destacar as motivacións que levaron á súa escolla como obxecto de estudo no presente traballo de doutoramento.

As cooperativas defínense como unha "asociación autónoma de persoas que se uniron de forma voluntaria para satisfacer as súas necesidades e aspiracións económicas, sociais e culturais en común mediante unha empresa de propiedade conxunta e de xestión democrática" (Alianza Cooperativa Internacional, 1995). En particular as cooperativas de traballo asociado son as que teñen por obxecto proporcionar postos de traballo para as persoas que as forman co fin de que estas produzan en común bens ou servizos para vender a terceiros.

Ao igual que a definición de ES no caso do cooperativismo a súa definición non pode separarse dos principios que sustentan o movemento cooperativo internacional e que se atopan vixentes dende a creación da primeira cooperativa. A súa última redacción foi aprobada pola Alianza Cooperativa Internacional – ACI na súa asemblea xeral de 1995 (Alianza Cooperativa Internacional, 1995). Estes principios son unha garantía para acadar a equidade de xénero pola natureza do seu contido (Pousada, 2003a). Este feito fai necesario profundar máis alá da súa simple definición.

Os principios cooperativos son unha característica do funcionamento e organización destas empresas e tentan influír na relación que as cooperativas teñen cos seus stakeholders. Así pódense atopar dous tipos de principios: (1) os empresariais ou comerciais que establecen como deben ser as relacións coas persoas socias; (2) e os sociais que recollen a relación coa sociedade (Nilsson, 1996).

Grupo 1: Principios empresariais.

Adhesión voluntaria e aberta: "As cooperativas son organizacións voluntarias, abertas a todas as persoas capaces de empregar os seu servizos e dispostas a aceptar as súas responsabilidades como socios e socias, sen discriminación social, política, relixiosa ou de sexo".

É o que popularmente se coñece como principio de portas abertas. É unha das maiores diferenzas das cooperativas con respecto a outras figuras mercantís. Neste caso as persoas socias poden solicitar a entrada ou a saída na organización cando o desexen sempre que sexan quen de asumir as responsabilidades que lle atinxen como parte da organización e a solicitude sexa aprobada polo órgano de administración correspondente.

Xestión democrática por parte das persoas socias: "as cooperativas son organizacións xestionadas democraticamente polos socios e socias, as cales participan activamente na fixación

das súas políticas e na toma de decisións. Os homes e as mulleres elixidos para representar e xestionar as cooperativas son responsables ante os socios e socias.

Nas cooperativas de primeiro grao, os socios e as socias teñen igual dereito de voto (un socio, un voto), e as cooperativas de outros graos están tamén organizadas de xeito democrático".

As cooperativas son organizacións profundamente democráticas onde as liñas estratéxicas márcanse na Asemblea Xeral, máximo órgano de decisión, composto pola totalidade das persoas ou entidades socias e onde contan co mesmo valor á hora de votar. Non existindo, por tanto, diferenzas en canto ao capital que aporta cada unha delas.

Participación económica dos e das socias: "As persoas socias contribúen de xeito equitativo ao capital das súas cooperativas e o xestionan de xeito democrático. Polo menos parte dese capital é propiedade común da cooperativa. Os excedentes asígnanse aos fins que persegue a cooperativa, posiblemente mediante o establecemento de reservas das cales, polo menos unha parte serán irrepartibles. O resto beneficiarán as persoas socias en proporción ás súas operacións coa cooperativa; e o apoio a outras actividades aprobadas."

A participación económica das persoas socias enténdese no modelo cooperativo dende dúas perspectivas: aportación de capital para formar parte da organización e control democrático sobre a xestión do mesmo.

Todas as persoas que desexen formar parte da organización deberán aportar as cantidades que se establecen nos estatutos en concepto de capital social e de achegas obrigatorias.

Educación, formación e información: "As cooperativas proporcionan educación e formación ás persoas socias, aos representantes elixidos, aos directivos e directivas e aos empregados e empregadas para que poidan contribuír de xeito eficaz ao desenrolo das súas cooperativas. Elas infórmanlle ao gran público, especialmente á xente nova e aos líderes de opinión, da natureza e beneficios da cooperación."

Este principio débese entender dende dúas perspectivas: a aposta pola educación e formación de todas as persoas que forman parte da organización e o dereito á información sobre todo o que acontece na cooperativa que teñen todas as persoas socias. Igualar a formación de homes e mulleres e democratizar o aceso a información son ferramentas que se ningunha dúbida axudan ao apoderamento das persoas que forman ou participan da organizacións.

Grupo 2: Principios sociais.

Autonomía e independencia: "As cooperativas son organizacións autónomas de auto axuda, xestionadas polos seus socios e socias. Asínanse acordos con outras organizacións, incluídos os gobernos, ou consíguese capital de fontes externas, en termos que aseguren o control democrático por parte dos seus socios e socias e mantemento da súa autonomía cooperativa."

Ambos principios buscan manter á cooperativa libre de influencias ou sometida a outros criterios que non sexan os emanados directamente dos seus órganos de decisión. Hai autoras que indican que este é un dos principios que pode influír en propiciar a participación das mulleres nestas organizacións (Pousada, 2003b).

Cooperación entre cooperativas: "As cooperativas serven aos seus socios e socias o máis eficazmente posible e fortalecen o movemento cooperativo traballando conxuntamente mediante estruturas locais, nacionais, rexionais e internacionais."

Con este principio preténdese a creación de redes e espazos que favorezan os valores cooperativos: axuda mutua, responsabilidade, democracia, igualdade, equidade e solidariedade.

Interese pola comunidade: "As cooperativas traballan para conseguir o desenrolo sostible das súas comunidades mediante políticas aprobadas polos seus socios e socias."

As cooperativas son empresas asentadas nun entorno e como tal deben participar na súa mellora tratando, entre moitas outras cousas, de transmitir os valores e principios do cooperativismo. Este compromiso das cooperativas coa comunidade e co seu desenvolvemento pode axudar a crear un entorno que facilite a participación das mulleres.

Unha vez delimitada a súa concepción e principios reitores vese necesario levar a cabo unha profunda revisión bibliográfica que permita profundar nas súas características como organizacións así como identificar o seu comportamento diferenciado do resto do tecido empresarial. Así, as cooperativas son consideradas como unha ferramenta de apoderar ás comunidades locais e mellorar a cohesión mediante a mobilización de recursos locais (Sonnino e Griggs-Trevarthen, 2013), ademais da expresión máis avanzada da democratización das empresas (Kalmi, 2013). Tamén se recolle como estas organizacións favorecen o benestar xeral, o apoderamento da cidadanía, a equidade, o emprego e o desenvolvemento local (Chaves Ávila e Savall Morera, 2019; Sonnino e Griggs-Trevarthen, 2013; Utting, 2015a).

Son descritas como entidades cunha gran resiliencia (Birchall e Ketilson, 2009; Sonnino e Griggs-Trevarthen, 2013; Sousa e Quarter, 2007) ás que se lles recoñece unha boa capacidade, en especial ás cooperativas de traballo, para responder aos efectos que as crises económicas teñen sobre o emprego ao empregar, entre outros, o axuste salarial como ferramenta. Tamén é recoñecida a súa capacidade para crear empregos de calidade con efectos directos e indirectos na poboación activa (Birchall e Ketilson, 2009; Borzaga et al., 2010; Chaves Ávila e Monzón Campos, 2018; Chaves Ávila e Savall Morera, 2019; Lejarriaga Pérez de las Vacas et al., 2013; Puentes Poyatos e Velasco Gámez, 2009). Estas razóns suxiren o seu comportamento anticíclico, xa que as cooperativas son máis propensas a formarse en economías en declive ou como reacción a tempos difíciles (Delbono e Reggiani, 2013).

Focalizando o obxectivo na súa influencia sobre o emprego, algúns traballos previos destacan a contribución, sobre todo das cooperativas de traballo, na resolución da problemática do desemprego (Kalmi, 2013; Monteleone e Reito, 2018) pois, a diferenza doutro tipo de empresas, priman o mantemento dos postos de traballo, aínda que isto sexa a costa dunha redución das posibles melloras laborais ou beneficios económicos (Pèrotin, 2006). Ademais, poden significar un camiño cara o emprego para grupos desfavorecidos e socialmente excluídos e así contribuír á inserción laboral e social destes colectivos (Bretos e Marcuello, 2017; Lindsay e Hems, 2004; Novkovic, 2008; Thomas, 2004).

Como se pode concluír, existen investigacións sobre as cooperativas que mostran os beneficios destas sobre os diferentes actores cos que se relacionan, xa sexan as persoas socias/propietarias, asalariadas, comunidade local ou cidadanía en xeral. Ademais, en función do tamaño e o alcance global do sector cooperativo, estas organizacións relaciónanse co desenvolvemento e o crecemento económico. Por exemplo, a terceira edición do World Cooperative Monitor[6] revelou que a facturación das 2600 cooperativas máis grandes enquisadas alcanzou os 4,6 billóns de dólares en 2012. A pesar deste enfoque entusiasta, os enfoques teóricos predominantes, principalmente en economía, tenden a descartar estes resultados (por exemplo, Furubotn e Pejovich, 1970 e Ward, 1977) cun recoñecemento limitado do potencial das cooperativas (Hansmann, 1993; 1996) e a miúdo limitando o seu papel a contextos caracterizados por imperfeccións do mercado e fracasos dos gobernos. Ademais, a aplicación de medidas de desempeño tradicionais ás organizacións cooperativas contan con resultados xeralmente pesimistas (Borzaga et al., 2010; Novkovic, 2011). Do mesmo xeito, ao aplicar ás

[6] https://monitor.coop/en

cooperativas de traballo algúns estudos sobre a relación entre estas organizacións e a creación de empresas sinálanse varias limitacións. Por exemplo, as cooperativas de traballo a miúdo teñen dificultades para financiarse; de feito, as institucións financeiras soen facerlle préstamos máis facilmente a empresas non cooperativas, posiblemente debido á estrutura de capital diferente das cooperativas de traballo (Arruñada, 1998; Engberg, 1993). Ademais, a xestión democrática inherente a estas organizacións, pode ser un obstáculo para a toma de decisións ao seren estas tomadas máis lentamente que nunha organización onde o poder está concentrado en poucas persoas. En canto á atracción de talento, as limitacións no recrutamento poden entenderse como unha barreira para achegar novas persoas á entidade (Coque Martínez, 2008). As cooperativas de traballo tamén teñen fortes restricións sobre o uso de beneficios. Por exemplo, na maioría dos países europeos teñen a obriga de dotar fondos sociais obrigatorios - en Galicia como mínimo o 5% ao fondo de formación e promoción e o 20% ao fondo de reserva obrigatorio[7]- e, no caso de ganancias, as cooperativas de traballo deben destinar un 30% deles a cubrir perdas de anos anteriores (Aguilar Rubio, 2017). Ademais, tal e como indicou Birchall (2012) as cooperativas implican un suposto de que existen dúas organizacións: unha asociación de persoas e unha empresa; o que subxace nunha tensión entre a estrutura democrática e a empresarial. Gibson-Graham (2006) resume este enfoque crítico das cooperativas na crenza amplamente estendida de que son organizacións "inxenuas e utópicas, ideoloxizadas, fora do obxectivo, demasiado pequenas e débiles".

En resumo, a investigación sobre as cooperativas parece caracterizarse por unha contradición entre os supostos beneficios sociais e as limitacións indicada polas teorías económicas. En canto á primeira, a investigación comparativa e intercultural sobre as cooperativas e as cooperativas de traballo dan respaldo ao feito de que estas organizacións xeran emprego de maior calidade, maior estabilidade laboral e maior flexibilidade para a adaptación ao optar por axustar os tempos de traballo no canto da forza de traballo o que significa mellores taxas de supervivencia e, polo tanto, mellores indicadores de emprego (Albanese et al., 2019; Calderón e Calderón, 2012; Delbono e Reggiani, 2013; Guzmán et al., 2016; Kruse, 2016; Lambru e Petrescu, 2014; Monteleone e Reito, 2018; Navarra, 2016; Pencavel, et. al 2006; Pèrotin, 2006; Roellants et al., 2014). No que respecta á segunda característica, cabe sinalar que a estimación do papel das cooperativas veuse obstaculizado polas dificultades para extraer resultados xerais de investigacións frecuentes baseadas en sectores ou países específicos, así como pola ausencia de obxectivos comúns entre as investigacións. Así mesmo, é moi discutible a conveniencia de aplicar ás cooperativas as hipóteses e modelos de teorías económicas que son válidas para outros modelos de empresa. Porén, como Kalmi (2013) sinalou hai escasos traballos que intenten explicar a formación de cooperativas en termos económicos; isto reforza os argumentos de Pèrotin (2006, 2016) sobre a necesidade dunha investigación empírica sobre o papel das cooperativas de traballo.

O cooperativismo galego non é alleo a esta situación e xa no Libro Branco do Cooperativismo (2004) se recollen moitas destas eivas e virtudes, algunhas delas tamén identificadas catorce anos máis tarde no Libro Branco da Economía Social (Cancelo e Botana, 2019). Así por exemplo, o primeiro no eido do traballo identifica ao cooperativismo en Galicia como unha ferramenta capaz de incidir naqueles aspectos onde existe unha imperfección no mercado de traballo articulando respostas á temporalidade ou á desigualdade de xénero. Recolle tamén o seu papel facilitador ao mellorar a inserción laboral a colectivos que contan cunha especial dificultade e identifica o seu comportamento anticíclico sendo capaz de manter emprego en situacións pouco favorables. Noutra orde, recoñece a súa importante contribución

[7] Artigo 67 da lei de Cooperativas de Galicia.

ao benestar e á cohesión social e introdúceo como vehículo modernizador, sobre todo no ámbito rural, ao incorporar técnicas produtivas novidosas. Destácase tamén o rol de fixación de poboación xa que as cooperativas, especialmente as de traballo, non deslocalizan a súa produción ao tempo que contan cunha ampla distribución no territorio xa que a meirande parte dos concellos contan con esta realidade empresarial, feito no que se incidirá no seguinte capítulo.

Do mesmo xeito tamén se identifican as problemáticas propias do cooperativismo na realidade galega. Así, as dificultades no acceso ao crédito polas entidades financeiras maioritarias son un dos retos nos que traballar xunto coa incorporación de instrumentos que permitan articular mellor a participación e se incrementar a eficiencia empresarial.

1.2. EVOLUCIÓN LEXISLATIVA

1.2.1. Marco europeo

Atendendo á óptica lexislativa, a Resolución do Parlamento Europeo, do 19 de febreiro de 2009, sobre ES (2008/2250(INI)) significou a aparición, nos diferentes ordenamentos xurídicos, de disposicións legais que se ocupasen desta materia. Esta resolución invita aos estados membros a promulgar leis co obxectivo de dar un maior recoñecemento e promoción e así mellorar a súa visibilidade (Monzón e Chaves, 2016). Foron varios os estados que, seguindo esta recomendación, promulgaron normas propias nesta materia facendo que, o que emanaba duns principios comúns, adquirise diferentes formas legais segundo alí onde se materializaba (Macías Ruano e Pires Manso, 2019).

A Comisión europea, pola súa parte, no ano 2011 aproba a "iniciativa a favor do emprendemento social" que subtitula "construír un ecosistema para promover as empresas sociais no centro da economía e a innovación social". Nela defínese o que son as empresas sociais e adóptase un plan de acción co fin de apoiar o emprendemento social en Europa. Neste documento recoñécese que as empresas sociais e a ES aportan respostas innovadoras aos desafíos actuais xa sexan estes económicos, sociais ou medioambientais (Fajardo García, 2019).

Esta resolución xustifícase, entren outras, pola inexistencia dun marco xurídico a nivel europeo e que as recoñezan e que solo algúns estados membros fan o propio a escala nacional. Por outra banda a Comisión recoñece á ES e as empresas sociais como impulsoras do crecemento económico, con potencial para crear empregos sostibles e para favorecer a inclusión de grupos vulnerables (Parlamento Europeo, 2012). Este recoñecemento leva aparellado consideralas como aliadas na consecución da axenda europea e na de desenrolo sostible, ODS 2030.

As empresas sociais son definidas como entidades que, independentemente da súa forma xurídica, presentan as seguintes características:

a. Teñen como obxectivo primordial a consecución dun impacto social positivo e medible.

b. Empregue os seus beneficios principalmente para a consecución dos seus obxectivos primordiais, no canto de repartilos.

c. Ser obxecto dunha xestión responsable e transparente, en especial involucrando aos empregados, á clientela e ás persoas interesadas afectadas pola súa actividade empresarial.

En canto ao plan de acción pódense observar diferentes medidas diferenciadas atendendo ao seu fin en: mellorar o acceso ao financiamento, entorno xurídico ou a visibilidade do emprendemento social (Fajardo García, 2019). Así, entre as primeiras, recoñécese para as empresas sociais a prioridade na aplicación do Fondo Social Europeo e o Fondo de Desenvolvemento Rexional (FEDER). Emanan tamén desta resolución os Fondos de

Emprendemento Social Europeo (FESE)[8] que pretenden proporcionar financiamento ás empresas que impulsan o cambio social ao ofrecer solucións innovadoras a problemas sociais. Con referencia á mellora do entorno xurídico, destaca a necesidade da redacción do estatuto europeo das empresas sociais que na actualidade está a ser debatido a través dunha iniciativa lexislativa[9] e as reformas normativas que regulan a contratación pública co fin de instar ao uso das cláusulas sociais. Con este fin promúlganse as Directivas 2014/23/UE do Parlamento Europeo e 2014/24/UE do Consello, 26.2.2014 sobre Contratación Pública que recoñecen a estas entidades e á economía social, aínda que sen mencionalas expresamente. Por último, no eido da visibilidade, ínstase á necesidade de crear un mapa das empresas sociais en Europa e os seus ecosistemas.

Si se atende á perspectiva académica existe, nos últimos anos unha dialéctica constante entre os termos de empresa social e ES. O primeiro está a ser analizado ao longo do presente traballo ao ser a base do obxecto de estudo da investigación proposta. Como xa dixemos existe unha definición admitida e que emana directamente da entidade académica de referencia: CIRIEC internacional. Nesta definición as empresas sociais atoparíanse dentro da ES.

En canto ao segundo, as empresas sociais, un concepto emerxente pero que ten unha vasta aparición na literatura a partir da última década (Savall, 2014). Con todo non existe unha definición consensuada (Chaves Ávila e Monzón Campos, 2018). Se atendemos ao ámbito europeo, a rede europea de investigación EMES establece a existencia de nove criterios, agrupados en tres bloques, que identificarían ás empresas sociais: (1) dimensión económica, xa que se trata dunha actividade continua que produce bens e servizos, cun nivel de risco económico e coa existencia de traballo remunerado; (2) dimensión social, xa que conta cun obxecto social claro que beneficia á comunidade, debe ser unha entidade lanzada por un grupo de persoas ou de organizacións da sociedade civil e ten que existir unha distribución dos beneficios limitada; (3) goberno participativo, as empresas sociais deben contar cun alto grado de autonomía, o poder de decisión non debe basearse no capital e ten que existir unha natureza participativa que afecte a diferentes partes da actividade (Defourny e Nyssens, 2012).

Como se pode observar neste último enfoque académico as empresas sociais transcenderían as fronteiras da ES podendo incluír outras fórmulas societarias diferentes.

Seguindo no eido lexislativo europeo, está a ter lugar, no seo da Comisión, a elaboración dun ambicioso Plan de Acción para a ES, cuxa aprobación está prevista para 2021, que porá en valor o papel da ES como ferramenta para acadar un futuro sostible, inclusivo e que garanta maiores cotas de benestar. Sen dúbida, a ES ao posibilitar o emprendemento colectivo como motor da re industrialización europea debe ser unha ferramenta moi a ter en conta. Este futuro plan terá unha vixencia de cinco anos e converterase nun elemento clave para que a ES se incorpore ás axenda e políticas de desenvolvemento socioeconómico europea e tamén, á estratexia para a consecución dos ODS.

En relación aos estados membro catro son os que contan cunha normativa marco que regula a ES (España, Bélxica, Portugal e Romanía) e outros dous (Francia e Grecia) inclúen tamén a economía solidaria. En calquera caso, os seis países coinciden, nas súas normas, en que o obxectivo é aumentar a visibilidade e en establecer medidas para o seu fomento (Fajardo García, 2019).

Por último, neste ámbito europeo, cabe destacar os traballos realizados por Monzón e Chaves concretamente os que realizan unha análise comparada da situación nos diferentes estados membros (2016; 2012; 2008). Neles pódense identificar cales son os consensos

[8] https://www.boe.es/doue/2013/115/L00018-00038.pdf

[9] http://www.europarl.europa.eu/RegData/etudes/STUD/2017/583123/IPOL_STU(2017)583123_EN.pdf

existentes e entre que entidades das recollidas no marco da definición de ES. Así do traballo de 2008 pódense tirar tres conclusións que as resume:

- Os compoñentes que cada estado recolle dentro do termo ES varían de xeito significativo, existindo formas empresariais propias nalgúns países.
- A concepción de ES máis estendida é a que recolle ás cooperativas, mutuas, asociación e fundacións.
- No caso das cooperativas existe un consenso xeral de que estas entidades forman parte da economía social.

1.2.2. Marco estatal

A análise das medidas para promover a ES en España debe comezar coa referencia á Constitución Española (CE), no marco do título VII Economía e finanzas e máis concretamente no artigo 129 deste regulamento. Se ben o primeiro punto do artigo prevé a participación dos cidadáns en todo tipo de organizacións que afectan á calidade de vida e ao benestar –incluído o sistema de seguridade social–, o segundo inclúe plenamente o recoñecemento do dereito á participación na empresa , así como na promoción de cooperativas e acceso aos medios de produción:

1. A lei establecerá as formas de participación dos interesados na Seguridade Social e na actividade dos organismos públicos cuxa función afecta directamente á calidade de vida ou ao benestar xeral.
2. Os poderes públicos promoverán efectivamente as distintas formas de participación na empresa e promoverán, mediante unha lexislación adecuada, as sociedades cooperativas. Tamén establecerán os medios que faciliten o acceso dos traballadores á propiedade dos medios de produción.

Nesta segunda sección hai tres mandatos subxacentes -a participación dos traballadores na empresa, a promoción do cooperativismo e o acceso á propiedade dos medios de produción- cuxo suposto implica a ordenación da promoción e desenvolvemento de cooperativas e sociedades. En consecuencia, as leis que emanan deste precepto valoran a fórmula cooperativa como medio para facilitar a integración dos cidadáns nos diferentes sectores da actividade económica do país e as sociedades laborais como medio de participación nos medios de produción.

Posteriormente, e seguindo a Recomendación do Parlamento Europeo de 2009 (19 de febreiro)[10], apróbase a Lei 5/2011 do 29 de marzo, de Economía Social, sendo a primeira lei marco que se promulga no conxunto da Unión. Esta Lei, que conta na súa concepción e desenvolvemento coa análise realizada por un grupo de expertos españois na materia, nace co obxectivo de configurar un marco xurídico para dar visibilidade ás entidades de economía social, establecendo os principios orientadores nos que se basean estas entidades; a necesidade da promoción, estímulo e desenvolvemento das mesmas ou a importancia da súa interlocución cos poderes públicos, entre outras cuestións. O texto legal define a ES como un "conxunto das actividades económicas e empresariais[11], que no ámbito privado levan a cabo aquelas entidades

[10]A ES é considerada un dos alicerces do modelo social europeo como axente chave para o logro dos obxectivos de Lisboa. Tal e como establece a Resolución do Parlamento Europeo do 19 de febreiro de 2009, sobre ES (2008/2250 (INI)) "xoga un rol esencial na economía europea conxugando rendibilidade e solidariedade, creando empregos de calidade, reforzando a cohesión social, económica e territorial, xerando capital social, promovendo unha cidadanía activa, a solidariedade e unha forma de economía dotada de valores democráticos, que sitúa ao ser humano nun primeiro plano e contribúe ao desenvolvemento sustentable e á innovación social, ambiental e tecnolóxica". Esta declaración resume a esencia dun modelo onde as persoas e os seus intereses no proceso de produción e distribución prevalecen sobre o capital (García-Gutiérrez Fernández, 2002) e as empresas priorizan os beneficios á sociedade sobre a rendibilidade financeira.

[11] Cabe destacar que esta definición suscitou diferentes críticas relacionadas, basicamente, con que sería máis axeitado referirse á economía social como unha forma particular de emprender ou desenvolver actividades económicas (Fajardo Garcia, 2018).

que de conformidade cos principios (…) perseguen ben o interese colectivo dos seus integrantes, ben o interese xeral económico ou social, ou ambos os dous" (art. 2).

A definición así desenvolta recoñece a existencia de diversos modelos de organización que se lexitimarían por seguir os principios orientadores que parecen recoñecidos e especificados no art. 4: (i) a primacía das persoas e do fin social sobre o capital, (ii) a aplicación dos resultados obtidos da actividade económica ao fin social obxecto da entidade, (iii) a promoción da solidariedade interna e coa sociedade para favorecer o desenvolvemento local, a igualdade de oportunidades, e a cohesión social, entre outros resultados e (iv) a independencia respecto a os poderes públicos:

"As entidades da ES actúan en base aos seguintes principios orientadores:

a) Primacía das persoas e do fin social sobre o capital, que se concreta en xestión autónoma e transparente, democrática e participativa, que leva a priorizar a toma de decisións máis en función das persoas e as súas achegas de traballo e servizos prestados á entidade ou en función do fin social, que en relación ás súas achegas ao capital social.

b) Aplicación dos resultados obtidos da actividade económica principalmente en función do traballo achegado e servizo ou actividade realizada polas socias e socios ou polos seus membros e, no seu caso, ao fin social obxecto da entidade.

c) Promoción da solidariedade interna e coa sociedade que favoreza o compromiso co desenvolvemento local, a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a cohesión social, a inserción de persoas en risco de exclusión social, a xeración de emprego estable e de calidade, a conciliación da vida persoal, familiar e laboral e a sustentabilidade.

d) Independencia respecto aos poderes públicos."

Ademais, o art. 5 identifica as diferentes entidades que entran no contexto de aplicación da Lei de ES.

"1. Forman parte da ES as cooperativas, as mutualidades, as fundacións e as asociacións que leven a cabo actividade económica, as sociedades laborais, as empresas de inserción, os centros especiais de emprego, as confrarías de pescadores, as sociedades agrarias de transformación e as entidades singulares creadas por normas específicas que se rexan polos principios establecidos no artigo anterior.

2. Así mesmo, poderán formar parte da ES aquelas entidades que realicen actividade económica e empresarial, cuxas regras de funcionamento respondan ós principios enumerados no artigo anterior, e que sexan incluídas no catálogo de entidades establecido no artigo 6 desta Lei.

3. En todo caso, as entidades da ES regularanse polas súas propias normas específicas."

Cabe sinalar que, pese ao recoñecemento destas entidades "por dereito" á ES, a lei deixa aberta a posibilidade de inclusión doutras organizacións que pola súa natureza económica e empresarial respondan ós principios anteriores (art. 5.2). Estas organizacións serán autorizadas pola unidade organizativa competente en materia de traballo para a súa inscrición no Catálogo de entidades de ES previo informe do Consello para o Fomento da ES (art. 6).

Seis anos despois, en decembro de 2017, apróbase a Estratexia Española de ES 2017-20202. Esta nova ferramenta de promoción da ES nace cos obxectivos de resaltar e potenciar os elementos que diferencian as organizacións neste ámbito no marco dun mercado único, e promover estas entidades coa posta en marcha de programas, proxectos e fondos. Este compromiso co desenvolvemento e o impulso veuse influído pola percepción da capacidade da ES para a xeración de emprego de calidade, o aumento do benestar público, o apoderamento da cidadanía e o efecto no desenvolvemento local, especialmente en contextos de crise (Amin, 2013; Eynaud, 2014; Melian Navarro e Campos Climent, 2010; Stiglitz, 2009; Utting, 2015; Wilkinson et al., 2014).

Para facilitar a consecución destes obxectivos, a estratexia estrutúrase en 11 eixos estratéxicos de actuación que, a súa vez, se articulan en 63 medidas. Como se observa na **Táboa 1**, pódense distinguir como cada un está orientado ao logro das diferentes metas propostas. Así, os eixos estratéxicos 8, 9 e 10 (promover a visibilidade e difusión da actividade das entidades de ES; igualdade de xénero e inclusión social ou responsabilidade social empresarial no sector, respectivamente) están relacionados co obxectivo de visibilizar os elementos e valores diferenciais e inherentes á ES. Para o apoderamento das entidades do sector deseñáronse dous eixos específicos (apoio ao uso, a empresa e a consolidación de empresas neste campo da economía, 1 e 2). Na mesma liña, outras iniciativas están vinculadas ao fortalecemento do ecosistema da ES, xa sexa de xeito instrumental (eixo 3, eliminación de barreras legais); desenvolvemento institucional (promoción da participación institucional do sector); desenvolvemento internacional ou vinculación coa Axenda dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (eixos 6, 7 e 11). Por último, a busca de novas áreas de acción para as entidades de ES (eixo 4, xeración de mecanismos innovadores de participación en sectores estratéxicos, e 5, potenciar a economía dixital nas actividades de ES).

Táboa 1 Eixos estratéxicos de actuación da Estratexia Española de ES 2017 - 2020

Eixo 1: Apoio ao emprego e ao emprendemento no ámbito da ES.
Eixo 2: Impulso á consolidación de empresas da ES e o seu crecemento.
Eixo 3: Análise e desenvolvemento do marco xurídico da ES, co obxecto de eliminar as barreiras que poidan impedir ou limitar o seu desenvolvemento.
Eixo 4: Xeración de mecanismos innovadores de participación da ES en sectores estratéxicos.
Eixo 5: Impulso da Economía Dixital nas entidades de ES.
Eixo 6: Fomento da participación institucional da ES.
Eixo 7: Desenvolvemento da ES no marco da Axenda Internacional e, en especial, en Iberoamérica, Europa e Mediterráneo.
Eixo 8: Incremento da visibilidade das entidades da ES e difusión da súa actividade.
Eixo 9: Fomento da igualdade de xénero e da inclusión social na ES.
Eixo 10: Impulso da responsabilidade social no marco das entidades da ES.
Eixo 11: Participación da ES no deseño e implantación da Axenda dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) das Nacións Unidas.

Os distintos eixos articúlanse nunha serie de medidas concretas, que se recollen na **Táboa 2**. Como se pode comprobar, cada un dos eixos antes definidos materialízase nun catálogo de accións definidas para simplificar e facilitar a consecución dos obxectivos estratéxicos. En particular, destacan todas aquelas medidas orientadas a facilitar a creación e consolidación das empresas de ES, como a creación do Rexistro Telemático de Cooperativas de Ámbito Estatal, que permitirá reducir trabas administrativas; o amplo abano de medidas para facilitar a substitución xeracional ou as actuacións tendentes a converter empresas mercantís ordinarias en entidades da ES. Tamén se aposta pola creación do Primeiro Catálogo nacional das entidades da ES e un Selo de Entidade da Economía Social. No campo de formación e profesionalización do capital humano, está previsto a posta en funcionamento dun certificado de profesionalidade específico para a ES, como parte do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais (CNCP).

En canto a súa implantación, a primeira Fase do Plan de Acción finalizou en 2019; a segunda fase abarcará ata 2020. Ademais, e para garantir a avaliación dos resultados, contémplase a elaboración dun informe anual ante o Consello para o fomento da ES.

Táboa 2 Medidas de actuación da Estratexia Española de ES 2017-2020

Eixo	Medidas de actuación
Eixo 1	1. Análise da presenza e a proxección das entidades da ES co obxecto de recoñecer a súa contribución á xeración de emprego e ó fomento do tecido empresarial. 2. Incentivar o emprego nas entidades da ES. 3. Formación dos traballadores e socios da ES; Apoio ás entidades representativas da ES na súa participación na Formación Profesional. 4. Promover a inclusión da ES en todas as actuacións de fomento do emprendemento, especialmente no autoemprego. 5. Traspoñer a Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública co obxecto de introducir vantaxes nas empresas de ES. 6. Impulsar a participación da ES na avaliación, deseño e na definición dos marcos estratéxicos para a coordinación e execución das políticas activas de emprego e de fomento do emprendemento. 7. Aplicar aos autónomos que traballan na ES das medidas a favor deste colectivo.
Eixo 2	8. Integrar ás empresas da ES nas estratexias para mellorar a produtividade. 9. Apoiar e titorizar a transformación de empresas mercantís ordinarias en entidades da ES. 10. Crear cooperativas, sociedades laborais e outras fórmulas da ES. 11. Reforzar as medidas de coordinación co Plan Estatal de Integración Asociativa (2015-2020) 12. Apoio á internacionalización das empresas de ES.
Eixo 3	13. Revisar a normativa para eliminar as limitacións ás entidades de ES. 14. Estudo do concepto de empresa social na normativa española e análise da súa posible relación coa normativa europea. 15. Adopción das medidas necesarias para garantir a eficacia da loita contra a fraude na ES. 16. Desenvolvemento normativo da Lei 44/2015 de Sociedades Laborais e Participadas. 17.Creación do Rexistro Telemático de Cooperativas de ámbito estatal. 18.Elaboración do Catálogo das entidades da ES. 19. Creación do Selo de Entidade da ES.
Eixo 4	20. Promover que as empresas da ES participen en actividades de I+D+i. 21. Desenvolvemento e utilización das fórmulas de colaboración público-privada na prestación de servizos públicos. 22. Fomento da cooperación interinstitucional para o desenvolvemento da ES.
Eixo 5	3. Fomentar o emprendemento nos sectores emerxentes e de base tecnolóxica e o mprendemento *on-line*. 4. Execución de estudos relativos ao desenvolvemento tecnolóxico e a implantación as TIC na ES. 5. Realización de xornadas, cursos e seminarios de formación en TIC aplicadas á ES.
Eixo 6	26. Renovación do Consello para o Fomento da ES 27. Coordinación entre o Consello de Fomento da ES e outros Consellos análogos. 28. Impulso dos mecanismos de participación no Diálogo Social. 29. Impulsar a creación dun grupo de traballo de ES no marco da Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais. 30. Impulsar a incorporación da ES ao Comité Consultivo do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia. 31. Promover que a ES participe nos Comités de Seguimento do Fondo Social Europeo (FSE).
Eixo 7	32. Dar visibilidade ás actuacións que se desenvolven no Programa Operativo de Inclusión Social e ES do FSE 2014-2020. 33. Impulsar nas institucións europeas a aprobación dun Plan de Acción Europeo 2018-2020 en materia de ES. 34. Impulsar as Declaracións das Conferencias Europeas en materia de ES. 35. Promover a participación española nos foros europeos de fomento da ES. 36. Reforzar a coordinación da acción no exterior entre os responsables dos Departamentos Ministeriais. 37. Fomentar a inclusión da ES na axenda internacional do Goberno de España. 38. Promover a cooperación e colaboración no ámbito da ES cos países da contorna mediterráneo.

	39. Intensificar a cooperación con Iberoamérica para o fomento da ES. 40. Promover a participación de España na Academia sobre ES e Solidaria da Organización Internacional do Traballo (OIT). 41. Reforzar a cooperación en materia de ES e Solidaria con outros países de Iberoamérica.
Eixo 8	42. Fomentar a elaboración de publicacións de calidade e estudos especializados sobre as entidades da ES. 43. Promover a inclusión da ES nos currículos das diferentes etapas educativas. 44. Promoción do Día Europeo das empresas da ES. 45. Promover a información estatística da ES. 46. Fomentar a transferencia de coñecementos entre as empresas de ES, a universidade e outras centros de investigación. 47. Incrementar a visibilidade das entidades da ES nos sitios *web* das Administracións Públicas.
Eixo 9	48. Elaboración de informes sobre presenza de mulleres nas entidades da ES . 49. Facilitar ás empresas de ES a súa integración en iniciativas destinadas potenciar a igualdade efectiva entre mulleres e homes. 50. Promoción do coñecemento e do acceso ás entidades da ES para a implementación de medidas ou plans de igualdade. 51. Xornadas técnicas sobre a aplicación dos principios de Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e de igualdade de trato e non discriminación, dirixidas a entidades da ES. 52. Seguimento da evolución e publicación dos datos do número de persoas en situación de exclusión social en empresas de inserción e demais empresas e entidades da ES. 53. Realización de informes de seguimento e avaliacións das medidas dende unha perspectiva de xénero.
Eixo 10	54. Promover a aplicación da Estratexia Española de Responsabilidade Social das Empresas (RSE) 2014-2020 á ES. 55. Impulso á realización de memorias de RSE pola parte das entidades da ES. 56. Xeración de espazos de boas prácticas e intercambio de experiencias en RSE para a ES. 57. Promover a incorporación da RSE nas actuacións da ES. 58. Apoio e coordinación coas ferramentas de medición da RSE en ES.
Eixo 11	59. Fomentar a participación da ES no deseño e implementación da estratexia ou estratexias a implementación e aplicación dos ODS a nivel estatal. 60. Promover a incorporación das empresas de ES como un elemento crave do sector privado nas políticas de cooperación ao desenvolvemento. 61. Apoiar accións de visibilidade que poñan en valor a contribución da ES aos ODS a nivel estatal e internacional 62. Promover a inclusión da ES no Plan Nacional de Empresas e Dereito Humanos. 63. Realizar accións de sensibilización e información dirixidas ao tecido empresarial da ES sobre os ODS.

1.2.3. Marco galego

Galicia, pola súa banda, exerce máis recentemente as súas competencias autonómicas en materia lexislativa promulgando a Lei 6/2016 do 4 de maio de ES de Galicia (Diario Oficial de Galicia –DOG- nº 93 de 18/05/2016). Cabe sinalar que a comunidade autónoma galega é pioneira neste contexto, ao ser primeira comunidade autónoma en promulgar unha lei de ámbito autonómico en España. Este texto legal conceptualiza a ES como o conxunto de actividades económicas e empresariais que, no ámbito privado, levan a cabo aquelas entidades que se rexen polos valores e principios recollidos na citada lei[12], e que perseguen o interese colectivo das persoas que as integran, ou o interese xeral económico ou social (art.3). Estas entidades

[12] O art. 5 da lei establece os valores e principios que caracterizan ás empresas de ES. En relación cos primeiros, son un reflexo da prevalencia das persoas no marco de actuacións: axuda mutua, responsabilidade, democracia, igualdade, equidade, solidariedade, honestidade, transparencia, autonomía, autoxestión, responsabilidade social e preocupación polas persoas. Os principios orientadores, pola súa banda, abundan esta primacía que se traslada ao funcionamento empresarial na medida en que a toma de decisións, a xestión e a aplicación de resultados réxense polas achegas persoais, non polas achegas ao capital social (art. 5.a e 5. b). Tamén debe trasladarse ao fin social da entidade, relacionado co interese colectivo, xeral e/ou social (art. 5. b e 5. c). Destácase tamén a independencia das entidades respecto dos poderes públicos (5.d).

comparten desafíos propios da sociedade moderna como a conciliación da vida familiar, persoal e laboral; a aposta pola innovación, a implicación social na contorna ou a defensa do desenvolvemento sustentable. Cabe sinalar que, a diferenza do preámbulo da Lei española, a galega incorpora os valores nos que se inspiran as entidades da ES e que servirán de base aos propios principios. Con relación a estes, a lei galega incorpora dous principios adicionais, o primeiro deles froito das características propias do territorio galego que marcan o necesario compromiso co rural e a necesidade de afrontar os retos que se presentan debido ao alongamento da idade da poboación:

> "e) O compromiso co territorio, fronte ao despoboamento e o envellecemento no medio rural galego, inxectando estabilidade e futuro.
> f) O fortalecemento da democracia institucional e económica."

Estas características especiais conforman o marco de aplicación da lei, concentrado nun círculo de ES que se conforma ao redor de tres familias: empresas (cooperativas, sociedades laborais, de inserción, centros especiais de emprego e sociedades agrarias de transformación); mutualidades e asociacións, ou fundacións que leven a cabo actividade económica. A lei galega pretende adaptar o marco regulador estatal á realidade socioeconómica de Galicia, polo que inclúe de forma expresa no marco de actuación da lei ás comunidades de montes veciñais en man común, institución peculiar recollida no dereito civil galego[13]. Xunto coa regulación do marco de participación no sector para favorecer a coordinación de actuacións en materia de ES (capítulo 3 da Lei, desenvolvemento do Consello da ES de Galicia[14]), a lei expándese na determinación de actividades para a promoción, fomento e difusión da ES na comunidade galega. Neste contexto faise referencia expresa á Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a ES, creada por Decreto 225/2012, do 15 de novembro.

Cabe destacar que a lei outorga un papel protagonista á capacidade da ES como xeradora de emprego. Deste xeito, a Disposición Adicional primeira modifica a Lei 5/1998 de cooperativas de Galicia, incidindo na promoción do autoemprego e a consolidación dunha nova clase de cooperativas constituídas por persoas novas que facilitan o autoemprego cooperativo. Así mesmo, a lei galega refire o papel protagonista do cooperativismo, incorporando como novidade a figura da cooperativa xuvenil, con menores requisitos de capital social mínimo requirido e que simplifica e abarata os trámites administrativos para a súa constitución. Por tanto, infírese que a Rede Eusumo debe ocupar un espazo decisivo na súa capacidade potencial para impulsar o emprendemento no territorio galego.

Fora do articulado, concretamente na disposición adicional quinta, a Lei de ES galega insta á Xunta de Galicia a poñer en marcha un "Plan galego de impulso das entidades da ES" e que preste unha particular atención a aquelas que contan cun singular arraigamento e ás que xeren emprego nos sectores máis desfavorecidos. Así, en decembro de 2018 ponse en marcha a

[13] Segundo os datos da Consellería de Montes de la Xunta de Galicia, máis de 700 mil hectáreas (aproximadamente unha cuarta parte do territorio galego) correspóndense a monte veciñal en propiedade común, xestionados por 2.800 comunidades de montes. A achega destas comunidades para valorizar o papel dos montes na creación de emprego e a xeración de riqueza, unha singularidade da CC. AA. de Galicia, fai xurdir a necesidade de que na lei galega se incorporen estas comunidades e mancomunidades de montes veciñais en man común. Outras entidades de particular relevancia para Galicia, as confrarías de pescadores, xa se atopan expresamente incluídas na lei estatal.

[14] No marco da adaptación da lei á realidade socioeconómica galega, cabe destacar que se segue mantendo o Consello Galego de Cooperativas como órgano de representación, asesoramento e interlocución do cooperativismo no ámbito da Comunidade Autónoma. Consello da ES de Galicia coordinará as súas actuacións coas do Consello Galego de Cooperativas, a través dunha comisión específica paritaria (Disposición Adicional Primeira).

Estratexia Galega de ES concedida coa visión de xerar máis emprego, garantir unha mellor redistribución dos recursos e favorecer a cohesión territorial e social.

Sustentada en tres eixos de traballo: sumar capacidades, sumar sustentabilidade e sumar identidade a Estratexia agrupa vinte cinco accións onde once de elas de nova creación. Contaba cun orzamento de 73 millóns de euros para a súa execución entre os anos 2019 e 2021. Entre os seus obxectivos destaca a aposta polo emprendemento marcando como reto a creación de 300 novas entidades de ES, nas que as súas fundadoras sexan, cando menos, o 50% mulleres. Para facilitar o nacemento de novas entidades, a Xunta de Galicia propón axilizar os trámites burocráticos reducindo á metade o tempo de constitución. Por último, tamén se fai incidencia na creación de novos postos de traballo marcando como fito da Estratexia a creación de 3.000 novos empregos.

1.3. OBXECTO DE ACTUACIÓN PÚBLICA

Analizado xa o concepto de ES dende a perspectiva histórica e seu marco lexislativo é a quenda agora de determinar a percepción que os *policy makers* teñen desta realidade para así axudar a determinar os tipos de intervencións que se poden levar a cabo a través das políticas públicas e poder abordar a súa clasificación. Así, dependendo de cal sexa a concepción que se ten da ES pódense identificar dúas liñas de actuación as de longo ou as de curto percorrido (Chaves Ávila et al., 2011; Demoustier, 1999; Savall, 2014).

Seguindo as concepcións dos traballos de Chaves (2008) e Chaves e Monzón (2012a) nas políticas de longo percorrido considerase a ES como un obxecto en si mesmo sobre o que hai que intervir e, polo tanto, configúranse actuacións de ordenación. Esta concepción tamén se identifica coas políticas regulatorias, de pedidos ou "ordnungspolitik". Aquí a ES é concibida como axente que contribúe ao benestar social e, polo tanto, deben potenciarse os seus valores e principios ao estaren acorde coa sociedade. Pódense identificar tres obxectivos das políticas que emanan desta concepción: (1) establecer un marco xurídico-fiscal favorecedor; (2) impulsar o seu coñecemento e a súa visibilidade; e (3) deseñar as medidas económico-financeiras precisas.

Segundo os mesmos estudos, as actuacións de curto percorrido consideran a ES como unha ferramenta para alcanzar obxectivos máis amplos e, polo tanto, propoñen medidas políticas de procedementos ou "prozesspolitik". Cando esta concepción é a dominante, a ES xa non é parte estrutural do sistema se non que este a emprega para chegar a uns fins. Así, por exemplo, as altas taxas de desemprego, especialmente en persoas con discapacidade, ou a deslocalización de empresas poderíanse abordar a través dos centros especiais de emprego ou das cooperativas de traballo.

Estase, polo tanto, no primeiro caso diante de medidas estables que estruturan o propio sistema económico e no segundo de medidas transitorias que perduran mentres o fai a problemática específica e os *policy makers* lles outorgan esta prioridade. En España e en Galicia estes dous tipos de políticas conviven de xeito simultáneo polo que se poden atopar iniciativas de longo percorrido, como por exemplo as leis de ES, ou de curto percorrido como as facilidades existentes para a capitalización do desemprego.

Non obstante, existen numerosas evidencias que corroboran o papel transformador da ES na sociedade e diversos son tamén os traballos científicos que dan conta desta realidade ao longo dos anos. Realizarase a continuación un breve percorrido a través de diferentes estudos, traballos e informes que os recollen. Compre salientar, primeiramente, que é a propia administración europea, tal e como xa se ten indicado con anterioridade, a que lle recoñece estas capacidades e polo tanto a promotora de moitos dos traballos realizados. Outra das institucións internacionais que tamén ten identificada esta capacidade transformadora son as

Nacións Unidas. Así, no ano 2013 nace, o grupo de Traballo Interinstitucional das Nacións Unidas sobre a ES e Solidaria (UNTFSSE)[15], que ten por obxectivo aumentar a visibilidade da ES no sistema das nacións unidas e máis alá. Na actualidade o grupo conta con 14 entidades observadoras e está formado por 18 axencias da ONU e da OCDE entre os que se encontra a Organización Internacional do Traballo (OIT), que actúa como secretaría, e o Instituto de Investigacións da ONU para o Desenvolvemento Social (UNRISD). Por último, no eido institucional, indicar que a OIT dende a súa constitución no ano 1919 recoñeceulle importancia ás cooperativas para cumprir o seu mandato de xustiza social e pleno emprego. Así no ano 1920 pon en marcha a Unidade de Cooperativas[16] que actualmente tamén aborda as actividades correspondentes ás empresas de ES e solidaria e que conta cunha estratexia de tres eixos: (1) promoción de cooperativas e outras entidades de ES e solidaria; (2) fomentar o traballo decente como unha prioridade na axenda do movemento cooperativo e (3) asegurar que as especificidades das cooperativas sexan recoñecidas na análise, a política e as accións.

Estas tres institucións, a Unión Europea, o UNTFSSE e a OIT, contan con bibliotecas ou catálogos onde recompilan os traballos e estudos realizados por elas ou en colaboracións con outras entidades sobre ás diferentes contribucións da economía social. Estas ferramentas tamén realizan unha destacada contribución a súa visibilidade.

Pola súa banda, na análise da bibliografía máis próxima ao eido académico, pódese destacar a contribución da ES á consecución dunha sociedade mellor sobre todo en catro perspectivas: o desenvolvemento económico (sobre todo o local ou propio do territorio), como complementaria á protección social, á cohesión social e á redistribución da riqueza. Nos últimos anos destaca a súa contribución á consecución dos ODS, mais esta análise abordarase de xeito máis completo no apartado cuarto deste capítulo por ser este un dos ámbitos de estudo desta tese.

A aportación da ES ao **desenvolvemento económico** conta con multitude de estudos que mostran evidencias e datos da súa contribución neste eido. Así, Millstone (2013) indicaba como o modelo de Cleveland[17], que se sustenta nestas empresas, favorece ao desenvolvemento local ao satisfacer as necesidades da comunidade. No continente africano, concretamente en Sudáfrica, Khumalo (2014) destaca como é necesario mellorar o ecosistema de fomento das cooperativas para abordar algúns dos grandes retos aos que se enfronta esta sociedade: alta taxa de deserción, desafíos de liderado e a falta de estabilidade.

En España destacan os traballos das investigadoras Pérez e Valiente (2021; 2020; 2015) que teñen destacado a capacidade de influencia da ES sobre a xeración de emprego, principalmente no autoemprego, como os principios das cooperativas impulsan o desenvolvemento sostible e como este se relaciona co territorio.

No eido **da protección social**, destaca o papel das mutuas de previsión social que son unhas das entidades máis estendida, como xa se ten citado, dentro da ES europea. En España estas entidades son definidas pola Lei 20/2015, de 14 de xullo, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras (LOSSEAR) como entidades aseguradoras privadas de propiedade colectiva e sen ánimo de lucro que exercen unha modalidade

[15] https://unsse.org/

[16] https://ilo.org/coop

[17] O modelo Cleveland e a experiencia comunitaria que se está a levar a cabo nesta cidade norteamericana do estado de Ohio e no que se pretende transformar a economía da cidade a través da creación de empresas de propiedade das persoas traballadoras. Este é unha experiencia piloto pensada para as economías en decadencia de Estados Unidos.
Para saber máis: https://community-wealth.org/content/cleveland-model-how-evergreen-cooperatives-are-building-community-wealth

aseguradora de carácter voluntario complementaria ao sistema de Seguridade Social. Destaca xa, por tanto esta contribución á protección social.

Outras dúas entidades destacan no ordenamento xurídico español, neste caso cunha menor permeabilidade en Europa, as empresas de inserción e os centros especiais de emprego. Estas organizacións, que se poden englobar dentro do xa mencionado concepto de empresas sociais, son concibidas para, a través da xeración do emprego, favorecer o aceso ao mercado de traballos de certos colectivos de persoas. Polo tanto, levan a cabo esta ampliación da protección social a través da xeración de emprego e consecuente inserción sociolaboral de certos colectivos.

As empresas de inserción son definidas no artigo 62 da Lei 10/2013, de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia como aquelas sociedades mercantís ou cooperativas que, cualificadas pola Xunta de Galicia, realicen calquera tipo de actividade económica de produción de bens ou prestación servizos, que teñan como obxecto social a integración e a formación sociolaboral das persoas en situación de exclusión social e que actúe como espazo de tránsito ao emprego ordinario. Estas entidades son promovidas por entidades sen ánimo de lucro que teñan por obxecto social a inserción sociolaboral de persoas desfavorecidas. Varios son os traballos que acreditan o éxito deste modelo empresarial a través de diferentes métodos de investigación (Melian Navarro et al, 2011; Quintao, 2007; Retolaza Avalos et al., 2007).

Pola súa banda, os centros especiais de emprego son organizacións nas que a súa principal característica é que a maioría das persoas que desempeñan o seu traballo nelas teñen algún tipo de discapacidade acreditado superior ao 33%. Son definidos como empresas cuxo obxectivo principal é o de realizar unha actividade produtiva de bens ou de servizos, participando regularmente nas operacións de mercado, e teñen como finalidade asegurar un emprego remunerado para as persoas con discapacidade; á vez que son un medio de inclusión do maior número destas persoas no réxime de emprego ordinario. Estas entidades poden ser cualificadas como ordinarias ou de iniciativa social, sendo estas últimas os que contan cunha maior aceptación dentro da ES.

Ao igual que no caso das empresas de inserción, son varios os traballos que acreditan o papel destas entidades (Calderón Milán, 2012a; Rubio Arribas, 2003; Rodríguez Álvarez, 2012).

En canto á contribución á **cohesión social** dous traballos son os que deben ser mencionados: os de Mozas e Bernal (2006) e o máis recente asinado por Matei e Dorobantu (2015). O primeiro fai fincapé na incidencia, sobre todo nas zonas rurais ou deprimidas, do conxunto das entidades de ES mostrando unha visión de conxunto pouco empregada ate o momento. Matei e Dorobantu volven empregar esa visión de globalidade da ES así como os resultados que acreditan o papel xerador da ES formando novas mentalidades para o entorno socioeconómico local.

Por último, e en canto á **redistribución da renda** é unha das contribucións que contan cun estudo máis dilatado no tempo centrado maioritariamente no eido das cooperativas. Por exemplo, os traballos de Gordon (2016) e de Iliopoulos e Hendrikse (2009) levan a cabo un percorrido bibliográfico que identifica varios casos de cooperativas que acreditan este papel de redistribución así como outros traballos académicos que acreditan este comportamento dentro das cooperativas de traballo.

Queda, polo tanto, acreditada a necesidade de actuación pública por parte dos *policy makers* sobre a ES e que se esta non se produce é consecuencia da desconfianza e/ou dos prexuízos que de cara a este sector se ten pois non existirían outras motivacións fundamentadas (Chaves, 2008).

1.3.1. Tipoloxías de políticas públicas no ámbito da ES

A actuación pública en políticas de apoio á ES e ao cooperativismo a nivel nacional foi tradicionalmente caracterizada como insuficiente e ineficaz, tal e como poñen de manifesto, entre outros, os traballos de Chaves e Savall (2013) e Chaves et al., (2016). A partir dos estudos de Chaves (2007), Fajardo (2012) e o Comité Económico e Social (Chaves Ávila e Monzón Campos, 2018a) pódese establecer unha primeira aproximación acerca das medidas de apoio á ES; do seu estudo, pódense sinalar a existencia de diferentes criterios e tipoloxías que se resumen na **Táboa 3.**

Táboa 3 Clasificación de medidas de apoio á ES


CRITERIO	TIPOLOXÍA
Atención prestada ao sector da ES.	• Específicas: dirixidas exclusivamente ao sector social, excluíndo do seu ámbito de aplicación ao resto de empresas do sector privado, por exemplo, a liña orzamentaria de "Desenvolvemento da ES" do Ministerio de Traballo e Seguridade Social. • Xerais: dirixidas a todo tipo de empresas, por exemplo, as políticas de desenvolvemento rexional a través dos institutos rexionais de apoio ás empresas. • Excluíntes: dirixidas ao sector privado, excluíndo ás empresas de ES dalgunha maneira, por exemplo, impedindo que as cooperativas non poidan exercer como distribuidoras de enerxía eléctrica ou de carburantes.
Segundo o ámbito de aplicación.	• Transversais, dirixidas a todo o sector da ES. • Sectoriais: unicamente dirixidas a certas actividades da ES , por exemplo, aquelas destinadas ás institucións sen fins de lucro ou empresas de traballo asociado.
Segundo os instrumentos utilizados	• De oferta: dirixidas á estrutura das empresas da ES[1]. Á súa vez, diferéncianse en dous subgrupos: i) de difusión, promoción, formación e investigación e ii) medidas financeiras (políticas orzamentarias) e políticas de apoio (información técnica, asesoramento, *networking*, etc.) • De demanda: deseñadas para incidir no volume de actividade económica das empresas de ES promovendo a súa contratación, por exemplo, facilitando o acceso ás empresas de ES á condición de provedor do sector público[2].
Segundo a súa intensidade	• Políticas brandas (actuacións dirixidas a crear un ecosistema favorable ás empresas): instrumentadas a través de medidas institucionais, como o recoñecemento á súa capacidade para xestionar empresas[3], ou medidas cognitivas[4], por exemplo, para difundir o coñecemento da ES. • Políticas duras (políticas económicas de fomento empresarial): instrumentadas por medio de actuacións sobre a oferta e/ou demanda.

Notas: (1) Lotarías e xogos de azar como réxime financeiro (o caso do ONCE en España), fondos de emprendemento (réxime de capitalización por desemprego en España), Plataformas de ES a escala nacional (Confederación Empresarial Española de ES en España); (2) Contratos de subministracións ou reservados en España;(3) Programa operativo de ES, inclusión social e estratexia nacional en España; (4) Rede de investigación/mestrados universitarios en España sobre ES.

Fonte: Chaves (2007), Fajardo (2012) e Comité Económico e Social (2018).

Outra clasificación é a que presenta o traballo de Martí-Costa (2010) que, aínda que presentada para as cooperativas, pode ser referenciada para toda a ES por ser esta proposta dende unha perspectiva aglutinadora. A característica principal da proposta de Martí é que sinala as diferenzas atendendo ao público obxectivo e ao momento da vida da entidade. Deste xeito, a **Figura 1**, mostra as diferentes tipoloxías que presenta.

Figura 1 Políticas de fomento do cooperativismo na relación aos públicos obxectivos no proceso de creación



Atopamos catro tipos de medidas dependendo que sexan as persoas ou entidades destinatarias e en que momento se leven a cabo do proceso emprendedor. Así, as medidas de sensibilización inclúen aquelas propostas que axuden á visibilidade do sector e dos seus valores entre na sociedade en xeral. Búscase, neste caso atopar novas persoas cooperativistas, xerar novas oportunidades de negocio e mellorar a imaxe que a sociedade ten sobre as cooperativas.

As medidas de difusión son todas aquelas medidas que inciden nas potenciais persoas emprendedoras e para os axentes intermedios ou os denominados prescriptores co fin de que o modelo cooperativo chegue en igualdade de condicións que as outras fórmulas societarias.

No caso das medidas de axuda á creación, están destinadas ás persoas que van a poñer en marcha unha empresa cooperativa. O programa APROL ES pode ser un exemplo deste tipo de medias en Galicia. Por último, as medidas de consolidación, destinadas xa a cooperativas en activo e que pretenden incidir na súa competitividade. As aceleradoras de empresas postas en marcha no marco do proxecto LACES que se analizará máis adiante pode ser un dos exemplos neste terreo.

1.4. CONTRIBUCIÓN DA ES NA CONSECUCIÓN DOS ODS

En setembro de 2015, a Asemblea Xeral das Nacións Unidas adoptou a Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible (Organización de las Naciones Unidas ONU, 2015), establecendo así un plan de acción para as persoas, o planeta e o benestar económico, social e ambiental. Neste documento, a ONU indicaba que o maior desafío ao que se enfronta a humanidade é eliminar a pobreza, que só é posible cun crecemento sostible; de aí a necesidade dun instrumento que describa as estratexias dos programas globais de desenvolvemento para os próximos quince anos.

Para este fin, a Axenda 2030 presenta 17 ODS, descendentes dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio (ODM). Os ODS teñen 169 obxectivos, cunha clara visión integradora e indivisible que xira arredor dunha tripla perspectiva: económica, social e ambiental (**Táboa 4**). Dunha revisión xenérica destes obxectivos, parece que estes son altamente coherentes cos principios da ES. A pesares disto e para os efectos do presente traballo, queremos destacar os máis directamente relacionados coa actividade económica: acadar a igualdade de xénero e apoderar a todas as mulleres e nenas (ODS 5); promover un crecemento económico sostido, inclusivo e sostible, un emprego pleno e produtivo e un traballo digno para todos (ODS 8); e axudar a reducir as desigualdades (ODS 10).

Táboa 4 Obxectivo de desenvolvemento sostible das Nacións Unidas

Obxectivo	Contido
ODS 1	Erradicar a pobreza en todas as súas formas en todo o mundo
ODS 2	Rematar coa fame, lograr a seguridade alimentaria e unha mellor nutrición e promover unha agricultura sostible.
ODS 3	Garantir unha vida saudable e promover o benestar de todas as idades.
ODS 4	Garantir unha educación inclusiva e equitativa de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe ao longo da vida para todos.
ODS 5	Conseguir a igualdade de xénero e apoderar a todas as mulleres e nenas.
ODS 6	Garantir a dispoñibilidade e xestión sostible da auga e o saneamento para todos.
ODS 7	Garantir o acceso a unha enerxía accesible, fiable, sostible e moderna para todos.
ODS 8	Promover un crecemento económico sostido, inclusivo e sostible, emprego completo e produtivo e traballo digno para todos.
ODS 9	Desenvolver infraestruturas resistentes, promover unha industrialización inclusiva e sostible e fomentar a innovación.
ODS 10	Reducir as desigualdades entre países e dentro deles.
ODS 11	Facer que as cidades e os asentamentos humanos sexan inclusivos, seguros, resistentes e sostibles.
ODS 12	Garantir pautas de consumo e produción sostibles.
ODS 13	Adoptar medidas urxentes para combater o cambio climático e os seus efectos.
ODS 14	Conservar e utilizar de xeito sostible os océanos, mares e recursos mariños para acadar un desenvolvemento sostible.
ODS 15	Protexer, restaurar e promover o uso sostible dos ecosistemas terrestres, xestionar de xeito sostible os bosques, combater a desertización e deter e reverter a degradación do solo e frear a perda de diversidade biolóxica.
ODS 16	Promover sociedades pacíficas e inclusivas para un desenvolvemento sostible, facilitar o acceso á xustiza para todos e crear institucións eficaces, responsables e inclusivas a todos os niveis.
ODS 17	Fortalecer os medios de implementación e revivir a alianza global para o desenvolvemento sostible

Fonte: Obxectivos de desenvolvemento sostible, ONU (2015).

O compromiso coa Axenda 2030 implica á sociedade civil, ás institucións e ás partes interesadas responsables da actividade económica. Así e todo, a necesidade de xerar un cambio de paradigma cara a un sistema económico competitivo e sostible parece situar ás empresas (os maiores actores da actividade económica) no centro das transformacións. Neste sentido, cómpre lembrar que o Pacto Mundial das Nacións Unidas (2000) xa puxo de manifesto a necesidade de promover a responsabilidade social corporativa, xa que as accións das empresas repercuten en diferentes grupos de interese e, polo tanto, deben estar guiadas por unha responsabilidade cidadá que vai máis alá da actividade estritamente económica (Fonseca e Carvalho, 2019). Neste sentido, o concepto de Responsabilidade Social Corporativa (RSE), entendido como o deber das empresas de tomar decisións que busquen un equilibrio entre o interese propio para maximizar o beneficio e o benestar social (Liczmańska-Kopcewicz et al., 2019), pódese considerar como o primeiro paso na procura dun desenvolvemento sostible a través da actividade económica e empresarial. Neste sentido, a Organización para a Cooperación e o

Desenvolvemento Económico (OCDE) define a RSE como unha contribución empresarial ao desenvolvemento sostible.

A estrutura dos ODS implica un maior nivel de responsabilidade por parte das empresas por varias razóns. En primeiro lugar, e aínda que o compromiso é asumido polos gobernos das nacións asinantes, os ODS estenden explicitamente as obrigas á sociedade civil e ás organizacións empresariais. En segundo lugar, as empresas e o sector privado deben traballar conxuntamente cos gobernos e institucións para acadar estes obxectivos. En terceiro lugar, aínda que os ODS non son vinculantes, actuarán como unha regulación de facto e impulsarán a aplicación da lexislación e os incentivos nacionais para ter éxito. Noutras palabras, unha vez ratificados, os gobernos formularán novas regulacións, incentivos e estratexias para cumprir cos ODS que, sen dúbida, condicionarán a actividade empresarial.

Dado que ás empresas se lles asignou este papel de liderado en relación cos ODS, a ES converteuse no medio preferido para este fin. Este espazo económico está composto por empresas e entidades que, como xa se mencionou, asentan o seu funcionamento en principios como o de primar ás persoas sobre os resultados económicos e a xestión democrática. Ao tempo que comparten valores como a solidariedade e a sustentabilidade ou o compromiso co medio ambiente (Solórzano García et al., 2018). Estes principios están presentes en todas as entidades da ES, tanto as de mercado como as de non mercado (Bretos Fernández e Morandeira Arca, 2016; Monzón Campos e Chaves Ávila, 2012b). Inclúen unha variedade de organizacións como cooperativas, mutuas, fundacións e asociacións, así como novos tipos de empresas sociais. Tal e como xa se citou, en termos xenéricos, refírese a entidades privadas creadas con fins sociais, baseadas nunha gobernanza democrática e participativa (Chaves Ávila e Monzón Campos, 2018b; Chaves Ávila e Savall Morera, 2019).

Esta gobernanza implica que a participación é independente da aportación individual ao no capital social (unha persoa, un voto). A adhesión á empresas é aberta e o excedente que se xera (si ocorre) non poden dividirse atendendo ao criterio de participación no capital, polas persoas que as crean, controlan ou financian (Chaves Ávila e Monzón Campos, 2018b; Monzón e Chaves, 2016). Estamos, xa que logo, ante un grupo de empresas e entidades cuxo goberno implica outro xeito de xerar actividade económica, guiado por principios e prioridades diferentes aos que rexen as empresas que priorizan a maximización do beneficio. Deste xeito, as entidades que compoñen a ES asumen principios e valores que permiten un desenvolvemento compatible tanto con aspectos económicos como ambientais, é dicir, organizacións con obxectivos sociais e económicos que non se basean unicamente na maximización de beneficios. Ademais, os actores implicados na ES adoitan vivir no mesmo territorio onde se desenvolve a actividade, o que permite unha maior concienciación sobre os problemas ambientais. En resumo, demostrouse que estas entidades teñen beneficios sociais. Na súa completa revisión dos beneficios da ES, Chaves e Monzón (2012) destacaron, dende unha perspectiva económica, como estas entidades son capaces de corrixir os desequilibrios no mercado de traballo, producir bens que valen a pena, promover o desenvolvemento local e autogoberno, cohesión social, innovación social, democratizar a función empresarial e contribuír a unha distribución máis xusta da riqueza.

A este respecto, a UNTFSEE (Grupo de Trabajo Interinstitucional de las Naciones Unidas sobre ES y Solidaria, 2015) destacou a importancia da ES e solidaria na implementación da Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible e na consecución dos ODS, na medida en que representa a economía plural, o equilibrio, a sostenibilidade e un enfoque global necesario para facer fronte ao reto. Tamén realizou varios estudos que mostran os vínculos entre este tipo de organizacións e os ODS. En particular, a declaración de posición do Grupo de traballo interinstitucional das Nacións Unidas sobre ES e solidaria, 2015 inclúe unha revisión completa

de cada un dos ODS, destacando a relación entre estes obxectivos e subobxectivos e a ES, e como se converte nun vehículo axeitado para facilitar os ODS.

No ámbito académico, con todo, aínda hai poucos estudos que exploren a relación entre a ES e os ODS. Neste contexto, cómpre mencionar a Utting (2018), que insiste na necesidade de establecer indicadores de eficacia das políticas que promoven a ES en termos de cumprimento dos ODS. Outros estudos centráronse na análise das sociedades cooperativas, destacando a importancia dos seus principios e valores como expoñente das organizacións socialmente responsables (Monzón Campos e Chaves Ávila, 2012a; Moral e Jurado, 2006; Wilkinson, 2014). Aínda que estes estudos son anteriores á aprobación dos ODS, as súas conclusións son igualmente relevantes, xa que destacan o papel da empresa cooperativa como entidade estreitamente aliñada con estes obxectivos (PWC, 2015). Máis recentemente, os estudos presentaron un amplo traballo que explora este aliñamento en profundidade, centrándose nas cooperativas do sector das oliveiras de Andalucía (Mozas Moral, 2019).

1.5. SÍNTESE E CONCLUSIÓNS

Despois desta análise da ES dende catro prismas diferentes: perspectiva histórica, evolución lexislativa, obxecto de actuación pública e a súa contribución aos ODS, pódese observar como se está diante dun concepto maduro que está presente nos catro prismas analizados xerando valor tanto dende a óptica académica como da social.

Deste xeito o concepto de ES conta cun longo percorrido ao comezar o seu uso a finais do S.XIX mais este comeza a popularizarse a principios dos anos 2000 primeiro coa confección da Carta de principio da ES e máis tarde coa aprobación da resolución do Parlamento Europeo que leva o seu nome no ano 2009.

Dende o punto de vista académico, atopamos unha definición consensuada que emana directamente da institución de referencia a nivel internacional (CIRIEC internacional) e que tamén é adoptada polas institucións europeas. Así, dentro da ES, podemos atopar dous tipos de entidades: as que operan no mercado (cooperativas, mutualidades principalmente) e as que operan á súa marxe (composto principalmente por asociación e fundacións). Todas as entidades réxense polos mesmos principios entre os que destacan o seu cariz profundamente democrático que se recolle no principio dunha persoa un voto.

Profundarase na análise das cooperativas como empresas de ES diferenciadas ao ser estas entidades as que van contar cunha análise posterior máis detallada. Neste caso, e a modo de marco teórico, abórdanse os seus principios diferenciando entre sociais e empresariais así como mostrando algunhas das súas características máis destacadas.

Na análise da perspectiva lexislativa da economía social, obsérvase a interrelación existente entre o marco europeo, estatal e autonómico. No primeiro ámbito, funciona como polo tractor destacando a Resolución do Parlamento Europeo sobre ES (2008/2250 (INI)) que significa un claro punto de inflexión en todo o continente. Chama a atención que só existen seis estados que inclúen no seu ordenamento xurídico normas que regulen a ES e, nestes casos, emanan todas dende os mesmos principios pero materializándose de formas moi diferentes.

Debe destacarse que nos últimos anos xorde con forza un novo concepto que aínda non conta cunha definición consensuada dende o ámbito académico: as empresas sociais ou o emprendemento social. Dende o marco lexislativo europeo, no ano 2011 a Comisión europea aproba a "iniciativa a favor do emprendemento social" que subtitula " construír un ecosistema para promover as empresas sociais no centro da economía e a innovación social". Esta resolución introduce na política económica europea ás empresas sociais situándoas, xunto coa ES, como resposta a moitos dos retos económicos, sociais e medioambientais que existen no continente (Fajardo García, 2019).

Como obxecto de actuación pública, a ES en España é intervida cunha mestura dos dous modelos identificados aparecendo actuacións regulatorias e de procedementos de longo ou curto percorrido dependendo se os *policy makers* a identifican con obxecto sobre o que incidir ou como unha ferramenta para alcanzar outros obxectivos. Analízase a necesidade de actuación pública ao longo dun percorrido bibliográfico no que se mostra o papel transformador da sociedade contribuíndo especialmente ao desenvolvemento local, a mellorar ou completar os sistemas de previsión social, á cohesión social e a redistribución da renda identificándoa como un axente de cambio real.

Por último, analízase a súa contribución aos ODS destacando, sobre todo a súa contribución aos ODS que fan referencia ao fin da pobreza (ODS 1), igualdade de xénero (ODS 5), traballo decente (ODS 8) e á redución das desigualdades (ODS 10).

Con este capítulo queda configurado o marco teórico que permitirá abordar o traballo de investigación que se levará a cabo ao longo do presente traballo de tese de doutoramento.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

2. COOPERATIVISMO EN GALICIA: MOTOR DE EMPRENDEMENTO

Si se atende á literatura, son numerosos os traballos que recuncan na necesidade de levar a cabo unha depuración dos datos existentes nos diferentes rexistros de cooperativas de Galicia (Babío Arcay e Jordán Rodríguez, 2008, 2010; Cancelo e Botana, 2019; Jordán Rodríguez e Babío Arcay, 2016; Jordán Rodríguez et al., 2004). Esta situación ven dada, ao igual que pasa noutras partes do estado, da existencia dun número de cooperativas inscritas que non contan con actividade ben porque está en suspenso ou ben porque non remataron o proceso de liquidación e/ou disolución.

O presente capítulo pretende contribuír ao proceso de depuración demandado dende a academia pero tamén dende os diferentes axentes que forman parte do sector en Galicia -unións de cooperativas e administración- tentando indicar cal sería o número de cooperativas existentes en Galicia en agosto de 2019 (data na que se rematou o traballo de campo) e cales serían as súas características. Remátase esta parte do traballo analizando a contribución teórica que o cooperativismo aporta ao emprendemento ao tempo que se presentan as preguntas de investigación que sustentan esta tese de doutoramento.

Cabe sinalar que parte deste capítulo foi publicado previamente nos seguintes documentos:

Artigo Motivational drivers to choose worker cooperatives as an entrepreneurial alternative: evidence from Spain. Autoras: Bastida, M.; Vaquero García, A; Pinto, Luisa Helena; Olveira Blanco, A. Publicado o 11/03/2021 na revista Small Business Economics .

https://doi.org/10.1007/s11187-021-00459-8

2.1. METODOLOXÍA

A hipótese de traballo que se presenta é a de determinar a situación do cooperativismo galego na actualidade tentando depurar os datos das diferentes fontes existentes. Para abordar o traballo correspondente ao tratamento dos datos, a metodoloxía que se escolle é a análise cuantitativa pois permite a abordar o seu estudo e comparativa obtendo deste xeito variables de referencia que permiten alcanzar o obxectivo da investigación: mostrar un estado da situación do cooperativismo actual.

Mais foi preciso establecer, antes de dar comezo ao traballo de campo que permitise a recollida de datos, cal sería a fonte ou fontes ás que se acudirían para configurar a base de datos sobre a que se levaría a cabo a análise. Despois de analizar as características dos datos existentes nas diferentes fontes que cuantifican ao cooperativismo galego en diferentes ámbitos -rexistros de cooperativas, Estatísticas de ES del Ministerio de Trabajo y Economía Social, Instituto Nacional de Estadística (INE), Instituto Galego de Estatística (IGE) e Axencia tributaria- acórdase que todas elas aportan información pero esta non é comparable entre si pois non se seguen os mesmos criterios, á hora de incluír ou rexeitar parámetros.

Diante desta situación é polo que se decide acudir ao Inventario do Cooperativismo Galego[18] realizado tres anos antes pola unión de cooperativas Espazocoop. Esta escolla susténtase principalmente na metodoloxía empregada na súa elaboración que complementa técnicas cuantitativas e cualitativas. Este método denominado triangulación (Yin, 2003) permite obter un mellor resultado ao suplir as carencias que por separado poden ter as metodoloxías.


[18] Base de datos configurada no ano 2016 e financiada pola convocatoria de subvencións ás entidades asociativas, ás oficinas locais e a outras entidades colaboradoras da Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e da ES convocada pola orde do 11 de febreiro de 2016.

O traballo de campo comeza coa recollida dos datos nos diferentes rexistros de cooperativas existentes en Galicia –un autonómico e catro provinciais- os cales son revisados e contrastados realizando diferentes comprobacións directas coas cooperativas (chamadas de teléfono, revisión de páxinas webs ou redes sociais) ou a través da revisión do Diario Oficial de Galicia no que se publica información relativa á actividade concreta dalgunhas entidades ademais dunha resolución anual na que se indican todas as entidades que levan a cabo o depósito de contas de cada exercicio.

Esta combinación de fontes primarias son as que nutren un documento que se remata de confeccionar en setembro de 2019 e que conta coa información actualizada ao mes anterior.

2.2. COOPERATIVAS ACTIVAS EN GALICIA

O número de **cooperativas totais** inscritas nos rexistros galegos ascende a **1.591** entidades. Atendendo á súa distribución xeográfica o 70% do cooperativismo galego sitúase nas provincias atlánticas, tal e como se pode observar na **Gráfica 1**, sendo A Coruña a que conta cun maior censo (39%) seguida pola provincia de Pontevedra que conta con case outro terzo do total.




Gráfica 1 % de cooperativas por provincia

Pola contra as provincias do interior son as que contan con menor número de cooperativas inscritas no seu territorio sendo Ourense a que arroxa as peores cifras con só un 13% do total.

Si se atende ao ano de constitución das cooperativas pódese indicar que unha boa parte do cooperativismo galego é de recente creación. Tal e como indica a **Gráfica 2** pódese observar como a maioría se constitúe despois do ano 2000 dando conta da súa xuventude.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Gráfica 2 Ano de constitución das cooperativas inscritas

Con referencia a este apartado, destacar que se atopan un total de 66 rexistros que non contan coa data de constitución. Este feito pode deberse a que son anteriores á normalización dos rexistros que se levou a cabo nos anos oitenta despois da publicación da primeira lei de cooperativas da democracia.

No proceso de depuración dos datos obtidos dos rexistros identificáronse situacións nas que se poden clasificar as cooperativas da mostra: activas[19], non activas[20] e aquelas sobre as que non se puido determinar a súa situación e polo tanto sen información.[21]

Atendendo a esta clasificación a **Táboa 5** indícanos que máis dun 17% das cooperativas inscritas non están activas. Si se engaden as organizacións das que non se conta con información suficiente pódese determinar que un 30% do tecido cooperativo galego que consta nos rexistros pode non aportar actividade empresarial.

Táboa 5. Cooperativas inscritas e situación

Situación das Cooperativas inscritas	Nº	%
Activas	1.107	69,58
Non activas	276	17,35
Sen información	208	13,07
Total	1.591	100


Si se analiza a situación das cooperativas en cada provincia obsérvase como o número das entidades activas, sen información ou non activas é proporcional ao número de cooperativas existentes en cada provincia. Deste xeito, a **Gráfica 3** mostra que a variación das cooperativas activas é de 10 puntos sendo a provincia da Coruña a que conta cunha maior porcentaxe de cooperativas activas, un 72 %, e Ourense a que menos cun 62 %. En referencias ás entidades non activas as diferenzas entre provincias diminúen catro puntos e sitúanse entre o 20 % de Ourense, provincia cunha porcentaxe maior, e o 16 % de Lugo, provincia que conta con menos cooperativas non activas no seu territorio. Por último, e no caso das cooperativas sen

[19] Contan con actividade acreditada a través de movementos oficiais no propio rexistro como: depósitos de contas ou cambios nos órganos de xestión; ou contan con actividade comunicativa como por exemplo páxina web e/ou redes sociais activas.

[20] Que constan como en proceso de liquidación no propio rexistro ou que publicaron algunha referencia a este sentido no Diario Oficial de Galicia (DOG).


[21] Son cooperativas que non realizaron as perceptivas obrigas cos diferentes rexistros pero coas que non se foi capaz de verificar o seu funcionamento real ou non.

información, a marxe de variación é de sete puntos e sitúase entre o 11 % de Coruña e Lugo e o 18 % de Ourense.



Gráfica 3 Estado das cooperativas por provincia

Como xa se indicou, as cooperativas non activas son aquelas que indicaron proceso de liquidación ou que fixeron constar algunha indicación neste senso. Pódese considerar, polo tanto, a existencia dun feito causante que establece que a entidade se atopa nesta situación. Na **Gráfica 4** ponse de manifesto cales foron os anos nos que se rexistraron estas situacións. Así, pódese observar como é no exercicio 2016 onde se atopan un maior número de entidades que declaran esta situación de *non actividade* seguido do intervalo temporal dos anos 2013 e 2015. En calquera caso, deben terse presentes que na base de datos existen algúns rexistros nos que non consta data da declaración de fin de actividade.



Gráfica 4 Declaración de fin de actividade por ano

Polo tanto, e tal e como se indicou ao comezo do capítulo, Galicia conta cun número de cooperativas inscritas no rexistro que non teñen actividade económica. Despois de identificar as diferentes situacións obtense unha base de datos depurada na que se poden extraer cales son as empresas que funcionan realmente. Para a realización da posterior análise que nos mostre a situación do cooperativismo, e atendendo ao principio de prudencia, empregaranse os datos correspondentes ás **cooperativas activas e aos das que non se ten información**. A mostra será, polo tanto de 1.315 cooperativas.

2.3. TIPOS DE COOPERATIVAS GALEGAS

En Galicia pódense identificar un total de **16 tipos de cooperativas diferentes** atendendo ás persoas que a compoñen e ao obxectivo ou fin que perseguen. Na **Táboa 6** pódese observar como a Lei 5/1998, do 18 de decembro, de Cooperativas de Galicia as tipifica e as define.

Atópanse cooperativas formadas por persoas físicas, xurídicas ou nas que cohabitan ambas; entidades que teñen como interese xerar postos de traballo, facilitar servizos ou procurar bens ou servizos para adquirilos de xeito común; e as centradas nos sectores primarios, a vivenda ou o transporte, por exemplo.

Cabe destacar que na actualidade, e a diferenza doutras comunidades, en Galicia non cabe a posibilidade da existencia de cooperativas nas que se dean cabida diferentes clases de cooperativas, salvo no caso das cooperativas de segundo grado que agrupa a cooperativas xa constituídas.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 6. Tipos de cooperativas

TIPO	INTEGRANTES	OBXECTO/FIN
Agraria	Titulares de explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais.	Mellora do aproveitamento das explotacións das súas persoas socias, os seus elementos ou compoñentes e a cooperativa. Mellora da poboación agraria e do desenvolvemento do medio rural. Atender calquera outro fin ou servizo que sexa propio da actividade agrícola, gandeira ou forestal ou estea relacionado directamente con elas.
Consumidores/as e usuarios/as	Persoas físicas e xurídicas e entidades ou organizacións de consumidores ou consumidoras que tivesen o carácter de destinatarios finais.	Procurar bens e servizos para o consumo das súas persoas socias e das persoas que convivan coas mesmas, producindo os bens e servizos que proporcionen ou adquiríndoos de terceiras persoas. Defensa e promoción dos dereitos dos consumidores e consumidoras, e persoas usuarias.
Ensino	Depende da modalidade: De consumidores: asocian pais e nais do alumnado ou alumnos/as. De traballo asociado: asocian profesorado e demais profesionais do ensino, así como o persoal de administración e servizos.	Actividades docentes nos seus distintos niveis e modalidades. Actividades conexas ou que faciliten o seu obxecto principal (con carácter complementario)
Explotación comunitaria da terra	Titulares de dereitos de usos e aproveitamento de bens susceptibles de explotación agraria, que os ceden á cooperativa con independencia de traballar nela. Todos quen, sen ceder ningún dereito de goce, van prestar o seu traballo na cooperativa.	Xestionar unha única empresa ou explotación agraria, na que tamén poderán integrarse os bens que, por calquera título, posúa a cooperativa.
Do mar	Titulares de explotacións dedicadas a actividades pesqueiras, de industrias marítimo-pesqueiras, marisqueo, acuicultura e derivadas, nas súas diferentes modalidades de mar, rías, ríos, lagos e lagoas, e a profesionais das devanditas actividades	Prestación de subministracións e servizos. Realización de operacións encamiñadas á mellora económica e técnica das actividades profesionais ou das explotacións dos seus socios.
De servizos	Persoas físicas e/ou xurídicas titulares de actividades industriais ou de servizos, así como a profesionais e artistas que exerzan a súa actividade por conta propia	Prestación de subministracións e servizos e/ou realización de operacións encamiñadas á mellora económica e técnica das actividades profesionais ou das explotacións dos seus socios e socias.
De servizos sociais	Persoas físicas que prestan o seu traballo na cooperativa. Tamén poden participar en calidade de socio as administracións ou entidades públicas ou os axentes sociais colaboradores na prestación de servizos.	Prestación de todo tipo de actividades e servizos sociais, públicos ou privados.
De traballo asociado	Persoas naturais con capacidade legal e física para desenvolver a actividade cooperativizada	Proporciona ás persoas socias un posto de traballo no que producen en común bens e servizos.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

De transportistas	Titulares de empresas de transporte ou profesionais que poidan exercer en calquera ámbito a actividade do transporte	Organizar e/ou prestar servizos de transporte ou ben a realización de actividades que o fagan posible.
De transportistas de traballo asociado	Persoas naturais con capacidade legal e física	Prestarlle á cooperativa o traballo persoal das persoas socias, realizando a actividade do transporte e/ou complementarias
De vivenda	Persoas físicas que precisan aloxamento e/ou locais para si e as persoas que convivan con elas. Tamén os entes públicos, sen ánimo de lucro mercantil e as cooperativas que precisen aloxamento para aquelas persoas dependentes dos mesmos que teñan que residir, por razón do seu traballo ou función, nos arredores dunha promoción cooperativa ou que precisen locais para o desenvolvemento das súas actividades	Procurar vivendas, locais ou instalacións complementarias para as persoas socias
De explotación dos recursos acuícolas	Titulares de dereitos de uso e aproveitamento de bens, relacionados co exercicio de actividades de explotación dos recursos acuícolas, presten ou non o seu traballo, así como a quen, sen ceder dereito ningún de uso, vai prestar o seu traballo nela.	Explotación de recursos acuícolas en común por parte das persoas asociadas.
De integración social	Persoas naturais de colectivos excluídos, as súas persoas titoras e máis o persoal de atención. Tamén poden participar como socias as administracións ou entidades públicas.	Prestación de servizos educativos, asistenciais, laborais e sanitarios ou calquera outra actividade económica coa que poidan integrarse persoas que sufran calquera tipo de exclusión social para o seu desenvolvemento laboral.
De crédito		Servir ás necesidades financeiras activas e pasivas das persoas socias e de terceiros, mediante o exercicio das actividades e dos servizos propios das entidades de crédito.
De seguros		Exercen a actividade aseguradora en calquera das súas ramas consonte a normativa ordenadora do seguro privado.
Sanitarias		Teñen por obxecto desenvolver actividades sanitarias nas súas distintas modalidades de seguros a prima fixa, de traballo asociado ou de persoas consumidoras e usuarias, e poderán realizar con carácter complementario actividades conexas ou que faciliten o seu obxecto principal
Segundo grado	As sociedades cooperativas da mesma ou diferente clase e os socios de traballo de estas, así como outras sociedades de carácter non cooperativo cando exista a necesaria converxencia de intereses e necesidades.	Promover, coordinar e levar a cabo fins económicos comúns das entidades membro, así como reforzar ou integrar a actividade económica das mesmas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Para poder levar a cabo unha análise da distribución territorial por tipos de cooperativas é preciso realizar unha disgregación entre cooperativas de traballo, servizos, consumo e de segundo grado xa que así se recolle na base de datos. Así, na **Táboa 7,** móstrase a distribución das **cooperativas de traballo en Galicia.** Nela pode observarse como as cooperativas de ensino se sitúan maioritariamente na provincia da Coruña, o 60 % do total está nesta provincia situándose no resto entre o 20 % de Ourense e o 10 % de Lugo e Pontevedra.

Táboa 7. Cooperativas de traballo asociado por clase e provincia

	Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Ensino	12	2	4	2
Servizos sociais	1	0	1	1
Transporte	0	1	0	1
Xeral	245	90	111	264
Totais	258	93	116	268

A táboa tamén mostra a pouca incidencia coa que contan as cooperativas de transporte e servizos sociais na comunidade e naquelas provincias onde están presentes só hai unha entidade de referencia.

Pola súa contra, as cooperativas de traballo que máis abundan son as denominadas xerais e son as provincias de Pontevedra e Coruña as que contan cun maior número, entre ambas agrupan o case o 72 % do total. Cabe destacar que este dato coincide coa porcentaxe de cooperativas totais coas que contan estes territorios. Pola súa contra, a provincia de Lugo é a que conta cun menor censo de cooperativas de traballo.

No caso das cooperativas de servizos, as que contan cun maior censo, segundo se observa na **Táboa 8,** son as cooperativas de servizos da tipoloxía agraria que están presentes en todas as provincias nun número máis impórtante, destacando o caso da Coruña que conta case cun 40 % do total de Galicia. Ourense, pola súa contra, é a provincia que ten un menor número desta tipoloxía de cooperativas seguida pola provincia de Pontevedra.

Táboa 8. Cooperativas de Servizos por clase e provincia

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Agraria	128	98	42	58
Transporte	19	13	0	14
Do mar	6	0	0	14
Xeral	15	1	3	9
Totais	168	112	45	95

Así mesmo, as cooperativas de servizos que contan cunha menor implantación no territorio, en cómputo global, son as denominadas xerais ou xeralistas que aportan un total de 28 organizacións inscritas ao total pero están presentes en todas as provincias. Cabe destacar no caso das cooperativas do mar que só dúas das tres provincias costeiras teñen inscritas cooperativas deste tipo non existindo ningunha na provincia de Lugo. No caso da Coruña e Pontevedra é a segunda a que conta cun maior censo aportando o 70% do total.

Por último, en referencia ás cooperativas de servicios de transporte, indicar que están presentes en todas as provincias, agás no caso de Ourense, e que conta cun numero similar nas tres provincias o que diferencia o seu comportamento con respecto ao censo global das cooperativas inscritas na comunidade.


A tipoloxía de cooperativas que contan con menores referencias en Galicia son as cooperativas de consumo, tal e como se desprende da **Táboa 9.** En Galicia só existen 133 cooperativas neste ámbito que se distribúen de diferente xeito entre os subgrupos de consumidores, integración social, vivenda e crédito. De feito, só existe unha deste último

subgrupo no país asentada na provincia de Lugo: Caixa Rural Galega, Sociedade Cooperativa de Crédito Limitada Galega e dúas de integración social na provincia da Coruña.

Táboa 9. Cooperativas de Consumo por clase e provincia

	Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Consumidores	15	0	1	7
Integración social	2	0	0	0
Vivenda	68	3	0	36
Crédito	0	1	0	0
Totais	85	4	1	43

Así, as cooperativas de consumo máis numerosas serían as de vivenda pero cunha dispersión diferente polo territorio. As provincias de Coruña, cun 63,55 %, e a de Pontevedra, cun 33,64 %, é onde teñen o seu enderezo a maioría. As cooperativas de consumidores tamén contan cunha distribución diferente sendo a provincia da Coruña a que conta cunha maior comunidade. As cooperativas de segundo grado, pola súa parte, están presentes en todo o territorio galego pero cunha disposición desigual ao longo da xeografía. Así, e segundo mostra a **Gráfica 5**, pódese observar como a maior concentración se atopa nas provincias de Coruña e Lugo, esta circunstancia vai ligada a que moitos destes modelos empresariais están ligados ás cooperativas de servizos agrarias que contan cun maior número de entidades nestas provincias.



Gráfica 5 Cooperativas de 2º Grado por provincia

Segundo se desprende de diferentes traballos académicos (Bastida et al., 2019; Juliá Igual et al., 2010; Server Izquierdo e Meliá Martí, 2002), historicamente, a cooperativa de segundo grado foi considerada un mecanismo adecuado para a integración cooperativa, cunha individualidade propia e longa tradición en certos sectores do cooperativismo. En concreto, foi a fórmula de cooperación empregada preferentemente en cooperativas agrícolas. Esta preferencia pode residir na tradición normativa e doutrinal, xa que as distintas normativas, tanto a nivel estatal como rexional, déronlle un lugar preferente á hora de regular os procesos de integración cooperativa. Por outra banda, tamén hai que destacar que algúns dos principios cooperativos, como o do control democrático, parecen encaixar mellor con esta fórmula de integración que con outros máis profundos como as fusións. Así mesmo, o sexto principio cooperativo establece que o traballo conxunto serve mellor aos membros e ao propio modelo ("cooperación entre cooperativas"). É unha forma de vinculación que modifica o poder de toma de decisións xurídico-económicas das entidades que participan nel, a través da formación dunha nova empresa de plural que sexa compatible co mantemento da independencia legal das empresas que se agrupan. O seu obxectivo é a promoción e desenvolvemento de fins económicos comúns, así como reforzar e integrar a súa actividade económica. A amplitude

deste obxectivo, así como o mantemento da personalidade xurídica das entidades participantes, suxiren certa flexibilidade no vínculo entre as empresas implicadas, así como un certo grado de reversibilidade. Esta flexibilidade implica que este subtipo social corporativo poida alcanzar maiores ou menores cotas de integración dependendo da vontade dos seus membros, desde a mera colaboración empresarial ata ser un marco organizativo coa súa propia entidade xurídica, respectando sempre a individualidade legal das entidades participantes. Será a autonomía da vontade, reflectida nos estatutos, a que determine o modo e o alcance da unión.

Por último, a lei 6/2016, do 4 de maio, da ES de Galicia introduce na súa disposición adicional novena unha nova figura dentro do ordenamento xurídico galego, as cooperativas xuvenís. Esta tipoloxía cooperativa nacen co fin de proporcionarlle emprego e un marco apropiado para o desenvolvemento profesional á xuventude, mediante a prestación do seu traballo persoal producindo en común bens e servizos para terceiros. Deberán estar formadas maioritariamente por persoas socias traballadoras con idades comprendidas entre dezaseis e vinte e nove anos, agás no caso de que sexan persoas cun grado de discapacidade igual ou superior ao 33 %, no cal a idade máxima será de trinta e cinco anos. Son unha especialidade dentro das cooperativas de traballo asociado e asimiladas, cas cooperativas de explotación comunitaria da terra, explotación de recursos acuícolas. Resúltalles de aplicación a regulación xeral coas seguintes especificidades:

a) Engadirán na súa denominación a palabra xuvenil.

b) O capital social mínimo necesario para constituírse e funcionar unha sociedade cooperativa xuvenil será de trescentos euros, que deberán estar totalmente desembolsados desde a súa constitución.

c) A inscrición dos actos de constitución, modificación de estatutos, disolución, reactivación e liquidación das sociedades cooperativas xuvenís poderá realizarse en virtude de documentos de carácter privado cos mesmos requisitos que os previstos para as escrituras públicas na Lei de cooperativas de Galicia.

d) A cooperativa xuvenil constituirase por tempo determinado fixado estatutariamente e deberá transformarse en cooperativa ordinaria ou disolverse ao transcorrer cinco anos desde a súa inscrición no Rexistro de Cooperativas.

e) O acordo de transformación en sociedade cooperativa ordinaria deberá ser adoptado pola asemblea xeral por máis da metade dos votos validamente expresados.

f) Anualmente deberá someterse á aprobación da asemblea xeral un plan de formación profesional individualizado, que alcance á totalidade das persoas socias e ao que deberán asignarse os recursos económicos precisos, entre os que deberá figurar a dotación total do Fondo de Formación e Promoción Cooperativa.

Aínda que a disposición legal é do ano 2016, non é ate o ano seguinte cando se constitúe a primeira cooperativa xuvenil en Galicia. Na actualidade existen un total de 17 cooperativas distribuídas de forma desigual polo territorio galego tal e como se desprende da **Táboa 10**. Destaca a presencia deste tipo de modelo empresarial na provincia de Ourense ao situarse a súa escolla por encima das porcentaxes de cooperativas inscritas nesta provincia.

Táboa 10 Cooperativas xuvenís, ano de constitución e provincia

Ano de constitución			Provincia			
2017	2018	2019	Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
2	10	5	5	1	6	4

Como se pode observar as cooperativas xuvenís foron aumentando pouco a pouco o seu número dende a súa introdución no ordenamento xurídico galego. É preciso contar cunha serie máis longa para coñecer se a tendencia se mantén e se esta fórmula xurídica é acaída para o

emprendemento colectivo na que as persoas constituíntes contan con menos de trinta anos. En canto ao número de persoas socias destacar que a media sitúase preto das catro persoas, exactamente 3,67 das que maioritariamente son homes (75% fronte ao 25% de mulleres promotoras) .

Ademais destas tipoloxías de cooperativas, a Lei 27/1999, de 16 de xullo, de Cooperativas estatal, establece a posibilidade de clasificar como cooperativas sen ánimo de lucro aquelas que xestionen servizos de interese colectivos ou de titularidade pública, así como as que desempeñen actividades económicas que traten a integración laboral das persoas que sufran calquera clase de exclusión social e nos seus estatutos recollan expresamente tres condicións:


a) Que os resultados positivos que se produzan nun exercicio económico non poderán ser distribuídos entre as persoas socias.

b) As aportacións das persoas socias ao capital social, tanto obrigatorias como voluntarias, non poderán xerar un interese superior ao legal do diñeiro, sen prexuízo da posible actualización das mesmas.

c) O carácter gratuíto do desempeño dos cargos do Consello Reitor, sen prexuízo das compensacións económicas procedentes polos gastos nos que podan incorrer as persoas que leven a cabo funcións de conselleiras no desempeño das súas funcións.

d) As retribucións das persoas socias traballadoras ou, no seu caso, das persoas socias de traballo e das traballadoras por conta allea non poderán superar o 150 por 100 das retribucións que en función da actividade e categoría profesional, se recolla no convenio colectivo aplicable ao persoal asalariado do sector.


En Galicia están inscritas un total de trinta e catro cooperativas sen ánimo de lucro distribuídas, tal e como mostra a **Gráfica 6,** principalmente nas provincias atlánticas, sendo a da Coruña a que conta cun maior censo (21). Pola contra, nas provincias de Lugo e Ourense esta fórmula case non ten incidencia.



Gráfica 6 Cooperativas sen ánimo de lucro por provincia

Como conclusión da distribución dos tipos de cooperativas, a **Gráfica 7** mostra que a provincia da Coruña é a que conta cun maior número de cooperativas con independencia da clase á que se faga referencia. Séguelle a provincia de Pontevedra que conta cun maior número en cooperativas de traballo e de consumidores e usuarios que Lugo e Ourense pero con menos de servizos que Lugo e de explotación comunitaria que Ourense e Lugo; no caso das cooperativas de segundo grado é superada pola provincia de Lugo.

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Gráfica 7 Clase de cooperativa por provincia

Pola súa contra a provincia que conta cun menor censo de cooperativas é a de Ourense que se sitúa por detrás en todas as clases salvo no caso das de explotación comunitaria da terra que só é superada pola provincia da Coruña.

2.3. COMPOSICIÓN DAS COOPERATIVAS GALEGAS

Para coñecer a composición das cooperativas galegas, nos diferentes rexistros de cooperativas conta con dúas fórmulas: a declaración que se realiza no momento da inscrición e as declaracións anuais que todas as cooperativas deben realizar no depósito obrigatorio de contas anual. Para analizar a composicións dos órganos de xestión as cooperativas teñen obriga de manter este dato actualizado no rexistro autonómico que lles corresponda.

Pero estas declaracións presentan tres dificultades para a investigación: (1) Non todas as cooperativas levan a cabo esta obriga aínda que aparece recollida como tal na normativa; (2) Os datos que alí se recollen son os declarados pola cooperativa sen que exista ningún mecanismo de control e (3) As definicións das persoas que compoñen as cooperativas non están claras, deixando en mans de cada entidade o que entende. Despois de dirixirse a diferentes entidades atópanse con diferenzas sobre todo no caso das cooperativas de traballo asociado ao existir confusión entre persoas asalariadas e persoas socias traballadoras existindo incluso algunhas entidades que reflexan as mesmas persoas en un e outro rexistro.

Por último, en canto á primeira das dificultades maniféstase que só se encontran rexistradas as contas de 570 cooperativas operantes na comunidade autónoma para o ano 2017. Si temos en conta que as cooperativas que comezaron a súa actividade nos anos 2018 e 2019 son 147, implica que non se posúen datos actualizados para un total de 598 cooperativas activas en Galicia.


En canto ás **persoas socias**, a lei 5/1998, do 18 de decembro, de Cooperativas de Galicia establece no seu artigo 18 que poden ser socios das cooperativas de primeiro grado tanto as

persoas físicas como xurídicas, públicas ou privadas, e as comunidades de bens, coas excepcións que se puidesen establecer para cada clase de cooperativa.

Nas cooperativas de segundo grado só poderán contar como socias as sociedades cooperativas e as persoas socias de traballo de aquelas, así como outras sociedades de carácter non cooperativo cando exista a necesidade de converxencia de intereses e necesidades, sempre e cando os estatutos non os prohiban.

Tamén se recolle a posibilidade de que calquera administración ou ente público con personalidade xurídica podan ser socias para a prestación de servizos públicos. Por último establécese a prohibición de que ningunha persoa poderá ser socia dunha cooperativa a título de empresaria contratista ou capitalista.

Con estas premisas existen en Galicia, nas cooperativas activas ou sen información, un total de 75.850 persoas socias. Deste total case a metade atópase na provincia da Coruña, tal e como se observa na **Gráfica 8**. Un 32 % encóntrase na provincia de Lugo e Pontevedra e Ourense aportan o restante 20 % pero de xeito desigual, sendo a primeira a que posúe un maior censo cuadriplicando á última.



Gráfica 8 % de persoas socias por provincia


Estas cifras establecerían que cada cooperativa en Galicia conta cun total de 58 socias de media mais estas cifras non son iguais en todas as tipoloxías de cooperativas. Así, as organizacións que contan cun maior número de persoas socias son as de consumidores, que contan con 350 de media. Pola contra as que posúen unha menor dimensión son as cooperativas de traballo asociado que están conformadas por seis persoas.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 11 Tipo de cooperativa e número de persoas socias


Tipo cooperativa	Nº coop	Nº Persoas socias	Media
2º Grado	13	117	9
Consumidores	105	36.747	350
Explotación comunitaria	42	813	19
Servizos	420	34.116	81
Traballo asociado	735	4.057	6

Diferenciando o sexo das persoas socias, e tal e como mostra a **Gráfica 9**, pódese observar como existe unha porcentaxe maior de homes que de mulleres socios de cooperativas e que esta ronda os 10 puntos en todas as provincias sendo unha situación con pouca variación en toda a comunidade. A provincia da Coruña é a que conta cunha situación máis igualitaria entre homes e mulleres socias de cooperativas. Lugo mostra un escenario moi semellante. Pola contra Pontevedra conta cunha maior desigualdade entre homes e mulleres ao só contar cun 39% de mulleres socias de cooperativas fronte ao 61% que son homes.



Gráfica 9 Persoas socias por provincia e sexo


Na **Gráfica 10** pódese observar a relación de persoas socias por tipo de cooperativa, co fin de identificar se a participación de mulleres e homes se diferencia en algunha tipoloxía. Así, obsérvase como en todas a participación das mulleres se atopa por encima do 40% destacando as cooperativas de traballo e explotación comunitaria da terras como as que contan cunhas cifras máis igualitarias. Pola contra, soas as cooperativas de consumidores nas que as diferenzas son maiores.



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Gráfica 10 Persoas socias por tipo de cooperativa e sexo

Si se inclúe o total de persoas socias, atópase que aínda que as persoas físicas son as socias maioritarias das cooperativas galegas a súa porcentaxe con respecto a outras figuras é bastante igualitaria xa que só os separan tres puntos, tal e como se pode observar na **Gráfica 11**.



Gráfica 11 Tipo de persoas socias segundo sexo.

A Lei galega de cooperativas recolle a existencia de catro tipos de socios atendendo ás súas características: a proba, excedentes e colaboradores empregando un artigo para definir e establecer as características máis destacables de cada unha destas figuras.

Así o artigo 27 define os *socios a proba* como aquelas persoas que pertencendo a cooperativas de primeiro grado exceptuando vivenda, crédito e seguros, e se os estatutos o recollen, poderán ter dita condición durante un período non superior a doce meses.

As persoas socias a prova teñen os mesmos dereitos e obrigas que as demais socias salvo nos seguintes aspectos:

a) Non poden realizar aportacións ao capital social, nin satisfacer ningunha cota.

b) Poden resolver a relación de forma unilateral. A mesma facultade se recoñece ao órgano de administración.


c) Non responden das perdas sociais, nin perciben retorno cooperativo.

d) Non poden ser electores nin elixibles para ocupar cargos nos órganos sociais.

A normativa establece tamén un límite para esta modalidade xa que non poderán existir máis dun quinto de persoas nesta situación.

Segundo se recolle na **Gráfica 12** a figura de persoa socia a proba non é moi empregada. De feito na provincia que existe un maior número de socios de este tipo apenas superan as 25 en toda a provincia o que significa de media un 0,05 persoas por cooperativa existente.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Gráfica 12 Persoas a proba por provincia e sexo

En canto ao sexo, as persoas a proba maioritariamente son homes (un 55% do total) e as persoas xurídicas son as que menos acceden a esta fórmula para acceder á condición de socia dunha cooperativa.

Outra modalidade de persoas socias son as excedentes. Reguladas no artigo 28 da citada Lei 5/1998 defínense como aquelas persoas que nas cooperativas, salvo nas de vivenda, por causa xustificada e soliciten unha excedencia por escrito ao órgano de administración. Debe regularse nos estatutos esta figura pero en calquera caso deben respectarse as seguintes normas:

a) O dereito a recibir o interese pactado polas súas aportacións ao capital social, ou o que se acorde na Asemblea xeral para este tipo de figura societaria, e o reembolso daquelas nas mesmas condicións e prazos que para o resto das persoas socias.

b) Non terán dereito ao retorno cooperativo, pero poderán empregar os servizos da cooperativa en canto lle resulte compatible coa súa situación persoal.


c) Non poderán formar parte de ningún dos órganos de elección consello reitor, intervención, Comité de Recursos, liquidadores), pero poderán participar na Asemblea xeral, con voz e voto.

d) Non estarán obrigados a realizar novas aportacións ao capital social.

e) A súa baixa terá sempre a consideración de xustificada.

En Galicia existen un total de 197 persoas socias excedentes sendo as provincias atlánticas as que novamente contan cunha maior porcentaxe sobre o total (o 96%). Segundo se extrae da **Gráfica 13**, é a provincia da Coruña a que conta cun número de máis elevado de persoas nesta situación sendo as mulleres as que se acollen a esta modalidade societaria cunha maior frecuencia, 103 fronte aos 92 homes.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA




Gráfica 13 Persoas excedentes por provincia e sexo

As persoas socias colaboradoras é a última das modalidades que recolle a normativa galega. Reguladas no artigo 29, establécese que os estatutos poderán prever e regular a existencia desta figura e que poderán ser persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, que, sen poder realizar plenamente o obxecto social cooperativo, podan colaborar na súa consecución.

Corresponde aos estatutos determinar os dereitos e obrigas, fixando, en todo caso, a aportación obrigatoria mínima, o desembolso da mesma, os requisitos para adquirir dita condición, o seu réxime de baixa e o dereito ao retorno cooperativo. O número máximo de socios colaboradores queda fixado nun terzo do total. Esta porcentaxe é a que se fixa tamén para a súa participación nos órganos de administración, onde non poderán desempeñar en ningún caso labores de presidencia ou vicepresidencia.

Esta tipoloxía de persoas socias introdúcese co fin de capitalizar a entidade aínda que dun xeito controlado, xa que non se permite a entrada de calquera volume de socias e capital. Ademais da limitación en canto a número de persoas excedentes, o artigo 58 da lei de cooperativas de Galicia introduce limitación en canto ás cantidades de capital social que cada persoa pode aportar. Así, o capital social da cooperativa estará constituído polas aportacións de natureza patrimonial realizadas polas persoas socias, xa sexan obrigatorias ou voluntarias. Ademais, o importe total das aportacións de cada cooperativista nas cooperativas de primeiro grado terá que ser inferior ao 50% do capital social total.

Segundo se observa na **Gráfica 14** esta fórmula de capitalización e aceso ás cooperativas é empregada maioritariamente por homes e na provincia da Coruña. No resto do territorio o número de cooperativistas nesta modalidade é moi inferior. Na provincia de Ourense, por exemplo só existe unha socia colaboradora.



Gráfica 14 Persoas colaboradoras por provincia e sexo

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

No referente a **organización interna**, as cooperativas contan cun **órgano de goberno**, xestión e representación: o Consello Reitor. Regulado nos artigos 41 e seguintes da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de Cooperativas de Galicia, este órgano réxese polo establecido nesta norma, nos estatutos e na política xeral fixada pola Asemblea Xeral.

O Consello Reitor estará formado por un mínimo de tres persoas: unha que exerza a presidencia, unha que exerza a vicepresidencia e a que faga as funcións da secretaría. No caso de que se estableza a existencia de intervención de contas e a cooperativa non conte con máis persoas socias, desaparecerá no Consello Reitor a figura da vicepresidencia. Todas as persoas que formen parte do órgano de goberno serán escollidas en asemblea por un período que oscilará entre os dous e os seis anos.

Dentro do consello Reitor poderán existir outros cargos de designación voluntaria como por exemplo tesourería e as vogalías que se acorden nos estatutos. Naquelas cooperativas de máis de 50 persoas traballadoras por tempo indefinido, é obrigatorio que se reserve unha vogalía para a persoa que os represente.

A presidencia do consello, que tamén o será da cooperativa, terá a representación legal da entidade, sen prexuízo de incorrer en responsabilidade se a súa actuación non se axustase aos acordos da asemblea e do propio consello reitor.

O consello reitor pode exercer todas aquelas facultades que non estean reservadas a outro órgano social.

Naquelas cooperativas que exista a intervención de contas, este órgano será elixido en asemblea e corresponderanlle as seguintes funcións:

a) A censura das contas anuais antes da súa presentación á asemblea xeral mediante informe emitido ao efecto, así como sobre a proposta de distribución de excedentes ou imputación de perdas.

b) Convocar asemblea xeral nos supostos e a través dos procedementos establecidos na Lei.

c) Controlar que se cubran os libros da cooperativa.

d) Solicitar do consello reitor todas aquelas informacións sobre a marcha da cooperativa que estimase oportunas no exercicio da súa función.

e) Decidir sobre a idoneidade do escrito ou poder que acredite a representación nas asembleas xerais. En caso de ausencia do órgano de intervención, esta decisión corresponderá á presidencia e secretaría da asemblea.

f) Impugnar ante a asemblea xeral a valoración dos bens ou dereitos como aportación ao capital social acordada polo consello reitor.

Naquelas cooperativas que conten cun número de persoas socias inferior a dez, os estatutos poderán establecer a existencia dun administrador ou administradora única. Debe ser unha persoa física e ter a condición de socia da cooperativa, nela recaerán as competencias e o réxime establecido para o consello reitor.

Segundo os datos que obran no rexistro de cooperativas, e que se ven resumidos na **Táboa 12**, nas cooperativas galegas existen un total de 3.181 persoas que pertencen aos órganos de goberno das cooperativas divididas en presidencias, vicepresidencias, secretarías, administradores e administradoras únicas e outros.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 12 Número de homes e mulleres nos órganos de goberno das cooperativas

Cargo	Totais		Coops. servizos		Coops. traballo	
	H	M	H	M	H	M
Presidencia	702	269	352	47	251	181
Vicepresidencia	477	230	259	74	156	113
Secretaría	631	334	297	100	241	190
Outros	202	72	163	45	16	20
Administrador/a único	164	100	7	1	146	97
Totais	2.176	1.005	1.078	267	810	601

A lei de cooperativas establece que os consellos reitores conten cunha representación equilibrada de homes e mulleres na súa composición, como se pode observar, isto non é así se atendemos ao conxunto de organizacións xa que só un 32% dos cargos son ocupados por mulleres e estas porcentaxes diminúen en catro puntos se o cargo é o de presidenta. Pola contra as cifras achéganse ao 38% se falamos das administradoras únicas.

Pero esta realidade non é igual en todos os tipos de cooperativas, así nas cooperativas de servizos a presenza das mulleres nos órganos de decisión redúcese chegando só ao 12% no caso das presidencias. Porén nas cooperativas de traballo a presenza das mulleres supera o 40% en todos os cargos chegando a ser maioritaria nos "outros" que recolle as vogalías, designacións e intervencións de contas entre outros.


Cabe destacar que no caso das cooperativas de servizos as cifras de socias mulleres -que se situaban por encima do 40%- non se corresponden coa súa presenza nos órganos de goberno o que fai pensar que estean subrepresentadas nos consellos reitores.

Pódese indicar, polo tanto, que as cooperativas de traballo en Galicia cómpren coa Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, de Igualdad efectiva de mujeres y hombres na que se recomenda que as empresas, nos seus órganos de goberno tendan cara a igualdade, situando esta nunha participación do 60 – 40. Débese afondar cales son as motivacións que levan a este comportamento.

Por último neste apartado, facer mención ao **persoal asalariado**. As cooperativas galegas poderán contar con persoal asalariado, tal e como establece o artigo 110 da Lei de Cooperativas de Galicia, mais este ten unha limitación do 30 por 100 do total das persoas socias. Establécese que serán os estatutos os responsables de establecer o procedemento no que as persoas traballadoras podan acceder á condición de socia pero a aquelas que teñan unha antigüidade superior aos dous anos non se lle poderá establecer período de proba.


En Galicia, segundo as contas depositadas nos diferentes rexistros de cooperativas, existen un total de 6.541 persoas asalariadas, a maioría nas cooperativas que teñen o seu domicilio na provincia da Coruña pero cunha escasa diferenza coa provincia de Ourense, tal e como se pode observar na **Gráfica 15.**

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Gráfica 15 Total de persoas asalariadas por provincia


Destaca o caso de Ourense, que sendo a provincia que conta cun menor número de cooperativas sexa a segunda que conta con maior número de persoas asalariadas.



Gráfica 16 Persoas asalariadas por provincia e sexo

Si realizamos o sesgo por sexo, chama a atención a falta de coincidencia entre os datos totais e os parciais, feito que pode vir condicionado pola falta de definición á que xa se facía referencia ao comezo deste apartado. A **Gráfica 16** mostra como estes datos non se corresponden. En calquera caso, e atendendo aos rexistros, atopámonos cun comportamento diferente dependendo da provincia que se analice. Así, a Coruña conta con practicamente o mesmo número de homes e mulleres asalariados e no caso oposto sitúase Ourense duplicando case o número de homes asalariados fronte ao de mulleres (64% fronte ao 36%).
Nas cooperativas priman as contratacións fixas fronte ás temporais, sendo os homes os que se sitúan por encima en todas as tipoloxías de contratos. Na **Gráfica 17** pódese observar que na única ocasión que as mulleres se sitúan por encima é na contratación temporal no caso da provincia da Coruña.

É a provincia de Ourense a que conta cun maior número de contratos, sobre todo no que se corresponde a homes fixos que superan en case trescentos aos das mulleres. Por último a provincia que conta cun menor número de persoas asalariadas, tanto fixas como temporais, é a de Lugo.




Gráfica 17 Persoal fixo e temporal por provincia e por sexo

2.4. A CONTABILIDADE COOPERATIVA

A base de datos conta cun conxunto de datos contables que proveñen, como xa se indicou, das diferentes memorias contables rexistradas nos correspondentes rexistros podendo dispoñer de datos completos dos exercicios 2012 a 2017. Estes datos son os de facturación e os de resultados económicos dos exercicios permitindo poder levar a cabo unha relación entre ambos.

Así, si se atende aos resultados de facturación pódese observar, na **Gráfica 18**, como o volume de facturación, en computo xeral ten unha tendencia á baixa dende o ano 2013 que se acentúa no ano 2017.



Gráfica 18 Facturación das cooperativas - 2012 e 2017


Cabe destacar, que despois da perceptiva revisión do detalle da base de datos atópanse circunstancias que se deben destacar neste aspecto como é a falta de rexistro das contas de algunhas entidades tratoras do cooperativismo como poden ser a Cooperativa Farmacéutica Galega - Cofaga S. Coop. Galega, que no exercicio anterior facturou máis de 152 millóns de euros, ou algunhas cooperativas pertencentes ao grupo Coren que no exercicio anterior rexistraron 260 millóns de euros de facturación nas súas contas.

Se analizamos os resultados por tipo de cooperativa tal e como se recolle o na **Táboa 13** obsérvase que a tendencia non é igual en todas as tipoloxías. Así as cooperativas de traballo duplican a súa facturación media no ano 2017 con respecto ao exercicio anterior, tamén seguen a mesma tendencia positiva as cooperativas de segundo grado e de explotación comunitaria da terra. Pola contra as cooperativas de servizos baixan a facturación media no último exercicio rexistrado.

Táboa 13 Media de facturación por ano e tipo de cooperativa

	2015	2016	2017
2º grado	111.800.810,90 €	98.474.303,71 €	119.162.388,35 €
Consumidores	1.515.809,39 €	1.030.223,44 €	1.041.622,98 €
Explotación comunitaria	400.242,19 €	440.025,44 €	520.508,34 €
Servizos	6.694.374,06 €	6.792.942,12 €	4.214.487,95 €
Traballo asociado	600.741,87 €	575.315,60 €	1.195.219,20 €

No referente ao resultado económico, segundo se mostra na **Gráfica 19**, ten unha evolución diferente á da facturación ao contar cunha tendencia ascendente ate o 2015 que se estabiliza no seguinte exercicio para sufrir unha baixada no exercicio 2017 podendo, esta última, estar incrementada pola falta de rexistro comentada no parágrafo anterior.



Gráfica 19 Resultado económico das cooperativas 2012 - 2017

Como no caso anterior, o comportamento é diferente dependendo de cada tipoloxía de cooperativa, así a **Táboa 14** recolle os resultados promedio dos tres últimos exercicios económicos rexistrados. Nela pódese observar como as cooperativas de segundo grado tiveron un comportamento positivo no ano 2017 con respecto ao anterior ao contrario que as cooperativas de traballo asociado.

Táboa 14 Resultados promedio por tipos de cooperativa


	2015	2016	2017
2º grao	683.665,30 €	-423.196,63 €	761.322,43 €
Consumidores	89.837,79 €	155.304,59 €	88.627,80 €
Explotación comunitaria	-7.037,98 €	2.168,95 €	34.481,47 €
Servizos	18.755,37 €	59.595,23 €	28.012,43 €
Traballo asociado	27.834,88 €	13.979,04 €	-20.149,95 €

Pola súa parte, son as cooperativas de explotación comunitaria as que parecen contar cunha tendencia á alza máis estable nos exercicios referidos.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

2.5. COOPERATIVISMO COMO MOTOR DE EMPRENDEMENTO EN GALICIA

Despois de determinada a situación actual do cooperativismo galego, compre agora analizar o seu comportamento nos últimos anos atendendo, sobre todo ao emprendemento neste segmento empresarial. Ao non contar con referencias suficientes na base de datos que se acaba de presentar cómpre acudir aos datos dispoñibles nos diferentes Rexistros de Cooperativas da comunidade autónoma. Segundos estes, o número de cooperativas que conta con actividade no ámbito territorial que compete a este traballo e teñen domicilio social na Comunidade Autónoma a 31 de decembro de 2019[22] é de 1.390 sendo este ano o que se inscriben un número máis elevado de empresas con este modelo societario,109. Isto supón unha continuación da tendencia crecente iniciada en 2018. Así, as 110 cooperativas que se inscriben no 2019 son preto de 40 máis das que iniciaron actividade un ano antes.




Gráfica 20 Cooperativas constituídas en Galicia (1990-2019)

Como pode constatarse na **Gráfica 20**, esta evolución recente das cooperativas supón que estas sociedades en Galicia rexistran un pulo importante a partir de 2017, sendo a súa taxa de crecemento superior ao do resto de sociedades mercantís tanto en Galicia como en España como pode apreciar na **Gráfica 21**.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[22] A Lei 14/2011, do 16 de decembro, pola que se modifica a Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, introduce unha modificación no art. 2 da lei autonómica relativo ao ámbito da aplicación da lei, limitándoa a todas as entidades cooperativas, unións, federacións e confederacións de cooperativas que, con domicilio social na Comunidade Autónoma de Galicia, desenvolvan a súa actividade cooperativizada con carácter principal neste ámbito territorial.



Gráfica 21 Variación no número de Sociedades constituídas Galicia-España (2009-2019)

Parece, polo tanto, que as cooperativas constitúen un motor de emprendemento en Galicia que conta co seu maior expoñente no cooperativismo de traballo ao ser este o que aporta un maior número de empresas constituídas. As cooperativas de traballo, á súa vez, son definidas como asociacións anónimas de persoas que se unen voluntariamente para satisfacer as súas necesidades e expectativas comúns económicas, sociais e culturais a través dunha empresa de propiedade conxunta e xestionada democraticamente (ICA (International Co-Operative Alliance) 2017). Estas organizacións non están totalmente orientadas ao beneficio xa que a cultura organizativa é unha das súas características destacadas. Polo tanto, comparten certos valores básicos (por exemplo, axuda mutua, autorresponsabilidade, democracia, igualdade e solidariedade) que conviven con outros éticos como a honestidade, a transparencia, a responsabilidade social e a preocupación polos demais (Chaves e Monzón, 2018b; Chaves e Savall Morera, 2019).

Nos últimos anos, a sociedade civil, as institucións e os gobernos centráronse cada vez máis na actividade económica das empresas. Este crecente interese polos negocios, principalmente desde a recente crise económica e financeira, xerou crecentes expectativas sobre a necesidade das organizacións de avanzar cara a modelos máis sostibles que apoien o axuste entre o crecemento empresarial e o crecemento responsable e sostible. En resposta a este problema, organizacións internacionais, como a Unión Europea (UE) e ONU, introduciron á ES no seu discurso, dados os beneficios para a sociedade destas fórmulas empresariais. De feito, e como xa se comentou no anterior capítulo, investigacións anteriores argumentaron que a ES pode obter beneficios colectivos. Estes traballos exploraron o seu potencial para favorecer o benestar xeral, o apoderamento da cidadanía, a equidade, o emprego e o desenvolvemento local (Chaves Ávila e Savall Morera, 2019; Sonnino e Griggs-Trevarthen, 2013; Utting, 2015).

Máis recentemente, tanto dende as institucións (nomeadamente o Grupo de traballo interinstitucional das Nacións Unidas sobre ES e solidaria - UNTFSEE-) como dende a academia (Bastida et al., 2020d; Mozas Moral, 2019; Utting, 2018) destacaron a importancia da ES na implementación da Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible e o logro dos ODS. Dentro deste enfoque, a ES convértese nun camiño para apoderar ás comunidades locais e mellorar a cohesión a través da mobilización de recursos locais (Sonnino e Griggs-Trevarthen, 2013). Ademais, a ES retrata un novo paradigma económico para acadar o crecemento económico e a sustentabilidade (Siebold et al., 2019).

Ao mesmo tempo, promover o emprendemento converteuse nunha prioridade para os gobernos á hora de deseñar estratexias de desenvolvemento. O espírito empresarial e, máis

concretamente, a creación de empresas considerouse como un motor para o emprego e o crecemento económico (Ács et al., 2008; Ács e Szerb, 2007; Audretsch et al., 2006; Galindo e Méndez, 2014; Julien, 2018; Van Praag e Versloot, 2007). Buscando estes beneficios os gobernos deseñan políticas destinadas a estimular a actividade empresarial; polo tanto, a comprensión de factores que impulsen a creación dunha empresa é a clave para mellorar as políticas públicas económicas (Ács et al., 2017b; Castaño et al., 2016; Roundy e Fayard, 2019; Stevenson e Lundstrom, 2007; Szerb et al., 2013).

Traballos anteriores observan tamén que os requisitos e condicións do emprendemento poden variar en función das diferentes estruturas empresariais (Arando et al., 2008; Diaz-Foncea e Marcuello, 2013; Pèrotin, 2006). Porén, a pesar da crecente popularidade das organizacións de ES, os estudos empresariais destes modelos de negocio diferenciados son relativamente novos (Arando et al., 2008; Diaz-Foncea e Marcuello, 2013; Pèrotin, 2006; Podivinsky e Stewart, 2007). Investigacións recentes abordaron parcialmente esta lagoa na investigación centrándose nas cooperativas de traballo, unha das organizacións máis destacadas da ES e como xa se observou con anterioridade o motor do cooperativo en Galicia. Neste contexto, as cooperativas de traballo son recoñecidas como un novo xeito de facer empresa e unha forma adicional de actividade emprendedora. Por exemplo, Díaz-Foncea e Marcuello (2015) analizaron as cooperativas no contexto da creación de novas pequenas e medianas empresas (PEMES), e Monteleone e Reito (2018), pola súa banda, argumentaron que as persoas membros de cooperativas deberían considerarse empresarias, xa que comezan un negocio cando teñen poucas oportunidades de atopar traballo (empresarios por necesidade). Ademais, descubriron que os membros/propietarios das cooperativas poden obter beneficios similares aos dos emprendedores individuais. Máis recentemente, Guzmán et al., (2019) relacionaron o desempeño das cooperativas coa orientación emprendedora, un campo de investigación dentro da corrente da teoría do emprendemento. Descubriron que a orientación empresarial destas empresas modera a relación entre os principios cooperativos e o desempeño. Baseándose nestes resultados, estes autores argumentaron que estas empresas non representan unha excepción á teoría do emprendemento.

Aínda que estes estudos inclúen ás cooperativas de traballo no ámbito das PEMES e permiten considerar aos membros da cooperativa coma emprendedores a temática dos factores que inflúen na decisión de unirse a unha cooperativas de traballo é pouco frecuente na investigación académica e si se poden atopar diferencias entre as PEMES convencionais e as cooperativas de traballo (Monteleone e Reito, 2018). Ademais, como Díaz-Foncea e Marcuello (2013) sinalaron, a maior parte destas investigacións leváronse a cabo a diferentes niveis, como nas contornas industriais ou de país, sen abordar o rol do emprendemento como motivación principal no nacemento das novas realidades empresariais. Esta excepción, xunto cos argumentos anteriores suxiren que a ES, e polo tanto as cooperativas de traballo, promoven un marco máis sostible e aumentan o interese en investigar os factores que inflúen na creación das cooperativas de traballo. Ao facelo, pódense identificar aqueles factores que poidan axudar a estimular a creación e mantemento de novas pequenas e medianas empresas (Díaz Foncea e Marcuello Servós, 2014; Guzmán et al., 2019) que, á súa vez, poden promover un xeito máis sostible de facer negocios. Polo tanto, parece necesario abordar estas motivacións atendendo á escasa investigación sobre esta temática (Diaz Bretones e González González, 2005; Díaz Foncea e Marcuello Servós, 2014; Serrano e Giménez, 2006).

2.6. AS MOTIVACIÓNS QUE LEVAN AO EMPRENDEMENTO COOPERATIVO

O papel das persoas emprendedoras en relación con formas organizativas específicas examinouse detidamente dentro de diferentes tipos de emprendemento como: en equipo (Armen e Demsetz, 1972), colectivo (Bijman e Doorneweert, 2010; Cook e Plunkett, 2006), sen fins de lucro (Bilodeau e Slivinski, 1996; Rose-Ackerman, 1997) e emprendemento social (Austin et al., 2006). Porén os traballos de investigación ate o momento descoidaron ás cooperativas de traballo como un modelo empresarial e emprendedor particular (Díaz e Marcuello, 2014).

Pola súa parte, as cooperativas de traballo son organizacións que aumentaron recentemente en popularidade porque o seu foco nos resultados sociais sitúaas na ES, unha das prioridades para a UE. A este respecto, e como xa se ten indicado previamente, tanto as institucións como a academia destacan a importancia da ES na consecución da Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible e o logro dos ODS en canto que a ES representa a economía plural, o equilibrio, a sostibilidade e un enfoque integrado necesario para cumprir este desafío (Álvarez e Alarcón, 2019; Bastida et al., 2020d; Mozas, 2019; Utting, 2018). Tomando este enfoque, investigacións previas mostraron as cooperativas de traballo como un camiño para apoderar ás comunidades locais e mellorar a cohesión a través da mobilización de recursos locais (Sonnino e Griggs-Trevarthen, 2013), así como a máxima expresión das relacións democráticas nos negocios (Kalmi, 2013). Ademais, as cooperativas de traballo favorecen o benestar xeral, o apoderamento da cidadanía, a equidade, o emprego e o desenvolvemento local (Chaves et al., 2019; Sonnino e Griggs-Trevarthen, 2013; Utting, 2015a). Malia algunhas críticas (Jaén, 2017), estudos previos tamén recoñeceron a capacidade da ES e particularmente das cooperativas de traballo para responder aos efectos da crise económica sobre o emprego e o axuste salarial e para crear emprego de calidade con efectos directos e indirectos sobre a poboación activa (Birchall e Ketilson, 2009; Borzaga et al., 2010; Chaves e Monzón, 2018a; Chaves e Savall, 2019; Lejarriaga et al., 2013; Puentes e Velasco, 2009). Estas características reflicten o seu comportamento anticíclico na medida en que as cooperativas de traballo son máis propensas a formarse en economías en declive como as de recesión (Delbono e Reggiani, 2013) e así tamén o demostra o estudo do seu comportamento no caso galego ao longo deste traballo e en traballos previos (Olveira, 2016). Noutras palabras, poden desempeñar un papel útil na resolución do problema do desemprego (Kalmi, 2013; Monteleone e Reito, 2018). A diferenza das empresas convencionais, as cooperativas de traballo priorizan o mantemento dos postos de traballo, aínda que isto sexa a costa dunha redución das melloras potenciais ou dos beneficios económicos (Pèrotin, 2006). Ademais, chama a atención que tamén poden proporcionar un camiño cara ao emprego para grupos desfavorecidos e excluídos socialmente e contribuír a integrar estes colectivos na sociedade a través do emprego (Bretos e Marcuello, 2017; Lindsay e Hems, 2004; Novkovic, 2008; Thomas, 2004).

En canto aos motivos subxacentes á decisión de unirse ou crear unha cooperativa atraeron a atención académica, que abordou o tema principalmente a nivel organizativo (Pèrotin, 2006; Podivinsky e Stewart, 2007). En consecuencia, os estudos centrados nos motivos das persoas socias cooperativistas como empresarias son escasos. Ata agora, investigacións previas resaltaron os factores relacionados tradicionalmente coa creación de empresas (é dicir, os relacionados co individuo, o proceso, o medio ambiente e a organización en si mesma), que esperan que tamén inflúan na decisión de crear unha cooperativa (Carsrud e Brännback, 2011; Clemente et al., 2012; Gijselinckx et al., 2008). Non obstante, investigacións previas sobre as cooperativas de traballo suxeriron que teñen certas características, nomeadamente os principios cooperativos que as gobernan, que poden adaptarse mellor ás necesidades e expectativas de certas prioridades que a outras, incluíndo un axuste superior a algunhas prioridades persoais, como a conciliación e igualdade de oportunidades, que poderían impulsar especificamente a

algunhas persoas a unirse e elixir este modelo empresarial concreto. Ademais, as axudas institucionais concedidas ás cooperativas, especialmente no caso das de traballo, poderían actuar como un motor externo (Bastida et al., 2021; Bretos e Marcuello, 2017; Díaz e Marcuello, 2014). En total, cabería esperar que todos estes factores tamén poidan influír na intención das persoas de converterse en empresarias.

Partindo da influencia dos principios cooperativos, prevalece o "Principio de adhesión voluntaria e aberta" para garantir a igualdade (Alianza Cooperativa Internacional, 1995). Isto significa que as cooperativas de traballo teñen unha política de portas abertas, de xeito que calquera persoa que acepte as responsabilidades da entidade poida converterse en persoa socia. Ademais, o "Principio de educación, formación e información" implica que as cooperativas de traballo ofrecen oportunidades de educación e formación para as persoas socias, e isto suxire que estas institucións poden favorecer o apoderamento máis que outras organizacións (Okechukwu e Agbodike, 2016). Esta visión é de interese xa que hai evidencias crecentes de que a participación en programas de educación empresarial e formación organizativa mellora a autoeficacia empresarial (Fayolle e Gailly, 2015; Zhao et al., 2005). Isto, á súa vez, benefíciase da "Xestión Democrática" xa que a xente pode decidir activamente sobre o alcance dos proxectos e incorporar os seus intereses e expectativas ao desenvolvemento empresarial (De Cabo et al., 2009; Martínez-Carrasco et al., 2013). Ademais, Deng e Hendrikse (2018) argumentaron que unha cooperativa non só é unha rede emprendedora senón tamén unha sociedade de membros cunha rede social e, polo tanto, confirma a suxestión de Valentinov (2004) en tanto as cooperativas de traballo son organizacións baseadas no capital social. Seguindo este argumento, Hogeland (2006) sinalou que unha das bases fundamentais das cooperativas de traballo son estas redes sociais apoiadas por normas de reciprocidade e confianza. Polo tanto, as persoas que forman unha cooperativa están conectadas socialmente entre si e a solidariedade entre elas está enraizada nos seus lazos sociais. Noutras palabras, a preocupación polos demais e a orientación social (é dicir, "Preocupación pola Comunidade" e "Cooperación") tamén poden actuar como un motor específico para unirse ou crear unha cooperativa.

Despois destas contribucións, outro conxunto de estudos sobre as cooperativas de traballo argumenta que estas empresas se axustan ás expectativas e necesidades das persoas. Respecto a este punto, as persoas que se incorporan ás cooperativas de traballo priorizan a axuda mutua, o traballo en común e os obxectivos non rendibles fronte aos beneficios económicos (Bock, 2004; Esteban et al., 2016). Ademais, varios estudos centrados na relevancia dos sistemas organizativos sinalaron que as cooperativas de traballo dependen de principios contrarios á discriminación, que, á súa vez, permiten a participación en condicións de igualdade (Senent, 2011). Por exemplo, Arroyo (2011) suxeriu que as cooperativas de traballo poden favorecer a implementación de políticas de conciliación como o traballo flexible ou o permiso parental que actúan como factores motivadores. Estas políticas refírense aos principios de "Autonomía e Independencia", entendidos como autoxestión e autoorganización do tempo de traballo que caracterizan tradicionalmente a este tipo de entidades. Deste xeito, dado que as cooperativas de traballo teñen un conxunto de valores e principios operativos intrinsecamente cooperativos, as accións para promover a igualdade xenuína pódense introducir máis facilmente que noutros modelos empresariais. Como as cooperativas de traballo prestan especial atención ás necesidades colectivas e aos problemas sociais, son especialmente sensibles a cuestións relacionadas coa igualdade e a adopción dun comportamento socialmente responsable (Arcas e Briones, 2009; Ribas e Sajardo, 2005). Esta sensibilidade, á súa vez, permite a posta en marcha de políticas de conciliación (Chaves, 1996) e leva á recomendación de políticas de traballo flexibles para fomentar o avance profesional (Jacobs e Padavic, 2015).

Desde outro punto de vista, dado que o emprendemento está situado nun contexto social (Cormier et al., 2010; Welter e Smallbone, 2011), investigacións recentes abordaron os factores externos que condicionan a actividade emprendedora con especial atención aos factores socioculturais (Anderson et al., 2012; Henry e Foss, 2016; Wheadon e Duval-Couetil, 2019). A este respecto, as condicións ambientais dunha empresa afectan en boa medida ao seu desenvolvemento (Brush et al., 2009; Gagliardi, 2009; Henry e Foss, 2016; Pfefferman e Frenkel, 2015; Wheadon e Duval-Couetil, 2019). Investigacións previas tamén resaltaron que os requisitos formais, legais e financeiros para constituír unha empresa poden ser decisivos para elixir un tipo específico de organización (Brown et al., 2005; Hashi e Krasniqi, 2011). Como resultado, varios factores esóxenos poden motivar a decisión de iniciar negocios coa fórmula xurídica de cooperativa. Entre os factores esóxenos que favorecen as cooperativas de traballo están os seguintes apoios necesarios para iniciar un novo proxecto: os fondos dispoñibles, os programas gobernamentais que apoian estas entidades fronte a outras iniciativas empresariais e a aceptación social do emprego colectivo en lugar do traballo por conta propia (Navarro e Climent, 2010). Non se poderían atopar as facilidades na constitución ou a sinxeleza nos trámites posto que este modelo empresarial non se caracteriza pola axilidade na posta en marcha podendo ser este proceso máis dilatado que noutras fórmulas societarias sobre todo si se compara co emprendemento individual.

A pesar da ausencia de investigacións empíricas que examinen a importancia destes factores para adherirse ás cooperativas de traballo, cómpre ter en conta que investigacións recentes abordaron dende a perspectiva teórica os motores do emprendemento feminino. Por exemplo, Ribas (2004, 2005) e Senent (2011) analizan extensamente o vínculo entre as mulleres e as cooperativas de traballo e concluíron que os principios cooperativos son coherentes cos principais factores motores das mulleres na elección deste modelo corporativo. Ademais, observaron que as circunstancias individuais femininas poden sustentar estes valores fundamentais. Ademais, outros estudosos argumentaron que as mulleres priorizan a axuda mutua, o traballo en común e os obxectivos non rendibles fronte aos beneficios económicos (Bock, 2004; Esteban et al., 2016). Finalmente, outro conxunto de estudos sobre mulleres nas cooperativas de traballo centrouse na relevancia das políticas de conciliación, que poden actuar como un factor motivador para as mulleres (Arroyo, 2011) xa que se demostraron que son máis importantes para as mulleres que para os homes (Borgkvist et al., 2018). Nun estudo recente, Bastida et al. (2020c) apoiaron empiricamente estes argumentos e observaron que as mulleres empregan ás cooperativas de traballo como ferramenta emprendedora debido ao seu axuste persoal cos valores, principios e solucións de traballo propias do modelo cooperativo. Neste momento, con todo, houbo poucas evidencias empíricas sobre as motivacións de homes e mulleres emprendedores que elixiron as cooperativas de traballo para desenvolver a súa actividade empresarial.

2.7. CONCLUSIÓNS

Historicamente existen diferenzas notables entre as diferentes bases de datos que abordan a realidade das cooperativas, nomeadamente entre os datos que mostra o Ministerio de Traballo e de ES e os dos propios rexistros de cooperativas sobre todo no que se refire ao número de cooperativas activas.

O traballo de campo que se mostra ao longo deste capítulo contribúe, de xeito empírico, á depuración deses datos xa que se leva a cabo unha labor de investigación que permite coñecer de primeira man se a entidade está ou non activa.

Así, ao longo do traballo vaise confeccionando unha foto do cooperativismo galego datada en agosto de 2019 no que existen un total de 1.315 cooperativas activas nesta comunidade

situadas maioritariamente nas provincias de Pontevedra e Coruña sendo a tipoloxía das de traballo as máis numerosas.

Atendendo á súa composición, o traballo analiza as persoas socias, os órganos de goberno e as persoas asalariadas. No primeiro bloque pódese destacar que as cooperativas que contan cunha maior base social son as de servizos feito que se constata ao ver a distribución por provincia ao representar tanto na Coruña (48%) coma en Lugo (32%) cun maior número de persoas socias por diante de Pontevedra aínda sendo este o segundo territorio na contribución ao número de entidades. Deste xeito as cooperativas de servizos contan cunha media de 81 persoas socias fronte ás cooperativas de traballo que teñen 8. En canto a distribución por sexo, en termos xerais, os homes rodan o 60% fronte as mulleres que se sitúan pouco por encima do 40%. Esta porcentaxe corríxese lixeiramente no caso das cooperativas de traballo.

En canto á participación nos órganos de representación, en datos xerais estes son ocupados maioritariamente por homes (un 68%). É preciso analizar o comportamento das diferentes tipoloxías de cooperativas xa que este é moi dispar. Así, no caso das cooperativas de servizos estas diferenzas agudízanse situándose nun 80% no caso dos homes e un 20 % no caso das mulleres. Porén, nas cooperativas de traballo, esta relación é máis equilibrada (57% - 43%) aínda que seguen a ser os homes os que ocupan unha maior porcentaxe no goberno cooperativo.

No terceiro dos bloques, o referente ás persoas asalariadas, destaca o papel das cooperativas como motor de emprego estable. A maioría das persoas traballadoras vinculan a súa relación laboral con estas empresas mediante contratos indefinidos e de xeito igualitario entre homes e mulleres ao non se apreciar diferenzas nas modalidades contractuais dun ou outro sexo.

Aínda que de forma moi superficial, ao carecer de datos detallados e non ser motivo deste traballo, abórdase brevemente a contabilidade cooperativa atendendo a dúas variables: a facturación e o resultado económico.

Por último, o capítulo aborda o papel do cooperativismo, sobre todo o de traballo, como motor de emprendemento e cales poden ser, as motivacións que levan ás persoas a emprender ou a formar parte dunha cooperativa.

Despois dunha profunda análise bibliográfica, as cooperativas móstranse como unha fórmula máis de emprendemento, circunstancia que no caso galego ademais se avala no comportamento que estas entidades teñen durante o período analizado (1990-2019). As motivacións que a literatura mostra como posibles causas desta elección pódense diferenciar en cinco tipoloxías: (1) principios cooperativos e axuste individual a eles; (2) goberno da cooperativa; (3) percepción do modelo cooperativo como favorecedor da igualdade; (4) a orientación social dos membros da cooperativa; e (5) factores esóxenos como axuda financeira ou consultoría.

Despois de observada a realidade do cooperativismo galego e da súa capacidade de emprendemento neste capítulo e da anterior análise da economía social poden establecerse as seguintes preguntas de investigación diferenciadas en dous bloques: o primeiro ligado ás políticas públicas e a xeración de ecosistemas e o segundo correspondente as motivacións das persoas para o emprendemento.

- Existe un ecosistema de políticas públicas propio en Galicia para a ES?

A Rede Eusumo contribúe á configuración deste ecosistema e polo tanto pódese identificar como unha política pública de impacto?

- Son os factores identificados na literatura os que motivan a participación das persoas nas cooperativas? De ser estes, teñen todos a mesma influencia?

  Cales son os vínculos entre o espírito emprendedor cooperativo e as necesidades individuais? Existe unha relación positiva entre ambos? E coa vontade de emprender a través deste modelo de negocio?

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

3. POLÍTICAS PÚBLICAS PARA O FOMENTO DA ES EN GALICIA

Este capítulo ten como obxectivo determinar se a Comunidade Autónoma de Galicia ten un verdadeiro modelo para a promoción e desenvolvemento da ES. Para iso, procédese a sinalar as súas principais características, os problemas aos que se enfrontou no seu deseño e aplicación e, finalmente, o impacto que tivo.

Galicia é unha comunidade autónoma claramente diferenciada en ES. Esta distinción non se debe ao peso económico e social desta actividade nesta rexión, que é inferior á media nacional, senón que se debe a que foi a primeira autonomía en aprobar a súa normativa no campo da ES. De feito, hai só cinco anos que contamos coa Lei 6/2016, do 4 de maio, de ES de Galicia (LESG) que tenta adaptar e desenvolver as directrices contidas na Lei 5/2011, do 29 de marzo, estatal.

Para acadar o obxectivo establecido proponse a seguinte estrutura de análise. O traballo dará comezo cun apartado, a modo de introdución, no que se abordará a situación das políticas públicas no conxunto do estado realizando unha comparativa entre as diferentes comunidades autónomas. Continúa cunha análise sobre a concepción existente en Galicia da ES como suxeito de intervención pública e como esta inflúe sobre a LESG e anteriormente na concepción da Rede Eusumo. Antes de abordar as políticas públicas existentes en Galicia e avaliar a súa eficacia, analízase como estas se constrúen e os axentes que interveñen no proceso de creación así como o seu ecosistema (por exemplo, movemento asociativo) e o marco institucional no que se levan a cabo.

Destacar que na investigación que se relata nesta parte do traballo, destaca a análise dos orzamentos da Xuntan de Galicia en materia de ES xa que esta abrangue un amplo período cronolóxico (2008 – 2020) de doce anos que permite, ademais de axudar á clasificación do tipo de intervencións, sentar as bases para continuar investigacións futuras sobre esta materia contribuíndo a profundar no obxecto de estudo.

Por último, cabe sinalar que parte deste capítulo foi publicado previamente nos seguintes documentos:

Libro: Políticas Públicas para a economía social en Galicia: Rede Eusumo. María Bastida Domínguez; Ana Olveira Blanco; Maite Cancelo Márquez. Edita Centro de Estudos Cooperativos CECOOP ISBN: 978-84-09-08141-7

Capítulo do Libro: La nueva generación de políticas públicas de fomento de la economía social en España. Director Rafael Cháves Ávila Título do capítulo: Las políticas públicas en economía social en la comunidad autónoma de Galicia. Autoras: María Bastida, Alberto Vaquero García e Ana Olveira Blanco; Tirant lo Blanch, 2021 ISBN 9788413782430.

3.1. A PROMOCIÓN DA ES

Tal e como se recolleu anteriormente, a LESG nace co obxectivo de configurar un marco legal que favoreza a visibilidade das entidades no campo da ES, establecendo os seus principios reitores; a necesidade de promovelos e estimulalos ou a importancia do seu papel de interlocutor cos poderes públicos, entre outras cuestións. Neste sentido, a mencionada lei coincide coas disposicións do resto de normas europeas comparables, aínda que cómpre sinalar que algunhas delas (concretamente, a francesa e a grega) falan dunha ES "e solidaria".

Unha visión xenérica das medidas para promover e apoiar a ES permite situalas ao longo dun intervalo onde o protagonismo pasa do goberno central ás administracións rexionais, aínda que todas estas medidas caracterizáronse tradicionalmente pola súa insuficiencia e ineficacia

(Chaves Ávila e Savall Morera, 2013; Chaves Ávila et al., 2016). As primeiras medidas xurdiron nos anos oitenta, baixo as directivas e os poderes da Administración Central (Chaves, 2011). Neste contexto establécense liñas orzamentarias para o desenvolvemento do programa de ES e do FSE, transferidas anualmente ás comunidades autónomas, que son as que teñen a competencia para aplicar as políticas. Ao mesmo tempo, os gobernos autonómicos completan as cantidades con fondos obtidos directamente da UE e con fondos propios. O obxectivo destes fondos é promover o investimento e o emprego en cooperativas, sociedades laborais e na ES en xeral.

Entre estas medidas emanadas do goberno central está a posibilidade de capitalizar a prestación por desemprego para aquelas persoas que se incorporan como membros de cooperativas de traballo e sociedades laborais (RD 1044/1985). Esta medida demostrou ser efectiva na creación de novas iniciativas empresariais, particularmente a través de cooperativas de traballo asociado, para persoas que queiran reorientar a súa carreira profesional poñendo en marcha novos proxectos (Lejarriaga e Martín, 2010).

Máis recentemente, a promoción da ES converteuse nunha competencia asumida polas distintas comunidades autónomas, estendendo a súa aplicación a máis grupos e innovando no desenvolvemento e implementación de medidas máis adaptadas á realidade socioeconómica de cada territorio. Non obstante, cómpre especificar que as cooperativas e as sociedades laborais dominan a maior parte do foco de atención no marco das entidades ES das políticas rexionais. De feito, mentres que todas as comunidades autónomas (con excepción de Canarias) exerceron a súa competencia autonómica ao desenvolver unha norma reguladora para as cooperativas, só ate este ano Galicia regulara a ES no ámbito rexional.

Unha vez revisada a norma o marco de desenvolvemento das medidas de fomento da ES, procederase á análise das medidas de ámbito autonómico, para proporcionar un cadro máis axustado do conxunto de instrumentos de apoio. Na actualidade, o fomento da ES é unha competencia asumida polas diferentes CCAA. De feito todas as CCAA exerceron as súas competencias para desenvolver unha norma reguladora de cooperativas ou de ES co obxecto de focalizar as axudas á realidade máis próxima. Este traslado das actuacións públicas do goberno central aos autonómicos realízase a través dunha dobre vía: extensión a máis colectivos e innovación no desenvolvemento e implantación de actuacións e medidas de axuda máis adaptadas ás distintas realidades territoriais.

No relacionado co marco de axudas autonómicas, como xa se indicou no Capítulo 2, Chaves (2010) diferenza entre dous modelos: un de mínimos, con menor apoio, e outro avanzado, cun esforzo orzamentario maior e con máis medidas cualitativas de apoio, baseadas na diversidade e innovación. Entre a segunda das categorías destaca o fomento ao cooperativismo en Andalucía, País Vasco e Murcia (Chaves e Cardoma, 2008; Chaves et al., 2011). Ademais, é preciso sinalar que estas actuacións, como consecuencia do importante reaxuste orzamentario das políticas públicas sufriron importantes recortes, que poden condicionar a súa efectividade (Chaves Ávila et al., 2016).

Todas as comunidades dispoñen dun catálogo de medidas de apoio a estas entidades, en formato de subvención, que se determinan e actualizan cada ano a través de normas de menor alcance, sexan en formato de Orde ou Resolución das consellerías competentes na materia. Compróbase tamén que a regulación é máis prolífica nalgunhas comunidades, particularmente o País Vasco (que conta coa norma autonómica máis antiga), Cataluña e Galicia. Noutras, como o caso xa mencionado da comunidade canaria, o alcance é moi semellante ao disposto na lexislación estatal. As táboas seguintes detallan as diferentes normas de desenvolvemento, como tamén as ordes onde se inclúen as medidas concretas de apoio.

Táboa 15 Regulación Autonómica en materia cooperativa[23].

COMUNIDADE AUTÓNOMA	MARCO REGULADOR	SUBVENCIÓNS E AXUDAS
ANDALUCIA	Lei 14/2011, de 23 de decembro (Boletín Oficial da Junta de Andalucía núm. 255, de 31 de decembro).	Orde da Consellería de Economía, Innovación, Ciencia e Emprego, do 6 de xuño de 2014, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións do Programa de Apoio á Promoción e o Desenvolvemento da ES para o Emprego.
ARAGÓN	Decreto Lexislativo 2/2014, de 29 de agosto (Boletín Oficial de Aragón núm. 176, de 9 de setembro), polo que se aprobou o texto refundido da Lei de Cooperativas de Aragón (Lei 4/2010, do 22 de xuño).	Orde do Departamento de Economía, Industria e Emprego, EIE/607/2016, do 6 de xuño, que establece as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a creación e consolidación do emprego e a mellora da competitividade en cooperativas de traballo asociado e sociedades laborais.
ASTURIAS	Lei autonómica 4/2010, do 29 de xuño (Boletín Oficial do Principado de Asturias núm. 160, do 12 de xullo).	Resolución do 2 de abril de 2018 da Consellería de Economía e Emprego (resolucións de carácter anual).
CANARIAS	Non existe lei propia.	Resolución do 29 de xuño de 2020, pola que se aproba a convocatoria para a concesión de subvencións dirixidas a fomentar a incorporación de socios traballadores ou de traballo a cooperativas e sociedades laborais de Canarias.
CANTABRIA	Lei 6/2013, do 6 de novembro (Boletín Oficial de Cantabria núm. 221, do 18 de novembro), de Cooperativas de Cantabria.	Orde HAC/13/2018, do 21 de febreiro, pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións destinadas ao fomento do emprego e mellora da competitividade nas cooperativas e sociedades laborais e a financiar gastos de organización interna e funcionamento das asociacións de cooperativas, de sociedades laborais e de asociacións de traballadores autónomos.
CASTILLA-LA MANCHA	Lei 11/2010, de 4 de novembro, de Cooperativas (Diario Oficial de Castilla La Mancha núm. 221, de 16 de novembro), modificada pola Lei 4/2017, de 30 de novembro, de Microempresas Cooperativas e Cooperativas Rurais de Castela-A Mancha.	Decreto 22/2017, do 21 de marzo, que regula a concesión directa de subvencións no marco do Programa de Promoción de Cooperativas e Sociedades Laborais en Castela-A Mancha.
Tal e como se recolleu ao longo de todo o traballo e tamén en traballo previos (Olveira, 2016), nos últimos anos en Galicia pódese observar un comportamento diferenciado nas mulleres que emprenden en cooperativismo en referencia á totalidade dos tecido produtivo. Así as mulleres que emprenden baixo as fórmulas de ES o fan unha porcentaxe superior ás que emprenden na totalidade das fórmulas societarias existindo marxes de diferenza de dez puntos no intervalo temporal que vai dende o ano 2008 ao 2018. Estas distancia vese incrementada se o foco se sitúa entre o emprendemento xeral e o cooperativismo de traballo encontrando neste caso diferenzas puntuais de case 40 puntos (Bastida e Olveira, 2018; Olveira, 2016; Olveira e Bastida, 2019).

En canto ás motivacións que levan a que isto suceda, en traballos anteriores (Olveira e Bastida, 2019) téñense analizado as motivacións que levan ás mulleres a emprender, en Galicia, baixo a fórmula cooperativa e así pódense identificar catro categorías: (1) as inherentes á filosofía subxacente ao modelo cooperativo; (2) as relacionadas coa perspectiva individual (necesidades e expectativas); (3) as que favorecen ou potencian a igualdade de xénero e (4) aquelas relacionadas con factores de impulso externo como poden ser o maior acompañamento ou financiamento. Os resultados indican que as percepcións das mulleres sobre a adecuación dos principios cooperativos ás súas características individuais e a consideración do modelo como vehículo cara a igualdade real priman sobre o resto.

Esta parte da investigación que agora se presenta pretende identificar, no modelo de xestión cooperativo, as características que podan configurar un conxunto de boas prácticas que faciliten a participación das mulleres nas organización ao tempo que reducen a desigualade. Esta contribución pretende facilitar a súa reprodución no cooperativismo así como noutras fórmulas societarias nas que os intereses sexan diferentes aos que inspiran a economía social. Para realizar este traballo identificouse un grupo de posibles persoas candidatas a participar no estudo que pertenceran a tres segmentos do ecosistema cooperativo: (1) socias cooperativistas; (2) académicas ou profesionais que estudan o modelo cooperativo; e (3) Persoal técnico das unións de cooperativas que operan en Galicia.

Establécense, á súa vez, tres criterios para a inclusión dunha persoa a participar no estudo. En primeiro lugar establécese que as persoas teñan realizado ou participado en estudos de xénero, estivesen estes relacionados ou non co modelo cooperativo; segundo lugar que coñezan o funcionamento dunha sociedade cooperativa así como os seus órganos de funcionamento; e terceiro, no caso do segmento que pertence as persoas socias, que tivesen desempeñado cargo de xestión ou directivo en algún momento da súa carreira profesional. Os criterios establecéronse co fin de garantir que existise unha reflexión persoal previa sobre a materia a discutir ademais de garantir o coñecemento suficiente das participantes sobre o modelo cooperativo e o seu ámbito de xestión. Por último, o estudo circunscríbese ao ámbito do cooperativismo agrario e de traballo asociado por ser estas as dúas figuras as maioritarias en Galicia ao acadar entre ambas familias case un 78% total[71].

Identificáronse un total de doce persoas, todas elas mulleres, que cumprisen os requisitos establecidos atopándonos que o segmento de académico ou de investigación non se atopaba cuberto é por iso, que neste segmento en concreto óptase por incluír a tres persoas de fora da comunidade autónoma. Realízase un primeiro contacto co envío dunha carta de presentación onde se convidaba a participar no estudo e se explican os obxectivos do mesmo. Acompáñase o documento cun anexo no que se recollen os diferentes items recollidos sobre as motivacións das mulleres para escoller a fórmula cooperativa como modelo de emprendemento a fin de que

[71] Datos procedentes do rexistro de cooperativas de Galicia.

servise como introdución para a posterior entrevista.

Aceptaron a invitación a participar un total de oito persoas nas que se incluían persoas de todos os segmentos coa proporción que se indica na **Táboa 38**.

Táboa 38 Distribución das persoas participantes nas entrevistas

Segmentos	Número de participantes	% con respecto ao total
Socias cooperativistas	4	50 %
Investigadoras	2	25 %
Persoal técnico	2	25 %

Como se pode observar destacan as socias de cooperativas situándose en igual proporcións os outros dous segmentos.

O traballo de campo realizouse a través de entrevistas semiestruturadas para asegurar que se abordasen as cuestións principais, ao tempo que cada entrevistada podía responder de xeito especial aquelas cuestións sobre as que quixeran realizar unha maior incidencia ou mostrar as circunstancias particulares que desexen manifestar.

As entrevistas realizáronse en persoa salvo tres que tiveron lugar por vídeo conferencia ao atoparse fóra da comunidade autónoma. En todas as entrevistas se recolleron os resultados que posteriormente foron transcritos. A duración oscilou entre a hora e media e as dúas horas celebrándose seis baixo o formato de grupos de discusión (un grupo de catro e outro de dúas persoas) e as dúas restantes de xeito individual. A realización de grupos de discusión, aínda que de diferente tamaño e composición, permite, a través do diálogo e da conversación guiada entre as participantes, coñecer as súas opinións sobre as cuestións a debate ao tempo que se contrastan as diferentes opinións e puntos de vista que puideran xurdir entre todas as persoas.

5.3.1. Características das participación das mulleres nas cooperativas

Do resultados obtidos do traballo de campo pódense identificar un total de sete características que destacan entre as mulleres á hora de participar nas cooperativas:

a) A emprendedora cooperativa

Existe unha clara dicotomía entre as cooperativas traballo e agrarias ao longo de todas as entrevistas xa que as realidades que representan son diferentes en un e outro caso. Con referencia ao emprendemento destaca o concepto que unhas e outras teñen desta figura, xa que se ben é certo que as primeiras identifican ese momento co nacemento da propia cooperativa no caso das socias de cooperativas agrarias o emprendemento identificase coa posta en marcha da explotación que non sempre coincide co momento de entrada na cooperativa. O paso a constituír ou formar parte dunha cooperativa interprétase como unha decisión estratéxica do modelo de negocio inicial (a posta en marcha da explotación) e non como un proceso de emprendemento propiamente dito.

En canto as motivacións que levan ao achegamento á fórmula cooperativa como ferramenta para emprendemento, recoñecese de xeito unánime polas participantes que existe unha maior identificación das mulleres cos principios e valores de cooperativos ao tempo que se recoñece o modelo de xestión como máis próximo ao que soen practicar. Destacan tamén os beneficios do emprendemento colectivo fronte ao individual (maior rendemento, riscos compartidos...).

Cítanse, así mesmo, dúas grandes barreiras de acceso: (1) a falta de coñecemento da fórmula cooperativa e (2) a carencia de axentes intermedios (asesorías, xestorías, e persoas que acompañen no proceso) que coñezan, impulsen e animen á constitución deste tipo de entidades. Estas manifestacións parecen reforzar a necesidade de profundizar nas ensinanzas sobre o cooperativismo ou ES no sistema universitario xa que Galicia é unha das poucas comunidades no conxunto do estado que non conta con materias que aborden á ES no seu sistema

universitario de postgrado[72].

Por outro lado destacan a necesidade dunha maior e mellor rede persoas que acompañen no proceso do emprendemento cooperativo. Esta situación pode poñer de manifesto que os esforzos que se levan a cabo dende a Rede Eusumo de fomento do cooperativismo e a ES deberían ser reforzados xa que a súa incidencia parece non chegar a todas as persoas que o requiren (Bastida et al., 2018; Bastida e Olveira, 2018).

b) Identificación do Liderado feminino

Recoñecese que no cooperativismo, como fórmula empresarial existente, viva e permeable á sociedade, lévanse a cabo modelos de xestión patriarcais tal e como acontece noutras fórmulas societarias. Vólvese a recoñecer, unha vez máis, o resultados de traballos teóricos (Apelqvist, 1996; Pousada, 2003b entre outros) nas conclusións obtidas deste traballo de campo.

Unhas das principais problemáticas que se recoñecen, sobre todo nas organizacións máis grandes, é a identificación do espazo cooperativo (asembleas sobre todo pero tamén espazos comúns de traballo) como espazos públicos e polo tanto masculinos reproducindo deste xeito a división de papeis máis tradicional. Destácase, de igual modo, a existencia de proxectos dentro das cooperativas que busca xerar "espazos de seguranza" co fin de cear rede de apoio que favorezan o apoderamento das mulleres. Empregando, deste xeito, fórmulas de fomento da igualdade parecidas as que se poden atopar noutras entidades externas á economía social.

Varias das participantes recoñecen a existencia dunha "fenda de idade" no cooperativismo agrario que pode axudar á discriminación ou introducir maiores dificultades á hora de participar no funcionamento da organización de xeito igualitario. Tamén se recoñece que cantas máis mulleres existan e se visualicen nos órganos de dirección máis se axuda a romper teitos de cristal que se podan dar no seo da organización.

Apesares do exposto, todas as participantes identifican unha forma de liderado feminino diferenciado. Existe unha diferenza na xestión identificando a masculinizada como máis vertical e menos democrática e a feminina como máis horizontal e democrática cuns liderados máis compartidos. Esta última ten lugar nas cooperativas de xeito máis natural que noutro tipo de entidades ao estar favorecido polos principios que rexen a organización e pola normativa que a regula.

Recoñécese, tamén, á estrutura cooperativa como facilitadora da partición en igualdade e polo tanto xeradora dun ecosistema máis favorable para que as mulleres participen.

Por último, diferentes participantes fan referencia a que a xestión económica no eido cooperativo é máis conservadora que noutro tipo de organizacións feito que pode axudar a que as mulleres se sintan máis atraídas polo desempeño destas funcións ao poder desempeñar elas tamén unha xestión máis acorde con esta definición.

c) Atracción do talento por parte das cooperativas

Todas as participantes recoñecen a capacidade do cooperativismo para captar o talento feminino. Do resultado das entrevistas extráese que se pode falar dunha **tripla hélice atracción** que incluiría factores económicos, de organización do traballo e a toma de decisións e de índole social.

No eido económico destaca o feito de que neste tipo de organizacións o aporte de capital é menor que si se tratase dunha empresas individual ou cunha participación desigual por parte das persoas socias. Tamén se fai referencia a unha responsabilidade compartida dos riscos que poda favorecer a participación nun proxecto empresarial por parte das persoas con menor capacidade económica, neste caso que nos ocupa, das mulleres.

No eido organizativo, e como xa se indicou, as mulleres teñen un maior compromiso e

[72]Datos do informe de CEPES "La economía social en la formación universitaria de postgrado". https://docs.google.com/viewerng/viewer?url=https://www.cepes.es/files/publicaciones/111.pdf

identificación con entidades horizontais e de xestión democrática que son dúas das características que identifican as entidades cooperativas.

Destaca, en último lugar, a atracción dende punto de vista social xa que as mulleres contan cunha maior dificultade de acceso ao mercado laboral e existe, polo tanto unha necesidade máis imperante de creación do seu propio posto de traballo (autoemprego). Esta situación vese reforzada cun perfil profesional máis cualificado e cunhas maiores taxas de desemprego. A fórmula cooperativa axuda tamén a aliviar as tensións que podan existir entre a conciliación da vida laboral e familiar ao ser una organización que permite unha maior flexibilidade e fomenta a corresponsabilidade.

d) Políticas públicas que inciden na participación

Nos últimos anos en Galicia producíronse unha serie de cambios importantes no conxunto do ecosistema da ES. A publicación da LESG (2016) e a aprobación da Estratexia Galega de ES (2019) son dous dos exemplos máis destacados que viñeron ademais acompañados dun incremento sostido nos presupostos autonómicos nesta materia nos últimos cinco anos (Bastida et al., 2019b).

A totalidade das persoas entrevistadas identifican ao conxunto de políticas públicas existentes como satisfactorio mais non como suficiente. Recoñécese o importante impulso existente no momento de posta en marcha da actividade, ademais da seguridade que xera a súa estabilidade no tempo e nas datas de convocatorias converténdose o programa APROL – ES nunha das ferramentas da administración que máis axuda á posta en marcha de novos proxectos ou de acceso á condición de persoa socia.

Con todo, bótanse en falta a existencia doutros programas de apio á consolidación como poden ser a posta en marcha de cláusulas sociais nos contratos públicos, identificando este como un dos grandes retos que teñen que afrontar as novas políticas públicas que se reformulen ou se poñan en marcha. Tamén se indica a necesidade de introducir políticas de consolidación específicas para as entidades así como programas específicos que aborden un dos seus maiores retos: o relevo xeracional.

Destacase tamén, a dificultade que atopan, principalmente as mulleres, na obtención de avais para os seus proxectos ou de recursos financeiros propios polo que se recoñece a necesidade, por parte dos poderes públicos, de introducir mecanismos que faciliten o acceso de garantías de financiamento.

e) A promoción no organigrama cooperativo.

A xestión democrática das cooperativas invita a pensar que facilita o acceso das mulleres a órganos de dirección pero o escepticismo sobre este tema está presente na meirande parte das entrevistas. Se ben é certo, que neste suposto recoñécense diferenzas unha vez máis entre o cooperativismo agrario e de traballo.

En todas as entrevistas recoñecen que a fórmula empresarial permite que todas as persoas, con independencia do capital ou traballo aportado, podan presentarse á elección de membro do órganos de dirección e que os votos de todas as persoas socias ponderan de igual forma (unha persoa un voto) o que facilita as posibilidades de promoción. En canto ás diferencias, as entidades de menor tamaño, situación máis estendida no cooperativismo de traballo, facilita a participación da muller por dous motivos: (1) hai unha menor diferenciación entre espazos públicos e privados dentro da organización e polo tanto tradicionalmente masculinos ou femininos e (2) ao existir un menor número de persoas que o cargo recaia nunha muller conta con maior número de posibilidades.

Si ben é certo que a chegada de mulleres aos órganos de representación soe identificarse cun maior compromiso coa racionalización horaria e, como xa te comentou no presente traballo, cun "efecto chamada" para que outras mulleres participen dos mesmos.

f) O cambio de enfoque xera organización diferentes

A primacía das persoas sobre o capital é unha das características que diferencian as cooperativas doutras organizacións que teñen como obxectivo principal na maximización de beneficios. Este cambio no enfoque fai que na práctica se constrúan organizacións diferentes.

Recoñécense riscos na posta en marcha deste principio xa que as cooperativas sométense, ao operar nun mercado global e en libre competencia, aos ritmos establecidos e estes non permiten, en moitas ocasións, cumprir coas esixencias produtivas ao tempo que mantemos os obxectivos que temos definidos acordes cos principios do cooperativismo. As tensións que se xeran neste aspecto vense moitas veces acrecentadas polas existentes ao ter unha dobre condición con intereses en algunhas ocasións contrapostos: a de persoas traballadoras e as de titulares da empresa.

g) A comunicación como reto a afrontar

Existe unha unanimidade entre as entrevistadas ao destacar que a comunicación é uns dos maiores retos que as entidades deben abordar, xa que as cooperativas deben dotarse dunhas canles de comunicación formais e informais máis democráticos e procedimentados sobre todo no que se refire a organizacións máis grandes xa que nas de menor tamaño esta se produce de xeito máis fluído.

Ademais destas sete características consultouse ás entrevistadas sobre a posibilidade de **exportar o modelo de xestión cooperativo** a outras fórmulas societarias e nesta cuestión xurdiron diferenzas entre todas as respostas obtidas, sendo esta unha das cuestións que xerou unha maior controversia.

Se ben é certo que algunhas das participantes recoñecen a posibilidade de que esta circunstancia se puidese levar a cabo identifican unha serie de condicións que deberían darse para que isto se producise. Así, é preciso que os intereses das persoas implicadas sexan comúns, debería existir unha delegación de poder, terían que levarse a cabo un cambio de estrutura en profundidade, podería ser posible só en determinados niveis da organización (cargos intermedios) sendo moi improbable que se puidese levar a cabo nos extractos máis baixos da organización.

Recoñecese, en xeral, que se unha organización adquire o funcionamento dunha cooperativa, rematará na praxe converténdose nunha. Pero si poden existir algunhas características de xestión que poden tentar ser reproducidas. Así, por exemplo os liderados compartidos ou fórmulas de traballo máis democráticas como o traballo por obxectivos poden tentar levarse a cabo noutras organizacións.

5.3.2. Resultados.

O primeiro dos resultados atinxe ao emprendemento e como o grupo entrevistado corrobora os traballos realizados con anterioridade en canto da determinar as motivacións das mulleres Galegas para formar parte dunha cooperativa (Olveira e Bastida, 2019). Así atopámonos que é preciso dar a coñecer máis a fórmula cooperativa posto que esta non se coñece; existe un recoñecemento por parte das mulleres cos principios e valores do cooperativismo así como co seu modelo organizativo e existe unha preferencia de emprendemento colectivo fronte ao individual.

Por outra banda aparece unha nova motivación que non parece recollida nos traballos anteriores que non é totalmente "voluntario" xa que se adquire a condición de socia ao tempo que da titularidade da explotación por herdanza ou por non existir outra persoa no fogar que se faga cargo mesma.

En referencia a un conxunto de medidas ou de características propias que podan conformar un modelo de xestión diferenciado, o traballo extrae as seguinte conclusións:

- Identifícase un modelo de xestión feminino se leva a cabo nas organizacións

cooperativas de xeito máis espontáneo ou cando menos este modelo de organización posúe unha maior horizontalidade na toma de decisións ao primar o principio de xestión democrática como reitor do funcionamento organizacional.

- Pódese identificar unha tripla hélice de atracción do talento feminino con eixos económico, organizacional e social. Que as mulleres motiven a súa elección nestes criterios indica que as entidades, sexan ou non de economía social, que aspiren a esta atracción deberían poñer o foco nestas tres vertentes.
- Identifícanse que os procesos de selección ou promoción con maior transparencia e con candidaturas abertas podan facilitar o acceso a postos de responsabilidade ao situar en igualdade de posibilidade a todas as persoas candidatas.
- As organizacións a medida que gaña dimensión deben ir introducindo na súa xestión e organización mecanismos que favorezan a participación de todas as persoas que a conforman.
- É preciso cuantificar e valorar os beneficios non económicos das organizacións tanto internamente como de xeito esterno xa que unha toma de decisións que non estea fundamentada única e exclusivamente na maximización de beneficios axuda a facer organizacións máis amigables.

Outro dos grandes retos existentes é a comunicación organizacional que axude a rematar coa masculinización dos espazos públicos ou de actuación (por exemplo as asembleas).

5.4. CONCLUSIÓNS

Este capítulo identifica os factores que levan ás persoas a crear ou formar parte como socias dunha cooperativa sentando as bases para os seguintes traballos comprobatorios, que se abordan no seguinte capítulo, e compoñen a presente tese de doutoramento. As dúas análise presentadas permiten un achegamento ao obxecto de estudo de abordando dúas das catro dimensións propostas pero indicando xa conclusións semellantes para algunhas das preguntas de investigación propostas.

O traballo comeza cunha análise bibliográfica na que se detecta a existencia dun conxunto de factores que inflúen na decisión das mulleres á hora de elixir a fórmula cooperativa como alternativa para o emprendemento colectivo. Algúns factores están relacionados coa asunción e identificación de principios cooperativos (colaboración, xestión democrática e participación en igualdade de condicións, primacía das persoas sobre o capital ou acceso á educación) e con resultados percibidos individualmente da aplicación destes principios (relacións laborais e sociais de calidade, adaptación ás circunstancias individuais, axustadas ás necesidades beneficios económicos ou colectivos de emprego). Ademais, o modelo cooperativo percíbese beneficioso para a igualdade efectiva entre mulleres e homes xa que se configura en torno aos principios de igualdade e non discriminación. Outros factores apuntan á existencia de certas vantaxes para a creación de cooperativas, como menores requirimentos de capital, vantaxes fiscais ou acompañamento no proceso de constitución e posterior asesoramento. O modelo cooperativo tamén se percibe beneficioso para a consecución dunha igualdade efectiva entre mulleres e homes xa que se configura en torno aos principios de igualdade e non discriminación. A través do primeiro dos traballos puidéronse identificar e facer un primeiro achegamento á relevancia dos factores motores da elección do modelo cooperativo de dous xeitos, un a priori (metodoloxía cualitativa) e o outro de confirmación (metodoloxía cuantitativa). Respecto ao primeiro, levouse a cabo a través do método Delphi onde diferentes especialistas no sector (académicos, persoas socias de cooperativas, mentores e mentoras e responsables das políticas públicas) corroboran a súa percepción do potencial dos factores identificados na literatura como determinantes da elección desta fórmula corporativa.

Cos resultados da análise Delphi elabórase un cuestionario para a realización do traballo de campo entre as persoas socias de cooperativas que confirman a adecuación dos factores contemplados en canto á súa calidade de motivación desta decisión.

Os resultados deste primeiro traballo, centrado na percepción das mulleres cooperativistas, suxiren que as percepcións destas sobre a adecuación dos principios cooperativos ás súas características individuais e a consideración do modelo como vehículo de igualdade real prevalecen sobre a existencia de factores externos que favorecen especialmente a consolidación destas sociedades. Tamén se observou que as mulleres teñen unha certa predisposición inicial cara a este tipo de organizacións e que a percepción do desenvolvemento persoal (debido á súa adaptación ás circunstancias individuais da persoa) e profesional (igualdade ou oportunidades de formación) son motores á hora de determinar a elección deste vehículo emprendedor.

Estes resultados permiten detectar un conxunto de medidas que poderían contribuír á mellora do emprendemento cooperativo das mulleres galegas:

- Mellorar a difusión do modelo cooperativo pois máis do 53% dos participantes recoñecen certa predisposición cara a este modelo societario. Estes datos parecen indicar que o coñecemento do modelo, antes do inicio da empresa, favorece a elección do mesmo.
- A visibilidade das prácticas e principios inherentes ao cooperativismo pode contribuír ao desenvolvemento conxunto das cooperativas, xa que máis mulleres poderían acceder ao coñecemento do modelo e percibir a súa adaptación ás súas circunstancias e características persoais. En definitiva, trátase de difundir o modelo en igualdade de condicións que outras fórmulas emprendedoras.
- A difusión de boas prácticas das cooperativas operativas pode, á súa vez, mellorar o efecto anterior. Á luz dos resultados deste traballo, as prácticas relacionadas coa igualdade e as posibilidades de conciliación deberían ocupar un lugar relevante.
- Reforzar as oportunidades de acceso e mellora da formación en cooperativas, xa que se detectou que é un factor determinante no desenvolvemento do modelo.

A avaliación global desta primeira análise suxire que as mulleres galegas toman a súa decisión de emprender escollendo a fórmula cooperativa porque se axusta aos principios que perseguen e ao xeito de traballar no que se senten máis cómodas, polo que o reforzo de todas esas medidas e os principios que animen ás cooperativas a responder a estas expectativas serán decisivos no desenvolvemento desta vía de acceso ao mercado laboral.

Na segunda parte móstranse os resultados obtidos a través da realización de entrevistas semiestruturadas e das cales se extraen un conxunto de medidas ou de características propias das cooperativas que parecen indicar un modelo de xestión diferenciado nos seguintes aspectos:

- Identifícase un modelo de xestión feminino que se leva a cabo nas organizacións cooperativas de xeito máis espontáneo ou cando menos este modelo de organización posúe unha maior horizontalidade na toma de decisións ao primar o principio de xestión democrática como reitor do funcionamento organizacional.
- Pódese identificar unha tripla atracción do talento feminino observando os eixos económico, organizacional e social. Que as mulleres motiven a súa elección nestes criterios indica que as entidades, sexan ou non de economía social, que aspiren a atraer ou reter o talento feminino deberían poñer o foco nestas tres vertentes.
- Identifícanse os procesos de selección ou promoción como realizados con maior transparencia e con candidaturas abertas que parecen facilitar o acceso a postos de responsabilidade ao situar en igualdade de posibilidade a todas as persoas candidatas.

- As empresas, a medida que gaña dimensión, deben ir introducindo na súa xestión e organización mecanismos que favorezan a participación de todas as persoas que a conforman.
- É preciso cuantificar e valorar os beneficios non económicos das organizacións tanto internamente como de xeito externo co fin de favorecer unha toma de decisións non fundamentada única e exclusivamente na maximización de beneficios e contribuír, deste xeito, a construír organizacións máis amigables.

Porén estes traballos contan con vairas limitacións que cómpre ter en conta. A principal refírese ás dificultades para xeneralizar os resultados fóra do contexto galego xa que toda a investigación se circunscribe a este ámbito salvo a referida ás entrevistas. Así e todo, o seu fundamento teórico sólido admite o seu uso noutros escenarios. Así, esta investigación abre futuras liñas de investigación como (pero non exclusivamente) outras investigacións comparativas e interculturais que examinen os motores da creación de cooperativas de traballo como alternativa emprendedora

En conclusión, esta primeira parte da comprobación empírica introduce os motivadores da escolla da fórmula societaria ao tempo que os contrasta a través dos resultados obtidos no cuestionario e os corrobora nas entrevistas semiestruturadas. Ademais, esta parte da investigación, ofrece uns primeiros resultados que permiten sentar as bases da posterior análise factorial e posterior confirmatorio tal e como se recolle no seguinte capítulo.

Permite, por tanto comezara identificar un conxunto de PEMES que combinan as expectativas e os intereses dos seus membros coa provisión de emprego de calidade e valor sostible. A este respecto, as persoas socias cooperativas confían en que as súas organización teñen un papel sensible que favoreza os seus principios, a igualdade, o benestar social e a equidade. Nun contexto onde as empresas se centran na maximización dos beneficios, esta alternativa emprendedora pódese ver como un "ferramenta que contribúa a mellorar a equidade" entre grupos sociais e demográficos ademais dun camiño potencial para creación dun ecosistema propicio para o desenvolvemento económico sostible

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

6. AS COOPERATIVAS DE TRABALLO EMPRESAS SENSIBLES COA IGUALDADE DE XÉNERO. COMPROBACIÓN EMPÍRICA

O capítulo que agora se presenta, e tal como xa se indicou, propón un modelo empírico de contraste para a proposta presentada no capítulo anterior. Así, se o capítulo 5 identifica un conxunto de relacións de influencia, este capítulo realiza a análise exploratoria e confirmatoria das ditas relacións. Nesta ocasión, a análise céntrase nas cooperativas de traballo asociado, explorando o funcionamento deste modelo de emprendemento colectivo onde as persoas xogan un dobre rol coma traballadoras e coma directivas. O estudo empírico faise a través de dous modelos: (i) un modelo exploratorio, que permite identificar os factores con maior influencia no emprendemento e agrupalos en constructos, a través dunha análise factorial; (ii) a partir dos constructos identificados na análise factorial, formúlanse un conxunto de relacións coma hipóteses, que será validadas a través dun modelo de ecuacións estruturais.

O traballo recollido neste sexto capítulo, divídese en catro grandes bloques que permiten abordar o obxecto de estudo e os resultados obtidos, facilitando a súa comprensión e permitindo que as conclusións se podan diferenciar e comparar en cada caso. O primeiro dos apartados, que serve tamén de introdución, comeza xustificando a importancia da análise do contexto e a perspectiva de xénero no estudo do emprendemento das mulleres. A continuación, preséntase a análise factorial onde se detallan as medicións das variables, os seus resultados e a súa análise. Idéntico procedemento ten lugar no terceiro dos bloques, que se centra na comprobación do modelo empregando mínimos cadrados parciais (PLS), un enfoque de modelización de ecuacións estruturais baseado na varianza.

As conclusións de ambos modelos recóllense no apartado cuarto, no que se abordan conxuntamente os resultados das metodoloxías empregadas ao tempo que se propoñen unha serie de medias que permitirían mellorar o emprendemento cooperativo galego así como as características dun modelo de xestión diferenciado que basea o seu funcionamento nas persoas e non nun modelo tradicional de maximización da conta de resultados.

Os resultados recollidos neste traballo fan novas contribucións á literatura anterior poñendo luz sobre a cuestión de como se pode fomentar o emprendemento das mulleres. Proporcionan novas liñas de investigación para a academia, así como implicacións para as institucións responsables do deseño e implantación de políticas públicas que permitan un ecosistema máis eficaz para a promoción das mulleres emprendedoras para o seu apoderamento e mellora do desenvolvemento económico.

Por último, a investigación ofrece tamén un conxunto de recomendacións e suxestións de mellora para o fomento dun tipo particular de PEMES, as cooperativas de traballo, que combinan as expectativas e os intereses das persoas que as forman coa provisión de emprego de calidade e valor sostible. A este respecto, as persoas socias confían en que as súas organizacións teñen un papel sensible que favoreza os seus principios, a igualdade, o benestar social e a equidade, e antepoñen precisamente estes logros a outros perseguidos nun contexto centrado na maximización dos beneficios económicos.

Cabe sinalar que parte deste capítulo foi publicado previamente nos seguintes documentos:

Artigo Motivational drivers to choose worker cooperatives as an entrepreneurial alternative: evidence from Spain (Bastida, M .; Vaquero García, A; Pinto, L. H.; Olveira Blanco, A.). Publicado o 11/03/2021 na revista Small Business Economics con factor de impacto 4.803 (2019); Factor de impacto de 5 años: 5.377 (2019).

https://doi.org/10.1007/s11187-021-00459-8

6.1. INTRODUCIÓN

Galicia proporciona un escenario axeitado para levar a cabo a comprobación empírica do modelo de relacións suxeito a análise. Este suposto de partida ten o seu fundamento en tres razóns principais. Primeiro, nos datos dos recentes informes GEM desta rexión que destacan a boa evolución da taxa da de actividade emprendedora, coñecida polas súas siglas en inglés, Total early-stage Entrepreneurial Activity TEA. Este indicador mide todas as iniciativas emprendedoras de menos de tres anos e medio que existen nun mercado. Así o TEA feminino en Galicia no ano 2019 sitúase no 6,81% continuando coa evolución positiva iniciada no ano 2016. Este resultado sitúa á comunidade galega como a segunda con mellor dato de todo o estado, só por detrás de Cataluña no referente ás mulleres. Si se compara co mesmo indicador masculino o comportamento emprendedor das mulleres galegas case duplica a TEA masculina galega para o mesmo ano (3,71%) e está por encima da media española en case medio punto (GEM-Galicia, 2020).

En segundo lugar, Galicia conta con un ecosistema de fomento da ES propio e con características particulares que favorecen un comportamento no emprendemento baixo a fórmula cooperativa, particularmente de traballo asociado, con unha evolución moi positiva sobre todo a partir da posta en marcha da Rede Eusumo (Bastida et al., 2020b).

Por último os traballos exploratorios previos identifican os factores que levan a emprender no modelo cooperativo ás mulleres galegas (Bastida et al., 2020d). Polo tanto, Galicia parece o ámbito xeográfico apropiado para probar as relacións suxeridas entre as motivacións das mulleres emprendedoras e a idoneidade dos modelos de emprendemento colectivos para desenvolver este potencial empresarial.

6.1.1. Razóns para que as mulleres se convertan en empresarias

As investigacións centradas no estudo do emprendemento das mulleres influíron profundamente na crenza de que a posta en marcha de iniciativas empresariais permite o crecemento económico e a creación de novas oportunidades de emprego (Ahl e Nelson, 2015; Conroy e Weiler, 2016; de Bruin et al., 2007). Baixo esta premisa, as primeiras investigacións asumen como posicionamento de partida a premisa do inferior rendemento das iniciativas empresariais dirixidas por mulleres “underperformance theory” (Carter e Shaw, 2006; Du Rietz e Henrekson, 2000; Fairlie e Robb, 2009; Klapper e Parker, 2011). Segundo esta teoría, as empresas dirixidas por mulleres teñen un crecemento máis lento, son menos rendibles e teñen menos éxito que as empresas dirixidas polos seus homólogos masculinos. En coherencia con este suposto, os primeiros traballos sobre emprendemento feminino céntranse na análise das diferenzas entre mulleres e homes baseándose en que son "as características femininas" as que poden explicar este suposto baixo rendemento (Lewis, 2006; Marlow e Swail, 2014). Porén, investigacións posteriores descubriron que hai máis similitudes que diferenzas entre as persoas emprendedoras de ambos sexos (Ahl, 2006). Ademais, Marlow e McAdam (2013) e Marlow et al. (2009) desafiaron esta hipótese dun baixo rendemento feminino, sinalando que esta asociación está relacionada coas condicións socioeconómicas que limitan o crecemento das mulleres emprendedoras. Polo tanto, a hipótese do baixo rendemento pode entenderse máis como un "mito" que como unha evidencia (Marlow e McAdam, 2013).

Varios factores contribuíron a avanzar nesta liña de investigación. Por exemplo, existen estudos que cuestionaron a relación directa entre emprendemento e crecemento económico, destacando o papel dos sistemas empresariais nos que as persoas emprendedoras inician os seus negocios (Ács et al., 2018). Destes estudos dedúcese que a cuestión clave non é tanto quen é o empresario ou a empresaria, senón onde está. Ou o que é o mesmo, é unha cuestión de contexto máis que de xénero. Ademais, desde o influente traballo de Ahl (2006), os estudos resaltan que a natureza do xénero das persoas emprendedoras, entendendo o xénero como "prácticas e

representacións sociais asociadas á feminidade ou á masculinidade" (Ahl, 2006), reforza a importancia contextual da actividade emprendedora. É dicir, a masculinidade e feminidade son construcións sociais do contexto, que atribúe comportamentos concretos a homes e mulleres. Polo tanto, as atribucións que nun contexto determinado fanse a uns e outras poden ser determinantes para o desenvolvemento da actividade emprendedora. Este cambio de enfoque significa ampliar o estudo das fendas xénero a outras que analizan as implicacións sociais en materia de xénero. Consecuentemente, a fenda de xénero no emprendemento non se refire exclusivamente a marcos comparativos entre as características principais de homes e mulleres emprendedoras, senón que o marco territorial e socieconómico de desenvolvemento ten unha importancia transcendente (Eddleston e Powell, 2008; Godwin et al., 2006).

Os estudos de xénero posteriores resaltaron a influencia do xénero nos comportamentos, expectativas e ambicións empresariais (Blackburn e Kovalainen, 2009). Este cambio de enfoque abre a porta a unha importante corrente de investigación centrada nas motivacións empresariais desde a perspectiva de xénero, que se pode resumir en dous grandes marcos. O primeiro identifica tres grupos de motivacións, nomeadamente, clásica, forzosa e familiar (Hugues, 2006). As razóns clásicas para que as mulleres opten polo emprendemento ou por facerse empresarias son similares ás dos homes, como a independencia, a autonomía, o autocontrol ou ser o seu propio xefe ou xefa. O emprendemento forzoso atende principalmente a motivos de necesidade, como buscar emprego ou saír da situación de paro. Finalmente, as motivacións familiares inciden na tradición familiar ou vital, e están relacionadas coa necesidade de equilibrar espazos familiares e laborais ou de flexibilidade (Hilbrecht, 2016; Hugues, 2006; Kirkwood, 2009; Laure Humbert e Drew, 2010).

O segundo marco de investigación destacado reproduce a clasificación tradicional das motivacións empresariais entre os factores *push* e *pull* (McClelland et al., 2005; Van der Zwan et al., 2016). Os factores *pull* (de empuxe) son os que atraen ás persoas a iniciar un negocio, como o paro ou as prácticas laborais que erosionaron empregos seguros anteriores. Isto está relacionado co uso do emprendemento (ou traballo por conta propia) como medio para mellorar a situación económica da persoa (Ács, 2006). Pola súa banda, os factores de atracción (*pull,* de arrastre) supoñen que o emprendemento está dirixido por factores persoais ou externos como autonomía, independencia, autorealización, necesidade económica, a busca dun equilibrio entre a vida persoal e laboral ou factores relacionados coa familia, por exemplo Itani et al., (2011); Kirkwood, (2009); Laure e Drew, (2010); McGowan et al., (2012); Solesvik et al., (2019). Entre estes factores de atracción, as investigacións máis recentes fan fincapé na importancia da emancipación como motor do emprendemento feminino (Sutter et al., 2019). Tamén se citan factores de atención recente, como o compromiso laboral e a necesidade de participar en redes relacionais, analizadas por exemplo por Choukir e Hentati (2013). Outros autores incidiron na importancia do apoderamento como resultado do emprendemento feminino (Digan et al., 2019). Na última década, algunhas das investigacións afirmaron tamén que as barreiras ás que se enfrontan as mulleres nas súas carreiras profesionais, como as dificultades na promoción o teito de cristal ou a fenda salarial, poderían empurralas ao emprendemento (Knörr, 2011; Patterson e Mavin, 2009; Winn, 2004).

Aínda que algunhas destas razóns para comezar actividades empresariais propias son similares para mulleres e homes, outras permiten algunhas diferenzas en función do sexo da persoas que inicie o negocio. Por exemplo, no seu estudo sobre as mulleres canadenses que traballan por conta propia, Hughes (2003; 2006) descubriu que as mulleres parecen estar máis atraídas que empurradas ao traballo por conta propia. Isto suxire que os factores de atracción de carácter interno (desenvolvemento persoal e profesional, oportunidade de mellora da independencia e flexibilidade). Ademais, aínda que os factores relacionados coa familia son

importantes para ambos sexos (Verheul et al., 2006), tamén foron recoñecidos como factor determinante para o emprendemento das mulleres (de Bruin et al., 2007; Patrick et al., 2016). Relacionado con este punto, o recente informe (GEM-Galicia, 2020) mostra que a proporción de homes que crean un negocio refiren coma motivacións principais "a xeración dunha gran riqueza ou uns ingresos moi altos" ou "para continuar con unha tradición familiar" mentres que no caso das mulleres estas identifícanse con "facer melloras no mundo" ou "gañarse a vida porque o emprego é escaso".

En resumo, os estudos sobre as motivacións das mulleres para converterse en empresarias presentaron algunhas tensións ao longo dos anos que se foron resolvendo acorde a diferentes tendencias. En primeiro lugar, algunhas investigacións descubriron que as motivacións emprendedoras son similares para homes e mulleres (Santos et al., 2016), mentres que outras inciden nas diferenzas entre ambos sexos (Bin Shmailan, 2016; Hughes, 2003). En segundo lugar, cando se atopan diferenzas (tal é o caso da flexibilidade, problemas familiares e razóns do teito de cristal), os estudos critican que estas razóns foran etiquetadas como "femininas"(Hamilton, 2013; 2014). En terceiro lugar, a tendencia a separar as opcións individuais pode pasar por alto unha serie de factores que poden afectar na decisión de optar polo emprendemento (Hughes, 2003). En particular, este parece ser o caso da posible influencia do modelo de negocio (Bastida et al., 2021) e o contexto do ecosistema emprendedor (Ács et al., 2014; Ács et al., 2018). Unha última limitación relevante é que a non dispoñibilidade de análises cuantitativas relevantes para testar a heteroxeneidade dos motivos que teñen mulleres e homes á hora de tomar decisións empresariais (Parker et al., 2016).

Estas limitacións identificadas nos traballos de investigación realizados ate o momento, invitan a poder presentar un modelo integral que permita comprender mellor as decisións das mulleres emprendedoras á hora de materializar as súas iniciativas empresariais.

6.1.2. A importancia do contexto

Varios estudos teñen resaltado que o emprendemento está instaurado institucional, social e culturalmente (Ács et al., 2017a; Ács et al., 2018; Welter e Smallbone, 2011). Neste contexto, as investigacións abordan os factores externos que condicionan a actividade emprendedora (Henry, e Foss, 2016; Wheadon e Duval-Couetil, 2019), cun enfoque particular nos factores socioculturais. En liñas xerais, estes traballos de investigación recoñecen a influencia das condicións do entorno da empresa no seu desenvolvemento (Brush et al., 2009; Henry e Foss, 2016; Wheadon e Duval-Couetil, 2019). Consecuentemente, existen un conxunto de factores esóxenos que poden motivar as decisións empresariais, o que reforza a importancia dos ecosistemas para o inicio e consolidación da actividade empresarial. Estes factores interdependentes poden mellorar o emprendemento nun contexto específico (Ács et al., 2017); ou noutras palabras, os ecosistemas empresariais céntranse no papel do contexto ao permitir ou restrinxir o emprendemento (Spigel, 2017). En xeral, a idea subxacente a esta liña de investigación é que un ecosistema emprendedor rico fomenta o emprendemento (Ács et al., 2014; Szerb et al., 2013).

Pese a esta importancia recente do entorno para o desenvolvemento das iniciativas de emprendemento, os estudos parecen ter ignorado a influencia do contorno inmediato, é dicir, do contexto organizativo. En xeral, as investigacións realizadas parecen recoñecer que as respostas aos ecosistemas empresariais son homoxéneas en diferentes tipos de industrias e modelos de negocio (Bjørnskov e Foss, 2016), aínda que hai algunha evidencia de que o efecto das institucións pode diferir significativamente dependendo das características da empresa (Bjørnskov e Foss, 2013). En particular, os requisitos formais, legais e financeiros para iniciar un negocio poden ser decisivos para elixir un tipo específico de modelo organizativo e polo tanto societario (Hashi e Krasniqi, 2011). En consecuencia, os estudos máis actuais inclúen na

análise varias variables de control como o sector de actividade ou o tamaño da empresa. Porén, os modelos de negocio inclúense, no mellor dos casos, como variables *dummie*, o que limita a comprensión da influencia potencial desta dimensión contextual na actividade empresarial. Isto significa que o contexto organizativo adoita darse por feito.

Outra liña recente de investigación pon o foco na necesidade de examinar o ecosistema emprendedor a través dunha perspectiva de xénero (Hughes et al., 2020). Nesta liña, detéctase que hai poucos traballos sobre a relación entre as políticas públicas e o crecemento das empresas de propiedade feminina (Jennings e Brush, 2013). Os estudos soen centrarse na tipoloxía e efecto dos recursos que aportan as políticas públicas, como poden ser os fondos dispoñibles, programas gobernamentais de apoio a iniciativas empresariais e a aceptación social do emprego colectivo no canto do traballo por conta propia (Melian Navarro e Campos Climent, 2010), pero non no posible efecto diferencial destes recursos en función da persoa perceptora. Como excepción, un estudo recente de Zisser et al. (2019) ofrece algunhas evidencias de que os modelos de negocio e/ou emprendemento colectivo poden ser especialmente axeitados para as mulleres. Descubriron que as mulleres obtiveron unha tendencia á colectividade significativamente maior que os homes e a interacción do xénero coa intención empresarial foi significativa. Aínda que as mulleres e os homes teñen un comportamento prosocial, as mulleres tenden a participar nun comportamento ao conxunto máis relacional (Eagly, 2009). A tendencia comunitaria inclúe conceptos relacionados coas habilidades sociais como a cooperación, que poden explicar esta maior apreciación das mulleres. O que pode ser máis relevante, é que isto suxire que as mulleres poden atopar motivacións alternativas para o emprendemento, como enfoques máis orientados á comunidade.

Ademais, as mulleres poden sentirse recompensadas por centrar os seus obxectivos en fins máis colectivos (Lee e Huang, 2018). En relación con este punto, diversos estudos destacaron que as mulleres priorizan a axuda mutua, o traballo colaborativo e os obxectivos sen ánimo de lucro sobre o beneficio económico (Esteban Salvador et al., 2016). Polo tanto, as mulleres emprendedoras, a miúdo, presentan motivacións que parecen incompatibles co comportamento individualista clásico (Kirkwood, 2009). Nestas circunstancias, pódese formular a hipótese de que os modelos de negocio colectivos poden ser especialmente atractivos para as mulleres emprendedoras.

6.2. ANÁLISE EXPLORATORIA

Neste apartado téntase confirmar a validez dos resultados obtidos na análise reflectida no capítulo 5 a través dunha análise factorial. Preténdese levar a cabo unha triangulación que, co uso de diferentes ferramentas de investigación, permita unha maior rigorosidade dos resultados obtidos. Esta metodoloxía é axeitada para realizar traballos de investigación en áreas incipientes e pouco exploradas (Yin, 1994) como é o estudo do emprendemento das mulleres en cooperativas que se presenta. En consecuencia, para responder e comprobar a validez dos factores que emanan do traballo previamente realizado -revisión bibliográfica, entrevistas semiestruturadas e panel Delphi- cos datos obtidos da enquisa en liña dirixida ás persoas socias das cooperativas de Galicia. O foco desta parte do estudo son as cooperativas de traballo asociado, ao ser estas as que contaban cunha maior participación na mostra e ser totalmente equiparables nun marco común de axuda e fomento por iniciativa pública ao amparo das liñas propostas dende a Rede Eusumo.

Neste contexto, solicitouse ás cooperativas que remitisen o cuestionario ás persoas socias que voluntariamente quixeran participar na investigación. Como se observa, a invitación non estipulaba ningún tipo de requirimento tendo en conta o carácter colectivo do emprendemento neste tipo de empresas (Diaz-Foncea e Marcuello, 2013; Guzmán Alfonso, et al., 2016). A

participación foi voluntaria e anónima. Obtivéronse un total de 142 respostas utilizables, o que representa unha taxa de resposta do 54%. A **Táboa 39** ofrece a información descritiva sobre as persoas entrevistadas e a tipoloxía das cooperativas.

A idade media das persoas participantes é de 39,3 anos (desviación estándar (SD = 8,5). En promedio, as persoas participantes levaban preto de 4 anos nas súas organizacións (SD = 3,9) na liña do esperado, ao conformar a mostra empresas cooperativas creadas recentemente. En xeral, as mulleres representaban o 77% das persoas socias traballadoras e a maioría (82%) participan en cooperativas de traballo. O tamaño medio das cooperativas é inferior a dez persoas (9,3), o que confirma que se está a estudar o segmento das PEMES.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 39 Características da mostra

	N	Xénero		Anos		Tipo cooperativa						Antigüidade		Tamaño	
		Home	Muller	M	SD	Traballo asociado	Agraria	Consumidores	Financeira	Vivenda	Outro	M	SD	M	SD
Home	33	23,24%		38,87	8,87	78,79%	6,06%	0,00%	0,00%	12,12%	3,03%	3,65	3,93	9,45	30,17
Muller	109		76,76%	39,61	8,43	82,57%	5,50%	6,42%	0,92%	0,92%	3,67%	4,.13	3,21	10,31	31,26
Mostra xeral	142			39,26	8,52	81,69%	5,63%	4,93%	0,70%	3,52%	3,52%	3,86	3,88	9,30	27,84

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En canto ao espírito emprendedor, incluíuse unha pregunta para avaliar a predisposición inicial das persoas cara algunha fórmula societaria determinada. Neste aspecto, a maioría (73,2%) recoñeceron a realización dunha análise inicial na que se comparaban diferentes fórmulas xurídicas antes de decantarse pola que finalmente materializaría o seu proxecto emprendedor. Porén, un 32,7% das participantes admitiron realizar esta análise baixo a premisa de que se converterían en emprendedoras mediante o uso da cooperativa como modelo de organización do traballo. En resumo, pódese observar que un 53% das persoas participantes na investigación poderían ter algunha predisposición positiva cara este modelo corporativo.

6.2.1. Medicións

Para poder realizar o estudo, deseñouse un cuestionario para examinar os factores que inflúen no emprendemento das persoas a través das cooperativas de traballo. Como se mostra na **Táboa 40**, seguindo a revisión bibliográfica mencionada previamente, a enquisa incluíu 18 elementos pertencentes a catro categorías: (1) a filosofía subxacente ao modelo cooperativo; (2) as necesidades e expectativas individuais abordadas polo modelo cooperativo; (3) igualdade de oportunidades; e (4) factores esóxenos para unirse a unha cooperativa. Pediuse ás persoas participantes que avaliaran a importancia atribuída a cada un dos factores seguindo unha escala Likert de 7 puntos onde 1 significaba que carecía de influencia e 7 que contaba cunha influencia determinante. Ademais, a enquisa incluía datos demográficos co obxectivo de identificar comportamentos diferenciados en segmentos de poboación concretos (por exemplo, idade, sexo e situación xeográfica) e algunhas variables de control (tipo de cooperativa e o ano de acceso á adhesión). Tamén se incluíu unha pregunta aberta na que as persoas puideran introducir algunha motivación a maiores da xa nomeadas polas que accederon á cooperativa.

A enquisa foi comprobada previamente con cinco persoas socias de cooperativas para corroborar que fose lexible e idónea, despois do cal fixéronse algunhas correccións. Na redacción final seguíronse as recomendacións de Podsakoff et al. (2003) para evitar problemas de varianza de método común, con especial atención á orde aleatoria e a puntuación inversa dalgún dos ítems. Tamén tomouse en consideración o tempo estimado para completar o cuestionario, a complexidade e claridade dos conceptos e as restricións de escala.

Deste xeito, os items de compoñen a enquisa permiten abordar as preguntas de investigación enunciadas no capítulo 2 e que abordan o bloque correspondente ás motivacións das persoas para o emprendemento. Concretamente permiten dar resposta a:

- Son os factores identificados na literatura os que motivan a participación das persoas nas cooperativas? De ser estes, teñen todos a mesma influencia?
- Cales son os vínculos entre o espírito emprendedor cooperativo e as necesidades individuais? Existe unha relación positiva entre ambos? E coa vontade de emprender a través deste modelo de negocio?

6.2.2. Resultados

A **Táboa 40** presenta o primeiro bloque de resultados de interese para a verificación: as medias e as desviacións estándar das puntuacións outorgadas a cada un dos factores motivadores. Como xa se anticipou, todos os factores obtiveron unha puntuación alta, por encima dos cinco puntos (de sete) de media. En canto á desviación estándar, as puntuacións máis altas corresponden a factores esóxenos. Polo tanto, pódese inferir que a importancia que cada persoa deu a estes factores tivo unha gran variabilidade, o que probablemente foi inevitable dada a súa subxectividade.

Táboa 40 Medias e desviacións típicas

	Media	SD
Grupo I: principios cooperativos		
Portas abertas	5,61	1.154
Control democrático dous membros	6.17	0,938
Participación económica dous membros	5,60	1,118
Autonomía e independencia.	5.19	1,310
Educación	5,68	1,181
Cooperación	5,90	1,138
Preocupación pola comunidade	5,50	1,408
Grupo II: interese pola igualdade		
Interese pola igualdade	5,37	1,195
Facilidades para medidas de conciliación.	5.41	1,174
Non discriminación	5,39	1,293
Grupo III: expectativas individuais		
Axuste persoal a principios cooperativos.	5,80	1,102
Interese polas relacións laborais.	6.00	1,052
Interesarse polas relacións sociais.	5,69	1,125
Primacía das persoas	5,89	1,134
Axuste as súas necesidades financeiras.	5,46	1,387
Grupo IV: factores esóxenos		
Consultoría	5,53	1,377
Apoio financeiro	5,37	1,350
Ambiente agradable	5,01	1,397

Como xa se indicou previamente, pártese dunha consideración de catro categorías (é dicir, principios cooperativos, preferencia individual, non discriminación e factores esóxenos) compostas, á súa vez, por 18 variables. O tratamento estatístico da información realizouse co software IBM SPSS Statistics, versión 24.0. Dado que esta escala de 18 ítems non foi probada previamente, o primeiro foi examinar a validez do cuestionario. Así, a confiabilidade mediuse cunha análise de consistencia interna a través do coeficiente alfa de Cronbach ademais da análise da capacidade discriminatoria dos ítems a través do índice de homoxeneidade. O estudo de validez realizouse mediante unha análise factorial exploratorio con extracción de compoñentes principais e posterior rotación *varimax* para determinar a adecuación da escala.

O coeficiente alfa de Cronbach é un modelo de consistencia interna que se basea no promedio das correlacións entre os ítems (Cronbach, 1951). Esta medida permite observar se a fiabilidade podería mellorar ou empeorar se excluímos algún dos obxectos avaliados. A característica que determinaría este comportamento sería a distancia á que se se sitúe o dato do valor 1. Así, canto máis se achegue a este valor maior será a adecuación de realizar unha análise factorial para reducir dimensións. Ademais, o limiar de 0,70 é o criterio recomendable para novos instrumentos (Nunnally e Bernstein, 1994). Neste caso, o coeficiente alfa de Cronbach para a escala de 18 ítems é 0,864, o que asegura unha alta consistencia interna para a escala tal e como se observa na **Táboa 41**. De feito todos os factores superan o 0,848 situándose sempre por encima do limiar identificado. Ademais, a mellora potencial de alfa de Cronbach si se elimina algún elemento é baixa, polo que, neste caso, decidiuse mantelos todos.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 41 Valores dos índices de homoxeneidade de cada elemento e o índice de fiabilidade do cuestionario.

	Corrección da corrección total do elemento	O alfa de Cronbach se si elimina o elemento
Grupo I: principios cooperativos		
Portas abertas	0,465	0,852
Control democrático dos membros	0,537	0,850
Participación económica dos membros	0,495	0,851
Autonomía e independencia.	0,537	0,848
Educación	0,521	0,849
Cooperación	0,542	0,849
Preocupación pola comunidade	0,402	0,849
Grupo II: interese pola igualdade		
Interese pola igualdade	0,444	0,853
Facilidades para medidas de conciliación.	0,419	0,854
Non discriminación	0,441	0,853
Grupo III: expectativas individuais		
Axuste persoal aos principios cooperativos.	0,482	0,851
Interese polas relacións laborais.	0,522	0,850
Interese polas relacións sociais.	0,540	0,849
Primacía do Pobo	0,540	0,849
Axustarse ás necesidades económicas.	0,531	0,849
Grupo IV: factores esóxenos		
Consultoría	0,474	0,851
Apoio financeiro	0,343	0,858
Ambiente agradable	0,255	0,862

Posteriormente, analizouse a capacidade de discriminación dos ítems mediante o cálculo do índice de homoxeneidade. A correlación total dos elementos corrixidos foi superior a 0,2 e case todos mostran correlacións superiores a 0,6 como mostra a **Táboa 42**.

Para estimar a validez da construción do cuestionario, levouse a cabo unha análise factorial con unha extracción dos compoñentes principais e a posterior rotación Varimax. Porén, antes de realizar a análise factorial, aplicouse á proba de Kayser-Meyer-Olsen (KMO) e a proba de esfericidade de Bartlett para verificar a adecuación da mostra dos indicadores do cuestionario. O valor próximo a 1 da proba KMO = 0,745 e o resultado estatisticamente significativo da proba de esfericidade de Bartlett (Chi cadrado = 1,042,9; valor p = 0,000) confirman a idoneidade de levar a cabo a análise factorial, que posteriormente se realizou para verificar se a estrutura dimensional do cuestionario coincide co enfoque teórico que se postulou.

Aínda que a proba KMO e a esfericidade confirman que se pode empregar unha análise factorial para este conxunto de variables, tamén se presenta unha matriz de correlación antiimaxe das variables empregadas (**Táboa 42**). Esta última validación de adecuación da mostra a metodoloxía proposta estima a unicidade de cada variable, é dicir, a aportación de cada ítem por si mesmo con respecto aos demais. Como se observa nos resultados, todas as variables obteñen unha puntuación por encima do 0,7 ou próxima a esta referencia, agás no caso do factor esóxeno "entorno amigable". Esta situación, xunto co bo comportamento das anteriores comprobacións, é o que inclina a manter a estrutura orixinal do cuestionario.

Táboa 42 Análise de factores: matriz de correlación anti-imaxe do cuestionario

	Valor
Grupo I: principios cooperativos	
Portas abertas	0,852
Control democrático dos membros	0,891
Participación económica dos membros	0,842
Autonomía e independencia.	0,845
Educación	0,703
Cooperación	0,810
Preocupación pola comunidade	0,779
Grupo II: interese pola igualdade	
Interese pola igualdade	0,667
Facilidades para medidas de conciliación.	0,885
Non discriminación	0,699
Grupo III: expectativas individuais	
Axuste persoal aos principios cooperativos.	0,809
Interese polas relacións laborais.	0,774
Interese polas relacións sociais.	0,626
Primacía do Pobo	0,660
Axustarse ás necesidades económicas.	0,730
Grupo IV: factores esóxenos	
Consultoría	0,782
Apoio financeiro	0,672
Ambiente agradable	0,499


Finalmente, tamén se presenta a matriz de varianza explicada total, como se mostra na **Táboa 43**. Nela pódese observar que se atoparon cinco factores que en conxunto explican o 62,7 % de toda a variabilidade da varianza.

Táboa 43 Varianza total explicada. Método de extracción: análise de compoñentes principais. Suma de extracción de carga cadrada

Compoñente	Suma de extracción de cargas ao cadrado		
	Total	% Varianza	% Acumulado
I Principios Cooperativos	5.568	30.9	30.9
II Gobernanza	2.030	11.3	42.2
III Igualdade	1.408	7,82	50,0
IV Orientación Social	1.239	6,89	59,9
V Factores exóxenos	1.038	5.8	62,7

A representación gráfica da estrutura factorial en cinco factores e os seus valores propios confirma o cambio de pendente da función que se produce a partir do quito factor (**Gráfica 45**). Tal e como se mostra, os cinco factores antes citados recollen a varianza principal mentres que a curva cambia claramente a súa pendente no factor V.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Gráfica 45 Análise da táboa de sedimentos.

A matriz de compoñentes iniciais contén as correlacións entre as variables orixinais e cada un dos factores, pero a súa interpretación é complicada. É por isto que se optou presentar a rotación varimax que é máis fácil de interpretar. Deste xeito, a **Táboa 44** mostra os resultados deste método de extracción que foi empregado co obxectivo de obter unha solución factorial o máis simple posible para os catro compoñentes. Así, a rotación varimax de natureza ortogonal minimiza o número de variables que teñen un factor ou compoñente de saturación sobre unha variable, aumentando, deste xeito, as que o teñen máis alto. Cada un dos parámetros indicados representa as cargas factoriais que determinan a magnitude da correlación entre a variable e o factor.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 44 Método de extracción: análise de compoñentes principais a 5 compoñentes extraídos. Xiro Varimax

	C1	C2	C3	C4	C5
	Principios cooperativos	Gobernanza	Igualdade	Orientación social	Factores exóxenos
Portas abertas	0,537				
Control democrático dous membros		0,681			
Participación económica dous membros		0,671			
Autonomía e independencia.	0,607				
Educación	0,610				
Cooperación				0,840	
Preocupación pola comunidade				0,766	
Interese pola igualdade			0,803		
Facilidades para medidas de conciliación.			0,722		
Non discriminación			0,745		
Axuste persoal a principios cooperativos.	0,588				
Interese polas relacións laborais.				0,649	
Interese polas relacións sociais.				0,855	
Primacía das persoas				0,882	
Axuste as súas necesidades financeiras.	0,619				
Consultoría					0,613
Apoio financeiro					0,871
Ambiente agradable					0,818

Método de extracción: análise de compoñentes principais.
Método de rotación: Varimax con normalización Kaiser.
A rotación converteuse en 8 iteracións.

Como se mostra na táboa, todos os factores son algo influentes, de acordo cos resultados de cada compoñente. Porén, a importancia relativa de cada factor é bastante diferente. Así, aqueles que contan cunha maior contribución relaciónanse coa importancia dos principio cooperativos e a gobernanza (C1 e C2) así como a aliñamento persoal cos mesmos. Segundo estes resultados este factor explicarían o 42,2% da variación, o que significa que teñen unha gran importancia como impulsores para elixir esta fórmula societaria no proceso de posta en marcha dunha empresa ou acceso á mesma. En segundo lugar, estaría o factor da igualdade (C3) entre o que destaca o impulso que atrae ás persoas participantes nun modelo que favorece a igualdade e a posta en marcha de prácticas de conciliación e corresponsabilidade. Esta factor explica o 8% da varianza. O terceiro motivador é a orientación social (C4) no que se considera o efecto sobre a cooperación, a preocupación pola comunidade, a primacía das persoas e o interese polas relacións persoais e laborais como motor. Este factor explica pouco menos do 7% da varianza aínda que comprende cinco dos ítem analizados. Finalmente, e como xa se anticipou, sitúanse os factores exóxenos (C5) que son os que contan con unha menor importancia relativa e explican menos do 6- % da varianza.

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

6.2.3. Discusión de resultados

Tendo en conta os resultados obtidos detallados no apartado anterior procédese a continuación á análise dos mesmos. En primeiro lugar, identifícanse cinco constructos que inflúen positivamente na escolla desta fórmula societaria por parte das persoas participantes no traballo de campo. Este factores coinciden cos identificados previamente revisión bibliográfica e polo tanto respóndese afirmativamente a primeira das cuestións referidas e que versaba sobre se os factores identificados na literatura eran os que motivan a participación das persoas nas cooperativas. En canto a influencia que teñen cada un deles, os "Principios cooperativos" e a "Gobernanza" -identificando este último como a autopercepción das persoas axuste aos principios cooperativos como portas abertas, gobernabilidade democrática, igualdade, autonomía e independencia ou educación- destacan entre os factores de motivación principais, ao igual que a percepción de que a cooperativa é un vehículo para satisfacer as circunstancias individuais e as necesidades financeiras. Estes resultados dan soporte empírico a investigacións previas que suxerían que os principios das cooperativas de traballo son os principais factores impulsores para as persoas á hora de elixir este modelo empresarial (Díaz Foncea e Marcuello Servós, 2014). Asemade, investigacións recentes destacan a relación dos principios cooperativos co espírito empresarial e o desempeño organizativo (Guzmán et al., 2019). Dous de estes principios parecen ser especialmente importantes para os membros das cooperativas que participaron na enquisa: primeiro, "a gobernanza" baseada no control democrático dos membros e a participación inherente ao principio democrático, e en segundo lugar, os principios que xiran en torno a igualdade. Ambas cuestión compre analizalas con maior detalle.

En canto á importancia da "gobernanza", este resultado é coherente coas contribucións históricas de Hansmann en canto que os principios cooperativos son unha das principais diferenzas deste modelo de negocio e permiten un estilo de xestión participativo (Hansmann, 1996). Porén, este mesmo autor advirte dos custos da propiedade inherentes a este modelo de goberno como a organización, os custos derivados da toma de decisións e os custos de toma de riscos. Por custes de organización refírense a unha posible falta de aliñamento entre os intereses das persoas propietarias (Hansmann, 1988), que á súa vez podería elevar os custos na toma de decisións colectivas. Os custos de toma de decisións xorden sempre que hai un conflito de intereses entre as persoas socias das cooperativas, ben porque pertencen a varios grupos ou porque existen diverxencias nas súas preferencias (Hansmann, 1996). Finalmente, a toma de riscos pode verse afectada de forma significativa xa que ás persoas socias lles custa diversificar os seus investimentos e poden ser conservadoras á hora de considerar novos proxectos ou iniciativas no funcionamento da cooperativa (Hansmann, 2014; Henry e Haven, 2012). É probable que estas problemáticas sexan consideradas antes de que a xente escolla unha cooperativa de traballo como alternativa empresarial e constitúe unha valiosa vía para futuros estudos empresariais dada a escaseza de investigacións sobre este fenómeno.

En canto ao valor atribuído á "Igualdade" nas cooperativas de traballo, aparentemente a xente pensa que estas organizacións lles permiten poñer en marcha medidas que favorecen a conciliación e a corresponsabilidade. Noutras palabras, as persoas confían en que o modelo cooperativo lles ofreza un xeito amigable de progresar na súa carreira profesional evitando os efectos disfuncionais doutras formas de encaixe na vida laboral como o subemprego, a perda de salario e a inseguridade. Este factor pode explicar o recente e crecente interese en investigar a importancia das cooperativas de traballo como camiño para mellorar o apoderamento feminino e as oportunidades laborais (Bastida et

al., 2021; Senent Vidal, 2008; 2011), e que segue sendo unha vía de investigación prometedora.

En canto ao valor da "orientación social", aínda que este factor só represente o 6,9% das motivación polas que as persoas escollen as cooperativas de traballo, mide a importancia de elementos relacionados coa consideración das persoas e da comunidade fronte a outros resultados como os beneficios económicos. Este achado é de especial interese porque ilustra o papel que as cooperativas de traballo poden desempeñar no desenvolvemento local e aborda a denominada "vantaxe cooperativa" (Birchall, 2013; Spear, 2000). Ademais, a orientación social das persoas das cooperativas e o valor de varios principios, como a solidariedade, a cooperación e o interese polas relacións, significa que as persoas socias das cooperativas priorizan os resultados sociais. Si se ten en conta a importancia concedida ao axuste entre principios cooperativos, orientación social e expectativas individuais este factor contribúe a responder a pregunta de investigación que fai referencia aos lazos entre o emprendemento cooperativo e as necesidades individuais[73]. Así, móstrase como as cooperativas de traballo representan unha alternativa emprendedora para acadar obxectivos persoais e profesionais seguindo principios cooperativos que favorecen unha orientación social, estas entidades promoverán, ademais, o desenvolvemento local mellorando a cohesión social (Novkovic, 2008) e o benestar social das persoas que as forman.

Finalmente, o constructo C5 (factores exóxenos) revela que condicións propias do emprendemento cooperativo como menores requirimentos de capital, menor carga impositiva e as posibles vantaxes de acompañamento no emprendemento ou de posterior asesoramento están entre os factores esóxenos máis importantes. Porén, cómpre ter en conta que estes factores tiveron a menor influencia na explicación da preferencia das persoas polas cooperativas de traballo e indica que os requirimentos formais e financeiros parecen non ser decisivos para elixir este modelo empresarial se son axeitados (Brown et al, 2005; Hashi e Krasniqi, 2011). Deste xeito parece que os resultados obtidos indican da necesidade de aliñamento entre o papel das institucións para favorecer o emprendemento cooperativo e as necesidades das persoas emprendedoras. Polo tanto, o ecosistema de políticas públicas en Galicia, concretamente a Rede Eusumo, acompaña o proceso emprendedor ou polo menos non o dificulta. Ao contrario dos principios cooperativos, a gobernanza, a igualdade e a orientación social, que son características inherentes e ben coñecidas das cooperativas de traballo, os factores esóxenos que pretenden apoialos non sempre son fáciles de empregar e/ou están facilmente dispoñibles a pesar de a súa importancia. Parece convinte sinalar que ás institucións da necesidade de que estes instrumentos de apoio deberían ser máis coñecidos e accesibles para todas as persoas emprendedoras.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[73] Ver preguntas de investigación no Capítulo 2 apartado de conclusións.

6.3. MODELO CONFIRMATORIO

Seguindo coa validación da investigación realizada e partindo da suposición de que os modelos de negocio poden influír nas intencións empresariais, procede seguir indagando nas motivacións das persoas socias de cooperativas de traballo que as levaron a escolla desta fórmula de negocio e non doutra. Esta análise da actividade emprendedora ten en conta a adecuación as necesidades e/ou intencións empresariais das mulleres que se analizou previamente (Bastida et al., 2021).

En primeiro lugar, suponse que as persoas teñen diferentes motivacións para o emprendemento, xa sexan estes considerados factores de impulso ou atracción (Mcclelland et al., 2005; van der Zwan et al., 2016). Ademais, os potenciais empresarios e empresarias tamén teñen expectativas sobre os resultados que obterán do negocio. Por exemplo, esperan satisfacer as súas necesidades financeiras, desenvolver unha carreira ou satisfacer obxectivos persoais como autonomía, independencia, realización persoal, a busca dun equilibrio entre o traballo e a vida persoal ou factores relacionados coa familia (Ács, 2006; Itani et al., 2011; Kirkwood, 2009; Knörr, 2011; Laure e Drew, 2010; McGowan et al., 2012; Patterson e Mavin, 2009; Solesvik et al, 2019). En segundo lugar, as cooperativas son modelos de negocio caracterizados por unha forte cultura organizativa, baseada nun conxunto de valores como a axuda mutua, a corresponsabilidade, a democracia, a igualdade e a solidariedade, a responsabilidade social e a preocupación polos demais (Chaves Ávila e Monzón Campos, 2018). Estes valores tradúcense nos sete principios xa indicados e analizados con anterioridade, a saber: (1) adhesión voluntaria e aberta; (2) xestión e control democráticos; (3) participación económica; (4) autonomía e independencia; (5) intercooperación; (6) preocupación pola comunidade; e (7) educación, formación e información. Polo tanto, é de esperar que as persoas atopen nestes principios un xeito de satisfacer as súas necesidades persoais. De feito, na análise factorial que se analiza con anterioridade móstrase que o axuste entre principios cooperativos, a orientación social e as expectativas individuais axudan a explicar o vínculo entre necesidades individuais e principios cooperativos. A análise factorial ratifica a existencia destes vínculos, pero dun xeito exploratorio. Polo tanto, procede agora confirmar estes vínculos e examinar as interrelacións entre eles.


Ademais, e como xa se indicaba, os principios cooperativos e a adaptación destes principios ás necesidades individuais poden actuar como un motor para a elección das cooperativas como modelo de negocio. Por exemplo, o principio de "portas abertas" pódense ver como un xeito de iniciarse nos negocios, mentres que a "autonomía, a xestión democrática e a independencia" poden verse como unha oportunidade para controlar o proceso de traballo. Este control, á súa vez, pode ser útil para facer contribuír á conciliación da vida laboral, persoal e familiar. Ademais, a "educación e formación" serve como unha ferramenta para satisfacer as necesidades de desenvolvemento das persoas, mentres que a "preocupación pola comunidade e a orientación social" pode verse como un motor para satisfacer as necesidades de orientación social. Finalmente, e dado que as cooperativas de traballo son recoñecidas como parte do emprendemento empresarial, o seu obxectivo é proporcionar un xeito de obter ingresos sostibles e satisfacer as necesidades económicas. En resumo, o conxunto de valores intrínsecos e principios de funcionamento das cooperativas pode impulsar o compromiso das persoas con este modelo de negocio, como se indicaba nos resultados obtidos na análise factorial. Isto relaciónase cunha das preguntas centrais desta investigación, a vinculación entre os

principios cooperativos e a materialización do emprendemento a través da fórmula societaria cooperativa.

Finalmente, como xa se sinalou, as condicións do entorno, ou tamén denominado ecosistema, teñen influencia sobre o desenvolvemento empresarial (Ács et al., 2017b; Henry e Foss, 2016; Wheadon e Duval-Couetil, 2019). Ademais, os requisitos formais, legais e financeiros poden ser fundamentais á hora de optar por un tipo específico de fórmula de emprendemento ou o outro (Brown et al., 2005; Hashi e Krasniqi, 2011). En consecuencia, cabe esperar que factores esóxenos como a dispoñibilidade de fondos, a prestación de servizos de consultaría ou programas de apoio do goberno para cooperativas expliquen a preferencia por este modelo de negocio. Porén, a análise factorial previa mostrou un baixo efecto destes factores esóxenos na selección deste modelo. Para resolver esta disxuntiva e profundar na súa análise, introdúcese un novo punto de vista argumentando que os diferentes niveis de factores esóxenos poden ter efectos diferentes. En canto á relación entre o interese individual e a predisposición a formar unha cooperativa, nesta comprobación empírica atópase que un maior nivel de apoio externo proporciona os recursos necesarios para formar cooperativas. Así, cabería esperar que a percepción destas medidas de apoio favoreza a predisposición a formar esta tipoloxía de empresa cando as mulleres perciben que este modelo de negocio pode ser útil.

A figura 3 resume as relacións suxeridas: o axuste entre as necesidades individuais e os principios cooperativos favorece a elección das sociedades cooperativas coma modelo de negocio -compromiso coas cooperativas-, unha elección que tamén se ve favorecida polas propias necesidades individuais. Á súa vez, a dispoñibilidade de favores de axuda externa (factores esóxenos) potencia esta elección.

Figura 4 Modelo suxerido



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

6.3.1. Metodoloxía

Tal e como aconteceu en etapas previas da investigación, para poder aplicar a metodoloxía de ecuacións estruturais levouse a cabo previamente un aumento de mostra obtida nas fases anteriores pero centrando igualmente o campo de estudo nas cooperativas galegas polos motivos xa expresados e que axudan a acoutar o obxecto de estudo. De este xeito continúase co mesmo universo de estudo recollido ao longo de toda e presente tese o que permite abordar os fenómenos de análise dende diferentes perspectivas.

A mostra definitiva que se analiza está composta por un total de 151 respostas válidas, 13 máis que no caso da análise factorial; das cales 115 pertencen a mulleres e 36 homes. Esta maior presenza feminina segue a liña dos estudos anteriores e parece corroborar que as mulleres parecen sentirse especialmente atraídas polas cooperativas como modelo de negocio (Bastida et al., 2021; Bastida et al., 2020a; Esteban Salvador et al., 2016). As persoas participantes no estudo contaban con unha media de idade duns 40 anos de idade e 8 de cada 10 formaban parte de cooperativas de traballadores. Unha gran maioría traballaba no sector servizos, en diversas formas de emprego. A **Táboa 45** resume o perfil das persoas participantes no estudo. É importante ter en conta que, como o interese se centra nos factores que favorecen a participación das mulleres nas cooperativas, só empregamos datos das mulleres enquisadas na nosa análise.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 45 Características da mostra

	N	Xénero		Idade		Tipo de Cooperativa						Antigüidade		Tamaño	
		Masc	Fem	M	SD	Traballo Asociado	Agrario	Consumidores	Financeiro	Vivenda	N/A	M	SD	M	SD
Masculino	36	23.84%		38,58	8,89	80,56%	5,56%	0,00%	0,00%	11,11%	2,78%	3,75	3,94	9,65	30,87
Feminino	115		76.16%	39,71	8,43	82,61%	3,48%	6,09%	0,87%	1,74%	5,22%	4,35	3,61	10,21	31,66
Mostra xeral	151			39,19	8,52	82,12%	3,97%	4.64%	0,66%	3,98%	4,64%	3,82	3,18	9,30	27,31

Nota: M: media; SD: desviación estándar. En branco: non dispoñible

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Para medir os constructos analizados no estudo, empréganse as escalas de análise de factores identificadas na análise factorial xa que a fiabilidade de todas era aceptable ao situarse o seu alfa de Cronbach por encima de 0,70 (Nunnally e Bernstein, 1994). A continuación ofrécense máis detalles sobre os constructos e escalas.

No caso dos parámetros de control, e seguindo o modelo configurado para toda a investigación, empregáronse preguntas directas, xa foran nunha escala dicotómica ou nunha escala de elección. O sexo e a idade avaliáronse a través dun elemento, preguntándolle á persoa participante se era home (1) ou muller (0) e a súa idade (en anos). O nivel educativo mediuse elixindo entre cinco categorías: educación superior (doutoramento ou máster), bacharel, educación secundaria, formación profesional ou outros estudos. A antigüidade tamén se mediu a través dun único elemento, preguntando canto tempo (en meses) levaban na súa organización actual. Tamén se pediu ás persoas participantes que indicasen o tipo de cooperativa e a actividade na que desenvolvía a súa actividade profesional. Unha vez analizadas as respostas, reclasificáronse segundo a súa homoxeneidade.

Como se mencionou anteriormente, os constructos medíronse empregando o marco de catro factores proporcionado pola análise factorial previa. Así, obtívose unha escala baseada na súa revisión da literatura que está composta por 4 grupos de factores, a saber: (i) a filosofía subxacente do modelo cooperativo; ii) necesidades e expectativas individuais abordadas polo modelo cooperativo; iii) igualdade de oportunidades e iv) motores esóxenos para a pertenza a unha cooperativa. Así e todo, dado que a primacía e a igualdade das persoas tamén forman parte dos principios cooperativos e favorecer a conciliación da vida profesional, familiar e persoal poden considerarse unha necesidade individual, adaptouse a escala reagrupando estes elementos en principios cooperativos e necesidades individuais. Este é o motivo de introducir na enquisa que as persoas valorasen a súa percepción do efecto que tiveron cada un dos elementos relacionados cos principios cooperativos, as necesidades individuais e os factores esóxenos na súa decisión de unirse a unha cooperativa. Valoraron esta percepción nunha escala tipo Likert de sete puntos, que vai dende 1 (non importante) ata 7 (moi importante ou determinante). A escala inicial consistía en dezasete elementos, cada un dos cales facía referencia a diferentes constructos. Porén, despois de eliminar os elementos colineales, a escala limitouse a trece elementos que se amosan subliñados na **Táboa 46**.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 46 Escala

Principios cooperativos
PP1. Axuste persoal aos principios cooperativos
PP2. Portas abertas
PP3. Educación
PP4. Cooperación
PP5. Primacía das persoas
PP6. Non discriminación
GOB1. Control democrático dos membros
GOB2. Participación económica dos membros
GOB3. Autonomía e independencia

Expectativas individuais
II1. Interese polas relacións laborais
II2. Interese polas relaciones sociais
II3. Preocupación pola comunidade
II4. Adaptación ás necesidades económicas
IG1. Facilidades para implementar medidas de conciliación

Factores exóxenos
E1. Consultaría
E2. Apoio financeiro
E3. Ambiente amigable

Por último, para medir a Predisposición inicial a formar parte de una cooperativa empregouse unha escala destinada a estimar a medida na que as persoas socias tiñan certa predisposición ao emprendemento a través desta fórmula societaria. A escala tiña un solo ítem, seleccionando entre 1 (tiña claro que emprendería baixo a fórmula cooperativa), 2 (fixen unha análise, pero tiña claro que prefiro unha cooperativa) 3 (decidinme por unha cooperativa tras analizar outras fórmulas empresariais).

As medidas realízanse como compostas e estímanse dende unha perspectiva causal-predictiva (Hair et al., 2020; Henseler, 2017), seleccionando o modelado de ecuacións estruturais parciais de mínimos cadrados (PLS-SEM) como ferramenta adecuada para probar as hipóteses do modelo. As composicións estímanse seguindo o procedemento proposto por Henseler e outros (2016), en dous pasos: (1) avaliación do modelo de medida e (2) avaliación do modelo estrutural. Faise unha estimación aproximada da validez do axuste do modelo. O valor de normalización da raíz cadrada media residual (SRMR) do modelo é 0,069 situándose, polo tanto, por debaixo do limiar de aceptabilidade establecido por Hu e Bentler (1998) en 0,08. A significancia dos parámetros compróbase a través da técnica de remostreo coñecida como bootstrap (Chin e Chin, 1998), que permite determinar a importancia dos índices de axuste, os coeficientes de traxectoria e os pesos e cargas dos indicadores para cada constructo. Ademais, o poder de predición do modelo próbase fóra da mostra do estudo usando o procedemento descrito por Shmueli e outros (2015; 2019). O software PLS empregado para probar o modelo foi o SmartPLS 3.2.8 (Ringle et al., 2015).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

6.3.2. Resultados

Para elaborar o modelo de medición empregáronse dous tipos de compostos seguindo indicado por Hair et al (2021). Tendo en conta que cada principio cooperativo foi identificado e non se asumiu a existencia de ítem correlacionados ou consistencia interna, os principios cooperativos estimáronse no Modo B. Pola súa banda, para estimar as necesidades individuais e a predisposición a escoller o modelo cooperativo como fórmula de emprendemento optouse polo Modelo A debido a presencia de altas correlacións entre os indicadores (Rigdon, 2016).

Inicialmente, para o constructo formativo, é dicir o que conforman os principios, aínda que o deseño do cuestionario seguíronse ás recomendacións de McKenzie e Podsakoff (2005) e Podsakoff et al. (2012) para evitar posibles problemas do método da varianza común, levouse a cabo unha proba de colinealidade completa baseada nos factores de inflación da varianza (VIF) para detectar problemas potenciais, seguindo as pautas enunciadas por Kock e Lynn (2012). Todos os VIF presentaron valores por debaixo de 3.3, tal e como se pode observar na **Táboa 47**, o que descartar este problema.

Seguidamente, probouse a magnitude e a importancia dos pesos. As ponderacións mostran información sobre como cada indicador contribúe ao constructo, mentres que un nivel de significancia que chegue cando menos ao 0.05 suxire que unha medida é relevante para a formación do constructo (Roldán e Sánchez-Franco, 2012). Neste caso, a cooperación e o axuste persoal aos principios cooperativos son os elementos que realizan unha maior contribución ao constructo. Así é todo, todos os ítem incluídos son relevantes xa que o valor da súa ρ é 0,000 (<0,05).

Táboa 47 Resultado do modelo de medición (Principios)

Ítem	GOB1	PP1	PP2	PP3	PP4	PP5
VIF	1, 396	1, 200	1, 348	1, 426	1, 177	1, 116
Peso	0, 134***	0, 314***	0, 235***	0, 263***	0, 447***	0, 278***

* ρ < .05; ** ρ < .01; ***ρ < .001

Como se mencionou anteriormente, as necesidades individuais e a intención de formar unha cooperativa estimáronse como ítems reflectivos (é dicir, o Modelo A (Rigdon, 2016) debido á presenza de altas correlacións entre os seus indicadores. Polo tanto, aplicáronse medidas tradicionais de consistencia interna, fiabilidade e validez (Henseler et al., 2016) para comprobar a súa idoneidade. Os resultados (**Táboa 48**) mostran que o modelo de medición cumpre todos os requisitos estipulados habitualmente. Primeiro, todos os elementos individuais (indicadores) son fiables, xa que as súas cargas estandarizadas están por encima do limiar de 0,7 (Hair et al., 2021). En segundo lugar, a consistencia interna avaliouse empregando tres medidas, a saber, ρA (rho de Dijkstra-Henseler), a fiabilidade composta e alfa de Cronbach (Hair et al., 2017). Na investigación avanzada, estes valores deberían ser superiores a 0,8, aínda que se aceptan valores superiores a 0,7 para os novos instrumentos (Nunnally e Bernstein, 1994). No caso das variables do modelo, a construción é fiable xa que todos os valores foron superiores a 0,7. Pola súa banda, a varianza media extraída (AVE) serve como medida de validez converxente, que se alcanza cando o AVE é superior a 0,5, como é o caso das necesidades individuais (Fornell e Larcker, 1981).

Táboa 48 Validez e fiabilidade dos constructos de medición

Constructo	Ítem	Cargas	Rho de Dijkstra-Henseler (ρA)	Fiabilidade composta (ρc)	Alfa de Cronbach	Varianza media extraída (AVE)
Necesidades Individuais			0,798	0,863	0,789	0,613
	IG1	0,815***				
	II2	0,735***				
	II3	0,841***				
	II4	0,797***				
Predisposición (SI)	SÍ	N/A	N/A	N/A	N/A	N/A

** p < .05; ** p < .01; ***p < .001 SI: partida única; n/a non aplica*

Por último, realizouse o bootstrapping (5000 mostras) para comprobar a importancia destes valores. Como mostra a **Táboa 49**, os valores orixinais de consistencia interna, confiabilidade e validez están incluídos nos intervalos de confianza, o que reforza a súa adecuación. Finalmente, a validez discriminante probouse analizando tanto a relación de correlación heterotrait-monotrait (HTMT) como o criterio tradicional de Fornell-Larcker (1981). Como se mostra na **Táboa 50**, o valor de HTMT foi inferior ao punto de corte (0,90), apoiando que o constructo ten unha validez discriminante (Gold et al., 2001).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 49 Bootstrapping para validez e fiabilidade dos constructos de medición

	Rho de Dijkstra-Henseler (ρA)		Fiabilidade composta (ρc)		Alfa de Cronbach		Varianza media extraída (AVE)	
	5,0%	95,0%	5,0%	95,0%	5,0%	95,0%	5,0%	95,0%
Necesidades individuais	0,757	0,839	0,837	0,888	0,74	0,831	0,564	0,665

Táboa 50 Asignación de validez discriminante

Criterios de F e L	Necesidades individuais	Predisposición	HTMT	Necesidades individuais
Necesidades individuais	0,983			
Predisposición	0,817	1	Predisposición	0,897

Unha vez analizada a fiabilidade e a validez converxente e discriminante do modelo factorial, compre abordar a súa **validez de criterio** nun modelo estrutural. Como mostra a **Táboa 51**, tanto o interese individual como os principios cooperativos teñen un efecto positivo na predisposición a unirse a unha cooperativa. Ademais, segundo Hair et al., (2017) o uso de bootstrapping (5.000 remostreos) produce erros estándar e estatísticos que permiten avaliar a importancia estatística dos efectos hipotéticos (path). A mesma **Táboa 51** mostra que tanto o efecto do interese individual sobre os principios cooperativos como o dos principios cooperativos sobre a predisposición a formar unha cooperativa son estatisticamente significativos xa que os valores p e os percentiles no intervalo de confianza do 95% confirman o resultado. Porén, hai que ter en conta que existe unha débil e pouco significativa relación entre os intereses individuais e a predisposición a formar unha cooperativa. Con todo, esta relación é máis forte e máis significativa ao considerar o efecto indirecto a través do vínculo persoal cos principios cooperativos (0,682). Deste xeito, o efecto total do interese individual sobre a disposición a formar unha cooperativa é de 0,817, onde 0,135 é un efecto directo e 0,682 é un efecto indirecto.

Táboa 51 Importancia dos efectos

	Efecto directo	p-valores	5,0%	95,0%	Varianza explicada	f^2
INDIVINT -> PREDISP	0,135	0,116	0,064	0,315	11,03%	0,012
INDINT -> PRINCIP	0,915	0,000***	0,896	0,936	-	0,517
PRINCIP -> PREDISP	0,745	0,000***	0,579	0,929	64,67%	0,371
INDINT -principios > -> PREDISP	0,682	0,000***	0,527	0,851		

** p < ,05; ** p < ,01; ***p < ,001*

Tendo en conta que o efecto directo non é significativo, existe unha mediación completa (Sarstedt et al., 2020). Ademais, o VAF permite estimar o tamaño deste efecto indirecto. Así, o VAF neste caso alcanza o 0,834 (VAF> 0,80), o que significa que o 83,5% do efecto do interese individual na predisposición a formar unha cooperativa é indirecto, reforzando, deste xeito a existencia dunha mediación completa (Hair et al., 2017). Ademais, o modelo proposto deu un R^2 de 0,781 para o constructo da predisposición, o


que indica que o modelo alcanzou un nivel substancial de poder de predición dentro da mostra (Hair et al., 2021).

Pola súa banda, a descomposición da varianza mostra que o interese individual explica o 11,03% da predisposición a formar unha cooperativa, mentres que o 64,67% deste efecto procede da idoneidade dos principios cooperativos. Finalmente, na mesma **Táboa 51** tamén se pode observar o tamaño dos efectos empregando os valores f^2 de Cohen. Como se pode ver, o efecto dos intereses individuais na predisposición a formar unha cooperativa é baixo ($0,02 < f^2 < 0,15$), mentres que o resto dos efectos son elevados ($0,35 < f^2$).

Polo tanto os resultados apoian as hipóteses propostas sobre as relacións positivas tanto entre as necesidades individuais como cos principios cooperativos e destas coa vontade da escolla da fórmula cooperativa como modelo de negocio tal e como mostra a **Figura 4**. Como se pode ver, as mulleres atopan nos principios cooperativos un conxunto de valores que se axustan aos seus intereses e necesidades persoais. Pola súa banda, o axuste de principios cooperativos favorece a predisposición a escoller a fórmula cooperativa como modelo de emprendemento. Ademais, esta predisposición tamén está influenciada polos intereses individuais das mulleres, pero só cando existe un vínculo cos principios cooperativos.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 5 Modelo probado



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA


En canto á hipótese que fai referencia a que os factores esóxenos podan moderar a relación entre os intereses individuais e o emprendemento cooperativo, o modelo tamén a confirma despois da realización de dúas análises. Na primeira, a través dun enfoque de ortogonalización seguindo as liñas de Little et al. (2006) e Henseler e Chin (2010). En segundo lugar, levouse a cabo unha análise en dúas etapas (Becker et al., 2018; Fassott et al., 2016). Tal e como aparece na **Táboa 52**, o efecto moderador dos factores esóxenos (servizos de consultaría, apoio financeiro e a percepción dun ambiente favorable para as cooperativas) é significativo independentemente do enfoque empregado. Ademais, os factores esóxenos teñen un grande efecto na relación entre o interese individual e a disposición a formar unha cooperativa, xa que os valores de f^2 están moi por encima do nivel base de 0,02.

Táboa 52 Efecto moderador

	Efecto	p-valores	f^2
ORTOGONALIZACIÓN			
EXOMOD -> PREDISP	0,133	0,028***	0,051
DÚAS ETAPAS			
EXOMOD -> PREDISP	0,132	0,022***	0,038

Así, a **Figura 5** mostra a interacción dos factores esóxenos sobre a relación entre o interese individual e a vontade de formar cooperativas. As liñas do gráfico mostran que si existe unha percepción moi efectiva das medidas encamiñadas á formación de cooperativas, o efecto moderador destas medidas será máis forte e a predisposición a formar cooperativas verase incrementada polo interese individual. Tal e como se indicaba, estes resultados dan unha resposta positiva á última pregunta de investigación.

Figura 6. Efecto moderador das medidas de apoio



Continuando coa comprobación, realizáronse dúas análises adicionais para facer estes resultados máis robustos. En primeiro lugar, próbase a bondade do axuste do modelo de medición mediante probas baseadas en bootstrap, incluíndo a discrepancia xeodésica entre a matriz de correlación empírica e a implícita no modelo (Dijkstra e Henseler, 2015); a raíz cadrada media normalizada residual (SRMR) (Henseler et al., 2014), e a discrepancia de mínimos cadrados non ponderados (Dijkstra e Henseler, 2015). O modelo tería un bo axuste cando estes valores son inferiores aos bootstrap cuánticos do 95 % ou 99 % (Henseler et al.,

2016). A **Táboa 53** presenta todos os índices de axuste, en termos absolutos e en intervalos de confianza (95 e 99 %). Polo tanto, hai un axuste significativo entre a matriz de datos empíricos e a matriz do modelo proposto. Os tres índices deste estudo axústanse ás condicións requiridas, polo que se pode confirmar que teñen un bo encaixe. Polo tanto, este modelo pode considerarse confirmatorio con PLS-SEM (Henseler, 2017).

Táboa 53 Análise confirmatoria composto xeral baseado en bootstrap e bondade de axuste (intervalos de confianza 95% e 99%)

Medidas	Modelo estimado	Hi95	Hi99	Modelo saturado	Hi95	Hi99
SRMR	0,069	0,078	0,083	0,061	0,071	0,073
Duls	0,317	0,296	0,32	0,309	0,297	0,325
Dg	0,299	0,273	0,313	0,278	0,275	0,313

SRMR: Media raíz estandarizada; Duls: Discrepancia de mínimos cadrados no ponderada; dG: Discrepancia xeodésica

En segundo lugar, decídese probar o rendemento de predición do modelo, (predición fóra da mostra) ou a súa capacidade para predicir valores precisos de observacións individuais invisibles (Hair et al., 2020). A pregunta clave é se as variables antecedentes dun constructo son capaces de predicir o comportamento da variable dependente. Para abordar esta cuestión, óptase polo enfoque de validación cruzada con mostras retidas proposto por Shmueli et al. (2019). Os resultados deste procedemento baséanse na avaliación da predición de PLS-SEM Q^2 para os indicadores de cada variable dependente, así como na obtención de erros de predición con validación cruzada. O valor Q^2 compara o erro de predición do resultado PLS-SEM co erro de predición de usar os valores medios. Se este valor é positivo, mídese a asimetría dos erros de predición. Se a inclinación é maior que 1, úsase o RMSE (erro cadrático medio), mentres que se é inferior a 1, úsase o MAE (erro absoluto medio). Por último, compróbase se os erros residuais do PLS-SEM son menores aos erros de predición producidos ao empregar regresións lineais [LM], neste caso pódese dicir que o modelo ten poder de predición (Shmueli et al., 2019).

A **Táboa 54** mostra os resultados do poder de predición dos valores dependentes. Os valores Q^2 para todos os elementos son positivos. O RMSE úsase como erro residual debido á alta simetría da distribución de erros. Como se pode ver, catro dos erros residuais dos indicadores son superiores ao LM e, polo tanto, pódese afirmar que o modelo proposto ten unha capacidade de predición media (Shmueli et al., 2019). Porén, ao centrarse na variable dependente (é dicir, na vontade de formar unha cooperativa) o desempeño de predición é satisfactorio. Deste xeito, o modelo presentado mellora -ou, no seu defecto, non empeora- o poder de predición dos datos do indicador. Isto significa que os intereses individuais e os principios cooperativos poden predicir a disposición a formar cooperativas en mostras adicionais, o que implica un apoio adicional para o modelo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 54 Capacidade de predición do modelo

	Q²_predict	PLS		LM		PLS-LM	
PLS		RMSE	MAE	RMSE	MAE	RMSE	MAE
PREDISP	0,657	0,429	0,332	0,43	0,336	-0,001	-0,004
PP1	0,315	0,514	0,383	0,518	0,383	-0,004	0
PP2	0,238	0,617	0,466	0,567	0,433	0,05	0,033
PP3	0,267	0,625	0,472	0,581	0,44	0,044	0,032
PP4	0,392	0,677	0,507	0,625	0,43	0,052	0,077
PP5	0,208	0,639	0,499	0,618	0,46	0,021	0,039
GOB1	0,233	1,615	1,324	1,62	1,349	-0,005	-0,025

6.3.3. Discusión de resultados

A base deste última parte do traballo de investigación era analizar os factores que poden explicar a elección por parte das mulleres do modelo cooperativo como fórmula societaria para o seu emprendemento. Para isto empregáronse os catro constructos configurados na análise factorial anterior, para realizar un estudo confirmatorio co fin de comprender mellor o efecto da filosofía subxacente do modelo cooperativo, as necesidades e expectativas individuais e os factores esóxenos para unirse ao modelo cooperativo sobre a predisposición a formar este tipo de entidades. Partindo das preguntas ou hipóteses de investigación, comprobouse que o axuste persoal cos principios cooperativos, ou o que é o mesmo, a filosofía de organizativa cooperativa, xoga un papel importante na intención de formar unha cooperativa. Ademais, tamén se descubriu que as necesidades e expectativas individuais teñen unha relación positiva coa intención de emprender a través do modelo cooperativo, aínda que a maior parte deste efecto prodúcese, precisamente, a través de principios cooperativos.

Seguindo a liña de investigación de todo o traballo de tese, consideráronse as necesidades individuais como precedente tanto de axuste persoal cos principios cooperativos como coa predisposición á fórmula cooperativa. Así, os resultados por unha banda conectan con unha clásica dicotomía sobre os factores *push* ou *pull* para o emprendemento (Mcclelland et al., 2005; van der Zwan et al., 2016), xa que se mostra que as mulleres esperan satisfacer as súas necesidades financeiras ou as súas metas persoais como o equilibrio entre a conciliación da vida laboral, persoal e familiar a través da súa actividade emprendedora (Ács, 2006; Itani et al., 2011; Laure e Drew, 2010; Solesvik et al., 2019).

Ademais, tamén se atoparon evidencias para a suxestión de Zisser et al., (2019) que indicaban que os modelos de empresariais colectivos poden ser particularmente axeitados para as mulleres. Como se mostra no modelo, tanto a preocupación pola comunidade como as relacións sociais son indicadores clave dos intereses e necesidades individuais das mulleres, polo que parece que as tenden a participar nun comportamento prosocial máis relacional (Eagly, 2009).

Por outra banda, dende o modelo proposto pódese argumentar que as mulleres axústanse especialmente aos principios cooperativos (Bastida et al., 2020c; Bastida et al., 2021; Esteban Salvador et al., 2016; Senent Vidal, 2011). Con respecto a este punto, un resultado importante deste traballo é que se identificou que os principios cooperativos median plenamente no relación entre as necesidade individuais e a intención de formar unha cooperativa. Isto significa que as mulleres poden pensar que poden cumprir as súas expectativas ao unirse a unha empresa, pero só cando se dan conta de que a cultura organizativa cooperativa se axusta aos seus intereses persoais deciden formar esa empresa. Este resultado é particularmente importante porque apoia estudos previos que suxiren que un tipo específico de organización pode ser clave para mellorar

as intencións empresariais (Bjørnskov e Foss, 2013; Hashi e Krasniqi, 2011). Así e todo, e acorde cos resultados obtidos, o efecto do modelo de negocio depende máis do atractivo particular da cultura organizativa subxacente que dos requisitos para iniciar un negocio.

Paradoxalmente, aínda que estudos anteriores demostraron que as condicións ambientais ou da contorna afectan fortemente o desenvolvemento empresarial (Ács et al., 2014; Ács et al., 2018; Henry, C. e Foss, 2016; Wheadon e Duval-Couetil, 2019), neste estudo destaca que estas condicións moderan as relacións mencionadas. Como se observa na xa indicada **Figura 5**, a relación entre as necesidades individuais e a vontade de formar unha cooperativa é máis débil (menos positiva) para niveis máis baixos de medidas de apoio percibidas, aínda que é estable. A medida que aumenta o nivel de apoio, a relación entre intereses e a intención de formar unha cooperativa faise máis positiva. Este resultado é particularmente importante xa que parece empregar dúas vías alternativas para aumentar a disposición a formar unha cooperativa. Destaca o importante papel dos principios cooperativos para impulsar a intención das mulleres suxire que a promoción desta cultura organizacional cooperativa pode ser fundamental para aumentar o número de cooperativas dirixidas por mulleres. Ademais este resultado apoia os resultados obtidos da análise factorial que o precede. Nel móstrase que os factores esóxenos teñen un efecto menos determinante na explicación das intencións de emprendemento a través da fórmula cooperativa, xa que estes factores si que moderan o efecto de outros. Este resultado tamén indica que os factores externos condicionan a actividade emprendedora (Henry e Foss, 2016; Wheadon e Duval-Couetil, 2019) e que un ecosistema emprendedor rico fomenta o emprendemento (Ács et al., 2014; Szerb et al., 2013).

É importante destacar que estes achados fanse eco da investigación previa sobre factores críticos para a inscrición de cooperativas reforzando os resultados obtidos na análise factorial. Como se argumentou anteriormente, os principios cooperativos e a adaptación destes ás preferencias individuais poden ser motores poderosos do emprendemento colectivo. Os resultados obtidos dan soporte a este papel fundamental dos principios cooperativos, tanto para o proceso de gobernanza que permite ás persoas oportunidades para controlar o proceso de traballo, como para orientarse a priorizar os resultados sociais. Ademais, as medidas de apoio na área de creación de cooperativas son unha especie de catalizador na percepción de poder satisfacer intereses e necesidades persoais a través dunha cooperativa e a intención de facelo.

Este estudo tamén da resposta a posicionamentos críticos anteriores sobre a necesidade de examinar os sistemas empresariais a través de perspectiva de xénero (Hughes, 2006; Hughes et al., 2020). Baseándose nos resultados obtidos, pódese suxerir que as medidas de promoción destinadas a difundir a filosofía cooperativa, así como a destinada a fomentar o emprendemento colectivo, poden ser especialmente axeitadas para favorecer o espírito empresarial das mulleres e a conveniencia de revisar as medidas de apoio tradicionais.

Este traballo trata de contribuír á literatura sobre o emprendemento colectivo das mulleres empregando medidas específicas das súas motivacións. Primeiro, o estudo axuda a explorar a importancia dunha determinada cultura organizativa, que sorprendentemente as investigacións previas pasaran por alto. En segundo lugar, estimouse a capacidade de predición dos intereses e necesidades individuais das mulleres para explicar a predisposición a formar cooperativas. Neste punto, aínda que investigacións anteriores apoiaron en gran medida a importancia das necesidades individuais para o emprendemento, este estudo contribúe engadindo que diferentes modelos de negocio poden responder de forma eficaz a estas necesidades e expectativas. Parece que ningún outro estudo examinou a relación entre o interese individual e a preferencia por un modelo de negocio concreto, o que xustifica, aínda máis, este traballo.

Os resultados do estudo destacan tamén o papel mediador dos principios cooperativos, que é a variable que explica o interese individual na predisposición a formar unha cooperativa. Ate

este momento, os estudosos suxeriron a idoneidade particular das cooperativas para o emprendemento feminino. Esta investigación axuda a comprender "como" e "cando" se produce este vínculo. Para iso, a) mediuse "como" se produce este efecto sobre a predisposición de formar cooperativas: os resultados indican que non hai un efecto directo, senón un efecto indirecto positivo a través de principios cooperativos; e b) analizouse "cando" se produce este efecto indirecto: dando como resultado que existe a percepción dun ambiente favorable. Noutras palabras, estes resultados suxiren a importancia de aclarar a filosofía subxacente dunha cooperativa e resaltar o conxunto de medidas de apoio para crear estas entidades.

Os resultados teñen implicacións teóricas e prácticas para as organizacións. Desde o punto de vista teórico, os resultados proporcionan apoio empírico á idea de que hai motores específicos para mellorar o emprendemento das mulleres como actividade colectiva. Ademais, este estudo tamén ofrece apoio empírico para a estrutura de catro constructos dos impulsores cooperativos resultado da análise factorial, converténdose nunha análise confirmatoria do seu modelo. Desde o punto de vista práctico, os resultados suxiren que as políticas públicas poden mellorar a eficacia global das políticas de apoio reforzando as medidas de promoción que expliquen mellor os beneficios do emprendemento colectivo. Isto pódese lograr creando condicións que mostren as expectativas das mulleres que se poden cumprir a través do emprendemento colectivo.

Como todos os estudos, este ten algunhas limitacións que hai que ter en conta. A primeira é que o estudo realizouse nun conxunto de organizacións nun contexto xeográfico específico. Non se examinaron os efectos das variables culturais e, polo tanto, os presentes achados non deberían xeneralizarse a outras organizacións e países sen ter en conta as posibles diferenzas interculturais. Unha segunda limitación é que, aínda que o tamaño da mostra foi o suficientemente grande, non se puideron examinar os efectos potenciais das diferenzas de xénero porque o número de homes da mostra era pequeno, cuestión que debería abordarse en futuras liñas de investigación.

6.4. CONCLUSIÓNS

Nos últimos anos, tanto a academia como institucións interesáronse cada vez máis polo emprendemento feminino. Os traballos de investigación resaltaron a necesidade de examinar o ecosistema empresarial a través dunha perspectiva de xénero (Hughes, Karen D., 2006; Hughes et al., 2020), ademais de sinalar que hai pouca investigación sobre a relación entre as políticas públicas e o emprendemento das mulleres (Jennings e Brush, 2013). Máis interesante aínda, Foss e et al. (2019) argumentaron que "*as implicacións políticas da investigación sobre o emprendemento feminino son, na súa maior parte, vagas, conservadoras e céntranse en identificar as lagoas de habilidades nas empresarias que hai que corrixir*". Ademais, no seu estudo con 25 persoas técnicas dun programa de apoio financiado pola UE, Pardo del Val descubriu que as políticas de apoio ás mulleres emprendedoras deberían ter como obxectivo fortalecer os motivadores e centrarse no tipo de empresa, centrándose en iniciativas a longo prazo (Pardo-del-Val, 2010).

Este capítulo continúa o traballo comezado no seu predecesor abordando todas estas preocupacións. Así, na súa primeira parte, e a través da análise factorial, analízanse a validez dos factores identificados como motivadores do emprendemento cooperativo feminino dando resposta, deste xeito, a dúas das preguntas de investigación propostas, a saber: (1) son os factores identificados na literatura os que motivan a participación das persoas nas cooperativas?; e (2) de ser estes, teñen todos a mesma influencia?. Na segunda parte, explóranse as motivacións das mulleres para iniciar empresas a través da configuración de modelos de negocio colectivos, destacando o papel da cultura organizativa e os procesos de xestión para

responder mellor ás expectativas e necesidades das mulleres. O resultado desta parte da investigación axuda a dar resposta as últimas das hipóteses do traballo de investigación e que versan sobre os vínculos que ten o espírito emprendedor coas necesidades individuais e a relación que poden existir entre ambos. Tamén profundará en como afectan á vontade de emprendemento no modelo de negocio cooperativo. Para levar a cabo esta segunda parte da comprobación empírica emprégase un modelo de ecuacións estruturais PLS que ademais permite validar o modelo suxerido de actuación.

Cómpre destacar que ambas as dúas propostas de validación precisaron dunha ampliación da mostra de respostas obtidas con anterioridade co fin de acadar unha maior representatividade. Deste xeito ambas medicións mostran lixeiras variacións nas táboas de datos que permitiron centrar o estudo nunha modalidade concreta de cooperativas, as de traballo asociado por seren as que aportaron un maior número de respostas ao tempo que contan cun maior factor de emprendemento.

A análise factorial apoia empiricamente a adecuación de factores críticos para acceder as cooperativas en función do seu papel motivador. Deste xeito, esta análise presenta un instrumento fiable para avaliar aínda máis as motivacións que empuxan a unirse ao modelo cooperativo e converterse ao emprendemento colectivo. Ademais desta contribución empírica, este estudo amplía o coñecemento existente sobre a importancia dos valores cooperativos, en particular os principios cooperativos e a adecuación destes principios ás preferencias individuais como motores para o emprendemento colectivo e a creación de PEMES. Os resultados tamén revelan que as persoas emprendedoras perciben a realización dos principios cooperativos como unha oportunidade para controlar o proceso de traballo e, a través disto, mellorar a concordancia entre a vida e o traballo favorecendo deste xeito as súas necesidades individuais. Isto é particularmente importante cando se consideran os axustes familiares, xa que as persoas que forman parte das cooperativas parecen poder aplicar medidas de conciliación sen poñer en perigo o seu desenvolvemento profesional. Ademais, esta circunstancia indica que as persoas valoran especialmente a participación á hora de deseñar tales medidas. Estes resultados tamén contribúen a ampliar investigacións previas sobre emprendemento baixo unha perspectiva de xénero.

Outro dos resultados obtidos pon de manifesto que as persoas socias de cooperativas de traballo priorizan, dentro da rendibilidade empresarial, os resultados sociais fronte á maximización de beneficios. Isto suxire que a orientación social das persoas pode considerarse un motor na elección do modelo cooperativo como fórmula societaria para emprender asumindo que o seu goberno está guiado por prioridades diferentes ás que imperan na teoría económica maioritaria. Finalmente, a creación de emprego e o emprego colectivo son a base da decisión de emprender este modelo de negocio. Á súa vez, subxacente a estes motores está o papel da cooperativa como empresa emprendedora dirixida á creación de emprego, concretamente a nivel local, o que aumenta a cohesión social.

En suma, cando un conxunto de persoas crea voluntariamente unha cooperativa de traballo é para satisfacer as súas necesidades económicas, sociais e culturais comúns, asumen un papel empresarial que se fai responsable do emprego equitativo e do desenvolvemento local.

En xeral, estes achados teñen implicacións para os tomadores de decisión no eido das políticas públicas. Como se puxo de manifesto, as cooperativas de traballo teñen un conxunto de valores intrínsecos ou valores cooperativos que se acompañan duns principios operativos que impulsan especificamente o compromiso das persoas nesta forma de actividade emprendedora. Este podería ser un punto crítico para as políticas públicas, posto que estas adoitan ter como obxectivo proporcionar apoios como liñas de crédito, axuda financeira formalizada con capital risco ou consultaría que apoia a creación de empresas tradicionais. Con

todo, estas ferramentas parecen menos eficaces na promoción das cooperativas de traballo que potenciar a súa promoción como un modelo favorable para o desenvolvemento profesional e sostible. Isto suxire a conveniencia de aumentar a visibilidade das prácticas e principios das cooperativas, dando deste xeito máis visibilidade á súa capacidade de axuste ás súas circunstancias e expectativas persoais.

Neste apartado destaca o resultado obtido sobre a menor importancia das axudas institucionais (nomeadamente, o constructo correspondente aos valores esóxenos) en relación a outros factores para unirse a unha cooperativa de traballo é bastante sorprendente, polo que isto merece unha investigación máis contextualizada para comprender o terreo institucional subxacente a este resultado.

Da exploración das motivacións das mulleres para iniciar negocios a través da configuración de modelos de negocio colectivos, destaca o papel da cultura organizativa e os procesos de xestión para responder mellor ás expectativas e necesidades das mulleres. Ademais, a na investigación argumentase explicitamente que se deben poñer en marcha medidas de apoio, tanto desde un enfoque financeiro como desde un asesoramento. Ademais, deféndese que é necesaria máis información sobre modelos de negocio para mostrar os beneficios que algunhas entidades poden presentar como ferramentas para acadar o interese individual. Polo tanto, este traballo permite comprender "como ou por que" a influencia do interese e das necesidades individuais pode traducirse na creación de empresas, mostrando que este é un proceso no que a cultura organizativa é a variable mediadora, pero tamén que as medidas de apoio ao emprendemento pode actuar como motor.

Porén estes traballos, ao igual que os que se recollen no anterior capítulo, contan con vairas limitacións que cómpre ter en conta. A principal refírese ás dificultades para xeneralizar os resultados fóra do contexto galego xa que toda a investigación se circunscribe a este ámbito salvo a referida ás entrevistas. Así e todo, o seu fundamento teórico sólido admite o seu uso noutros escenarios. Así, esta investigación abre futuras liñas de investigación como (pero non exclusivamente) outras investigacións comparativas e interculturais que examinen os motores da creación de cooperativas de traballo como alternativa emprendedora.

Ademais, como a creación de cooperativas de traballo pode actuar como un reforzo para acadar os ODS, é necesaria máis investigación para examinar esta relación. En particular, as cooperativas de traballo son eficaces para mellorar o emprego a través do emprendemento, que está relacionado co obxectivo de desenvolvemento sostible de proporcionar traballo digno e crecemento económico (é dicir, ODS 8). Tamén se pon de manifesto que as persoas socias das cooperativas de traballo valoran especialmente o seu modelo de gobernanza, polo que cabería esperar que os membros destas organización contribúan a alcanzar o benestar social e o desenvolvemento local a través do emprego colectivo e non do traballo por conta propia. Isto tamén está relacionado cos obxectivos de desenvolvemento sostible, incluído o obxectivo de reducir as desigualdades ou o que é o mesmo, o ODS 10. En canto aos resultados sobre a percepción das cooperativas de traballo como modelo de negocio que prioriza a igualdade e a non discriminación e que tamén favorece a aplicación de medidas de conciliación, pode estar relacionado coa igualdade de xénero, ODS5. Estas propostas de investigación poden ser unha valiosa vía de desenvolvemento para futuros traballos académicos sobre a consideración das cooperativas de traballo como unha ferramenta eficaz para acadar varios dos ODS máis importantes como o emprego de calidade, a igualdade de oportunidades e a cohesión territorial.

En resumo, a principal contribución destes traballos é proporcionar unha folla de ruta para mellorar o emprendemento das mulleres, cun enfoque especial no emprendemento colectivo. Deste xeito, as administracións públicas teñen a clave para explotar mellor o papel das mulleres como fontes potenciais de éxito empresarial.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

7. CONCLUSIÓNS FINAIS

A ES ven situándose nos últimos anos como alternativa real e viable a un modelo económico imperante que evidencia os seus límites. O plantexamento inicial deste traballo de investigación, tal e como se sinalaba na introdución, é o de contribuír á reflexión existente na comunidade científica sobre a ES e as políticas públicas que a apoian ao tempo que se analiza o emprendemento que se xera nunha das familias que a compoñen, concretamente nas cooperativas de traballo. Este modelo societario é asimilable a outros modelos de emprendemento (Díaz Foncea e Marcuello Servós, 2014), polo que o traballo proposto pode a súa vez contribuír a mellorar ou analizar o emprendemento en xeral. No referente ao ámbito territorial, o obxecto de estudo desta tese céntrase en Galicia ao incluír este territorio características particulares e identificadas que a converten no escenario apropiado para levar a cabo unha investigación como a proposta. Así, no eido das políticas públicas, Galicia é a única comunidade, no memento de plantexar a investigación, que conta con Lei autonómica propia de ES que forma parte dun ecosistema de políticas públicas claramente perimetrado e con suficiente permanencia no tempo para abordar o seu estudo e o impacto producido. Este conxunto de políticas públicas atópase referenciado principalmente na Rede Eusumo á cal se aborde nun capítulo completo desta tese. No que confire ao emprendemento, esta comunidade conta cunha evolución positiva, no que a constitución de cooperativas se refire, nos últimos anos. Isto difire do comportamento doutros modelos empresariais nos mesmos períodos temporais. Ademais este emprendemento cooperativo está liderado, nun número importante de casos, por mulleres situando, novamente esta característica como relevante si se compara co emprendemento xeral.

Atendendo a estas realidades, propóñense as seguintes preguntas de investigación divididas en dous bloques e que son abordadas ao longo do presente traballo de investigación:

O primeiro dos bloques de preguntas fai referencia ao eido das políticas públicas:

- Existe un ecosistema de políticas públicas propio en Galicia para a ES?
- A Rede Eusumo contribúe á configuración deste ecosistema e polo tanto pódese identificar como unha política pública de impacto?

No segundo dos bloques abórdase o emprendemento cooperativo, propoñendo as seguintes preguntas de investigación:

- Son os factores identificados na literatura os que motivan a participación das persoas nas cooperativas?
- De ser estes, teñen todos a mesma influencia?
- Cales son os vínculos entre o espírito emprendedor cooperativo e as necesidades individuais?
- Existe unha relación positiva entre ambos?
- E coa vontade de emprender a través deste modelo de negocio?

Porén, a primeira aportación desta tese pódese atopar antes de abordar as preguntas de investigación. No capítulo 2 lévase a cabo unha depuración dos datos existentes nos diferentes rexistros de cooperativas de Galicia. Tal e como se destacara en diferentes traballos previos (Babío Arcay e Jordán Rodríguez, 2006; 2008; 2010; Jordán Rodríguez et al., 2004; Jordán Rodríguez e Babío Arcay, 2016), en Galicia, ao igual que noutras partes do estado, os datos das cooperativas inscritas no rexistro de cooperativas non se corresponden co número real de entidades en funcionamento en funcionamento, polo que era preciso determinar o obxecto de estudo antes de abordalo.

Así, en Galicia, no momento de realizar o traballo de campo en agosto de 2019, existen un total de 1.315 cooperativas activas situadas maioritariamente nas provincias de Pontevedra e a Coruña sendo as máis numerosas en número as da tipoloxía de traballo asociado aínda que estas conta con un menor número medio de persoas socias, 8, que as de servizos que se sitúan en 81. A foto do cooperativismo galego tamén mostra unha tendencia á paridade entre homes e mulleres -60% e 40% respectivamente- que se ve lixeiramente corrixida no caso do cooperativismo de traballo que tamén aporta unha composición máis equilibrada nos seus órganos de goberno.

7.1. POLÍTICAS PÚBLICAS EN ES

Respecto ás preguntas de investigación o estudo conclúe que en Galicia existen un conxunto de políticas públicas de apoio á ES propio e cunha serie de elementos diferenciadores. O primeiro a destacar é que o ecosistema existente en Galicia está composto por unha serie de elementos vivos e flexibles que cada ano son revisados co fin de tratar de dar unha mellor resposta ás necesidades da ES e priorizar a consecución de determinados obxectivos. A entidade decisiva no seu funcionamento é a administración autonómica ao exercer esta, practicamente en exclusiva, o poder de establecer a dotación económica quedando pouco espazo para a cocreación de políticas publicas. Esta pode ser a maior limitación identificada no estudo realizado xa que aínda existindo espazos de relación entre os sectores de ES e a administración estes non se empregan para a xeración conxunta de políticas públicas neste eido.

Cómpre tamén salientar a necesidade de establecer medidas de apoio en algunhas liñas nas que na actualidade non existen. Así, sería preciso incorporar medidas específicas para axudar ás entidades a acceder a mercados exteriores ou aquelas que propicien a concentración de entidades e, polo tanto contribúan a mellorar a dimensión das empresas existentes no sector. Tamén sería preciso profundar na compra pública responsable como mecanismo de apoio á ES. Esta última medida, á súa vez, confírese como unha liña de investigación futura ao non existir practicamente ningún traballo que analice o comportamento das diferentes administracións -local, provincial e autonómica- neste eido así como o impacto económico e social que esta infire no territorio.

Por último, destacar que seria preciso dar o paso á posta en marcha dun maior número de medidas proativas que pasen do establecemento da subvencións actual (medidas pasivas) co fin de contribuír a mellorar a competitividade do sector.

En resumo, o sistema de apoio á ES en Galicia xira en torno a dous dos tres eixos básicos identificados por Chaves e Monzón (2018) como piares dun sistema holístico con potencial para xerar amplas sinerxías para a consolidación da ES galega: transversalidade e estratexia. A participación, por outra banda, sofre de amplas limitacións que poden dificultar a súa eficacia. Tendo presente esta importante deficiencia, pódese inferir que Galicia sentou as bases dun ecosistema favorable para a ES, e tamén en diferentes áreas de acción. Así, poderíase identificar un ecosistema de tres eixos: legal, social e orzamentario.

No referente a Rede Eusumo e a súa contribución a este ecosistema así como o seu impacto, a segunda das preguntas de investigación, a tese destaca o papel que esta política pública xogou dende a súa posta en marcha en novembro do 2011 analizando tanto os resultados directos coma os indirectos que supuxo. En canto aos primeiros, a Rede Eusumo conta con un amplo respaldo reflexado principalmente na súa territorialidade xa que está presente no 60% dos concellos de Galicia. Destaca tamén que as súas actividades contribuíron á consolidación das entidades de ES existentes. Pola contra, a valoración que dela teñen as entidades socias identificas espazos de mellora no eido da coordinación e a difusión cara a cidadanía sobre todo.

A valoración dos impactos indirectos é moi positiva pois dende que a Rede Eusumo se puxo en marcha Galicia aprobou a LESG, a estratexia de ES e puxo en marcha varios órganos de coordinación no sector o que a identifica como a catalizadora das políticas públicas no territorio. Cabe sinalar que o estudo do impacto destes novos instruméntoos tamén deben ser consideradas posibles liñas de investigación futuras.

Por último, a análise realizada permite identificar tamén un conxunto de medias que poden mellorala destacando as seguintes:

- En canto á planificación e estrutura organizativas deben mellorarse tanto o aliñamento horizontal e vertical de programa e accións.
- Unha maior descentralización da Rede Eusumo pode contribuír a aumentar o compromiso das entidades socias.
- Aínda que foi estando más presente no conxunto da ES a Rede aínda pivota de xeito destacado sobre as cooperativismo polo que cómpre acentuar este obxectivo integrador e así dar o salto a promover o conxunto do sistema de ES.

7.2. O EMPRENDEMENTO COOPERATIVO

No que refire ao segundo bloque de preguntas de investigación e que teñen que ver co emprendemento cooperativo, estas, tal e como se recolleu na introdución, foron abordadas dende diferentes metodoloxías co fin de, a través dunha técnica de triangulación, obter uns resultados máis sólidos (Yin, 2003). Deste xeito o estudo dos factores de motivación do emprendemento, a súa influencia e os vínculos existentes entre o espírito cooperativo e as necesidades individuais abordáronse a través de metodoloxías cualitativas, cuantitativas ademais da configuración de dous modelos un exploratorio e outro confirmatorio.

Da primeira parte da análise, a que confire aos factores de motivación, pódese destacar que os identificados na literatura coinciden cos identificados polas persoas participantes na investigación. Ademais das análises cualitativas despréndense un conxunto de medidas que poderían contribuír á mellorar o emprendemento cooperativo e que coinciden, con algunhas das melloras identificadas nas políticas públicas o que reforza a súa necesidade de implementación. Estas medidas teñen que ver coa difusión do modelo e os seus principios así como a visibilización de boas prácticas existentes.

Por outra banda o resultado das entrevistas semiestruturadas desprende a existencia dun modelo de xestión feminino que se leva a cabo de xeito máis espontáneo nas cooperativas e que pode vir determinado pola primacía do principio de democracia interna. Tamén se observa unha atracción de talento feminino que poden estar determinados porque na escolla se priman outras vertentes ademais das económicas.

Pola súa banda, a análise exploratoria referenda os resultados obtidos con anterioridade no referido as factores motivacionais agrupándoos nun conxunto de catro constructos: (i) a filosofía subxacente do modelo cooperativo; ii) necesidades e expectativas individuais abordadas polo modelo cooperativo; iii) igualdade de oportunidades e iv) motores esóxenos. Estes factores infiren na decisión de escolla deste modelo empresarial por parte das persoas emprendedoras non ponderando de igual xeito todos eles. Así, obsérvase como os resultados obtidos anteriormente reafírmanse ao tempo que permiten dar resposta ás hipóteses de investigación tamén dende unha óptica empírica contribuíndo ao mesmo tempo a mellorar a investigación previa existente neste aspecto.

Unha vez sometidos á análise confirmatoria os resultados amplían o coñecemento existente sobre a importancia dos valores cooperativos, en particular os principios cooperativos e a adecuación destes principios ás preferencias individuais como motores para o emprendemento colectivo e a creación de PEMES. Os resultados tamén revelan que as persoas emprendedoras

perciben a realización dos principios cooperativos como unha oportunidade para controlar o proceso de traballo e, a través disto, mellorar a concordancia entre a vida e o traballo favorecendo deste xeito as súas necesidades individuais. Isto é particularmente importante cando se consideran os axustes familiares, xa que as persoas que forman parte das cooperativas parecen poder aplicar medidas de conciliación sen poñer en perigo o seu desenvolvemento profesional. Ademais, esta circunstancia indica que as persoas valoran especialmente a participación á hora de deseñar tales medidas. Estes resultados tamén contribúen a ampliar investigacións previas sobre emprendemento baixo unha perspectiva de xénero.

Isto suxire que a orientación social das persoas pode considerarse un motor na elección do modelo cooperativo como fórmula societaria para emprender asumindo que o seu goberno está guiado por prioridades diferentes ás que imperan na teoría económica maioritaria. Este achado ten especial interese porque mostra o papel que as cooperativas de traballo poden desempeñas na desenvolvemento local.

Outro dos resultados obtidos pon de manifesto que as persoas socias de cooperativas de traballo priorizan, dentro da rendibilidade empresarial, os resultados sociais fronte á maximización de beneficios. Isto suxire que a orientación social das persoas pode considerarse un motor na elección do modelo cooperativo como fórmula societaria para emprender asumindo que o seu goberno está guiado por prioridades diferentes ás que imperan na teoría económica maioritaria

Destes xeito abórdanse as restantes hipóteses de investigación identificando os vínculos existentes entre o espírito emprendedor cooperativo e as necesidades individuais ao tempo que se identifica a relación positiva entre ambos e coa vontade de emprendemento neste modelo empresarial. En suma, cando un conxunto de persoas crea voluntariamente unha cooperativa de traballo é para satisfacer as súas necesidades económicas, sociais e culturais comúns, asumen un papel empresarial que se fai responsable do emprego equitativo e do desenvolvemento local.

Estes resultados reforzan, ao mesmo tempo os traballos realizados con anterioridade sobre a contribución da ES ao cumprimento da Axenda 2030 das Nacións Unidas. De feito, unha lectura conxunta destes resultados, sitúan ás entidades de ES (e, nomeadamente, ás entidades cooperativas) na senda de consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS). En concreto, estas organizacións teñen un papel protagonista no marco dalgúns dos obxectivos máis vinculados coa actividade económica e empresarial. Así, destaca a contribución realizada ao traballo por alcanzar os ODS 8 (traballo decente e crecemento económico) e ODS 10 (equilibrio e redución de desigualdades) e o ODS 5 (igualdade de xénero) ao seren inherentes aos principios do modelo empresarial cooperativo ao tempo que se descubriron como uns dos maiores motivadores na elección desta fórmula societaria para o emprendemento. Este feito reforza, consecuentemente, a pertinencia da investigación exposta.

Porén o traballo de investigación realizado contan con vairas limitacións que cómpre ter en conta. A principal refírese ás dificultades para xeneralizar os resultados fóra do contexto galego xa a maioría do traballo de campo se circunscribe a este. Así e todo, o seu fundamento teórico sólido admite o seu uso noutros escenarios. Se ben é certo que esta investigación abre futuras liñas de investigación como (pero non exclusivamente) outras investigacións comparativas e interculturais que examinen os motores da creación de cooperativas de traballo como alternativa emprendedora

Unha segunda limitación é que, aínda que o tamaño da mostra foi o suficientemente grande, non se puideron examinar os efectos potenciais das diferenzas de xénero porque o número de homes da mostra era pequeno, cuestión que debería abordarse en futuras liñas de investigación.

En conclusión, e aínda tendo en conta a limitacións sinaladas, a investigación que se presenta pon de mostra como un modelo de actividade empresarial con especial arraigo na

comunidade galega -as sociedades cooperativas- poden constituír unha fonte eficaz de emprendemento, contribuíndo á mellora da distribución territorial, ao uso de recursos endóxenos, e fomentando emprego de calidade. Un modelo societario con probada resiliencia a adversidades económicas, e cuxo modelo de xestión e funcionamento é especialmente atractivo para as mulleres. Un conxunto de organizacións, en última instancia, máis próximo a o sistema económico que debe primar no século XXI, circunscrito nun novo paradigma de actividade que combina o crecemento económico coa sustentabilidade.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

BIBLIOGRAFÍA

ACI. (1996). 74o Día Internacional de las Cooperativas de la ACI 2o Día Internacional de las Cooperativas de Naciones Unidas. Cooperativas para el desarrollo sostenible.

Ács, Z. (2006). How Is Entrepreneurship Good for Economic Growth? Innovations: Technology, Governance, Globalization, 1(1), 97–107. https://doi.org/10.1162/itgg.2006.1.1.97

Ács, Z. J., Autio, E., e Szerb, L. (2014). National systems of entrepreneurship: Measurement issues and policy implications. Research Policy, 43(3), 476-494. https://doi.org/10.1016/j.respol.2013.08.016

Ács, Z. J., Estrin, S., Mickiewicz, T., e Szerb, L. (2018). Entrepreneurship, institutional economics, and economic growth: An ecosystem perspective. Small Business Economics, 51(2) https://doi.org/10.1007/s11187-018-0013-9

Ács, Z. J., Estrin, S., Mickiewicz, T., e Szerb, L. (2017a). Institutions, entrepreneurship and growth: The role of national entrepreneurial ecosystems. SSRN Electronic Journal, https://doi.org/10.2139/ssrn.2912453

Ács, Z. J., José, A. E., e Amorós, E. (2008). Entrepreneurship and competitiveness dynamics in Latin America. Small Business Economics, 31, 305–322. https://doi.org/10.1007/s11187-008-9133-y

Ács, Z. J., Stam, E., Audretsch, D. B., e O'connor, A. (2017b). The lineages of the entrepreneurial ecosystem approach. Sma, 49, 1–10. https://doi.org/10.1007/s11187-017-9864-8

Ács, Z. J., e Szerb, L. (2007). Entrepreneurship, Economic Growth and Public Policy. Small Business Economics, 28, 109–122. https://doi.org/10.1007/s11187-006-9012-3

Albanese, M., Navarra, C., e Tortia, Ermanno. (2019). Equilibrium unemployment as a worker insurance device: wage setting in worker owned enterprises. Economia Politica, 36, 653–671. https://doi.org/10.1007/s40888-018-00139-z

Alianza Cooperativa Internacional. (1995). Principios Alianza Cooperativa Internacional (p. 2). p. 2.

Alianza Cooperativa Internacional. (2017). Notas de orientación para los principios cooperativos - ACI. 63. Retrieved from https://www.ica.coop/sites/default/files/publication-files/guidance-notes-es-2107251738.pdf

Álvarez, F. J., e Alarcón, M. Á. (2019). Relaciones entre los ODS, el Plan para una Década Cooperativa y el balance social en cooperativas La Implementación de los Objetivos de Desarrollo Sostenible (ODS): ¿Qué papel desempeña la Economía Social y Solidaria (ESS)? Inter-Agency Task Force on Social and Solidarity Economy, 25–26. Retrieved from https://knowledgehub.unsse.org/es/knowledge-hub/relaciones-entre-los-ods-el-plan-para-una-decada-cooperativa-y-el-balance-social-en-cooperativas-2/

Amin, A. (2013). The Social Economy: International Perspectives on Economic Solidarity (first). Retrieved from https://books.google.es/books?hl=es&lr=&id=qBFjDgAAQBAJ&oi=fnd&pg=PT5&dq=The+social+economy:+International+perspectives+on+economic+solidarity,+Zed+Books+Ltd.&ots=jXnrg5i_f8&sig=FLFxmtS9lZxT4QH1UnwttFkbDdg&redir_esc=y#v=onepage&q=The social economy%3A Int

Anderson, A. R., Drakopoulou Dodd, S., e Jack, S. L. (2012). Entrepreneurship as connecting: some implications for theorising and practice. Management Decision, 50, 958–971. https://doi.org/https://doi.org/10.1108/00251741211227708

Anthopoulou, T. (2010). Rural women in local agrofood production: Between entrepreneurial initiatives and family strategies. A case study in Greece. Journal of Rural Studies, 26(4), 394–403. https://doi.org/10.1016/j.jrurstud.2010.03.004

Apelqvist, K. (1996). Strategies for shared power between men and women in co-operatives. Review of International Co-Operation Vol.89 No 1/1996, 28–38.

Arando, S., Peña, I., e Verheul, I. (2008). Market entry of firms with different legal forms: an empirical test of the influence of institutional factors. International Entrepreneurship & Management Journal, 5, 77–95. https://doi.org/10.1007/s11365-008-0094-z

Arcas Lario, N., e Briones Peñalver, A. (2009). Responsabilidad social empresarial de las organizaciones de la economía social: valoración de la misma en las empresas de la región de Murcia. CIRIEC-España, Revista de Economía Pública, Social y Cooperativa, (65), 143–161.

Armen, A. A., e Demsetz, H. (1972). Linked references are available on JSTOR for this article : Production , Information Costs , and Economic Organization. The American Economic Review, 62(5), 777–795. Retrieved from https://knowledgehub.unsse.org/es/knowledge-hub/relaciones-entre-los-ods-el-plan-para-una-decada-cooperativa-y-el-balance-social-en-cooperativas-2/

Arroyo Sánchez, P. (2011). Perfil de la situción de la mujer en las cooperativas de trabajo en España. REVESCO Revista de Estudios Cooperativos, 105(2), 115–142. https://doi.org/10.5209/rev

Arruñada, B. (1998). Teoría contractual de la empresa

Audretsch, D. B., Keilbach, M. C., e Lehman, E. E. (2006). Entrepreneurship and Economic Growth. https://doi.org/10.1093/acprof:oso/9780195183511.001.0001

Austin, J., Stevenson, H., e Wei-Skillern, J. (2006). Social and commercial entrepreneurship: same, different, or both? Entrepreneurship: Theory and Pratice Journal, 30(3), 1–22. https://doi.org/https://doi.org/10.1111/j.1540-6520.2006.00107.x

Babío Arcay, M. R., e Jordán Rodríguez, M. (2006). In Xunta de Galicia (Ed.), Cooperativas de galicia informe de síntese. 2005

Babío Arcay, M. R., e Jordán Rodríguez, M. (2008). Cooperativas De Galicia Informe De Síntese. 2007 (Vol. 1). https://doi.org/10.1017/CBO9781107415324.004

Babío Arcay, M. R., e Jordán Rodríguez, M. (2010). Cooperativas de Galicia. Informe de Síntesis 2010. Xunta de Galicia.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Barreiro Gil, M. J. (2013). In Cooperativos Centro de Estudios, (CECOOP) (Ed.), As raices históricas do cooperativismo agrario en galicia (1890 - 1936) (1st ed.). Santiago de Compostela.

Bason, C. (2010). Leading public sector innovation (1st ed.). https://doi.org/10.2307/j.ctt9qgnsd

Bastida, M., e Olveira, A. (2018). Red Eusumo: una herramienta para el foemtno y la consolidación del cooperativismo y la economía social gallega. XVII Congreso Internacional de Investigadores En Economía Social y Cooperativa La Economía Social: Transformaciones Recientes, Tendencias y Retos de Futuro.

Bastida, M., Olveira, A., e Cancelo, M. (2018). Políticas públicas para a Economía Social en Galicia: Rede Eusumo (1st ed.; (Centro de EstudiosCooperativos) CECOOP, Ed.).

Bastida, M., Olveira, A., e Cancelo, M. (2019a). CLUN: Concentración por fusión de tres cooperativas lácteas en el cooperativismo agrario en Galicia. CIRIEC-Espana Revista de Economia Publica, Social y Cooperativa, (96), 29–64. https://doi.org/10.7203/CIRIEC-E.96.12915

Bastida, M., Olveira, A., e Cancelo, M. (2020a). Factores de atracción para el empredimiento cooperativo femenino. análisis del micro emprendimento en galicia. Economía social y solidaria y género. aportes transdisciplinarios desde europa y latinoamérica (pp. 49-78). Valencia: Tirant Lo Blanch.

Bastida, M., Olveira-Blanco, A., e Savall-Morera, T. (2020b). Medidas para el fomento y consolidación de un ecosistema favorable a la economía social en galicia. la red eusumo. CIRIEC-España, (98), 59-94. https://doi.org/10.7203/CIRIEC-E.98.15872

Bastida, M., Pinto, L. H., Olveira, A., e Cancelo, M. (2020c). Female Entrepreneurship: Can Cooperatives Contribute to Overcoming the Gender Gap? A Spanish First Step to Equality. Sustainability (Switzerland), 12, 2478. https://doi.org/10.3390/su12062478

Bastida, M., Vaquero García, A., e Cancelo, M. (2019b). La Ley de Economía Social de Galicia. In M. J. SENENT VIDAL e R. Chaves-Avila (Eds.), La regulación y fomento de la Economía Social en Valencia: regulación y políticas públicas (pp. 43–53). CIRIEC-España.

Bastida, M., Vaquero García, A., Cancelo Márquez, M., e Olveira, A. (2020d). Fostering the Sustainable Development Goals from an Ecosystem Conducive to the SE: The Galician's Case. Sustainability (Switzerland), 12, 500. https://doi.org/10.3390/su12020500

Bastida, M., Vaquero García, A., Pinto, L. H., e Olveira, A. (2021). Motivational drivers to choose worker cooperatives as an entrepreneurial alternative: evidence from Spain. Small Business Economics. https://doi.org/10.1007/s11187-021-00459-8

